

LUMK VIVO.

.AUTOORGANIZACIÓN ANTIIMPERIALISTA.



Juanlu González «A guerra imperialista hoxe: tácticas de dominación e resistencia» (p. 7) · **Iñaki Gil de San Vicente** «O antiimperialismo como luta permanente: desafíos históricos e actuais» (p. 21) · **Henry Boisrolin** «As orixes do antiimperialismo: teoría, praxis e importancia da América Latina e do Caribe» (p. 65) · **Maurício Castro** «Marx e as nacións» (p. 77) · **Christian Nader** «Eclósión, apoxeo e declive do imperialismo norteamericano» (p. 83) · **Laura Taffetanni** «Meniños e meniñas soldados: unha construción social perigosa para os proxectos revolucionarios?» (p. 127) · **Max Lioce** «Que facer?» (p. 135) · **Vicente da Veiga** «Marx e Engels: fractura metabólica e imperialismo» (p. 153) · **Miguel Rodríguez Carnota** «Xenocidio en tres actos» (p. 175) · **Kwame Nkrumah** «Introdución a “Neocolonialismo - última fase do imperialismo”» (p. 183) · **Daniel Seixo** «América latina fronte o imperialismo: independencia ou dependencia renovada?» (p. 199)
[total: 208 páxinas]

LUM< VIVE #0

AUTORGANIZACIÓN ANTIIMPERIALISTA

república.gal

Lume Vivo #0

Publicado 01-09-25

Director: Daniel Seixo

Realización técnica: republical.gal

Este proxecto xerminou no seo do colectivo antiimperialistas.com, dirixido por Txema Sánchez; a el e ao politburo expresamos o noso máis sincero agradecimento polo seu apoio incondicional.

A presente tradución e o traballo editorial son patrimonio da comunidade e publicanse baixo licenza Creative Commons Asignación-PartillaIgual-NonComercial 4.0 Internacional (CC-BY-SA-NC). Esta licenza, por exemplo, permite difundir copias deste traballo —incluíndo versións modificadas— para a formación da militancia, desde que se manteña a mesma licenza e non haxa fins lucrativos.

Agradecemos a túa contribución para a comunidade: se encontrases algún erro, suxestión de melloría ou acrecento, podes envialo para info@republica.gal

Este volume foi realizado integramente con software libre.

<i>A guerra imperialista hoxe: tácticas de dominación e resistencia</i>	
Juanlu González.....	7
<i>O antiimperialismo como luta permanente: desafíos históricos e actuais</i>	
Entrevistamos Iñaki Gil de San Vicente.....	21
<i>As orixes do antiimperialismo: teoría, praxis e importancia da América Latina e do Caribe</i>	
Henry Boisrolin <i>Coordinador do Comité Democrático Haitiano na Arxentina</i>	65
<i>Marx e as nacións</i>	
Mauricio Castro.....	77
<i>Eclósión, apoxeo e declive do imperialismo norteamericano</i>	
Christian Nader.....	83
<i>Meniños e meniñas soldados: unha construción social perigosa para os proxectos revolucionarios? (I)</i>	
Laura Taffetani.....	127
<i>Que facer?</i>	
Entrevistamos Max Lioce.....	141
<i>Marx e Engels, fractura metabólica e imperialismo</i>	
Vicente da Veiga.....	153
<i>Xenocidio en tres actos</i>	
Miguel Rodríguez Carnota.....	175
<i>Introdución a «Neocolonialismo — último estadio do imperialismo»</i>	
Kwane N'Krumah.....	183
<i>América Latina perante o Imperialismo. Independencia ou dependencia renovada?</i>	
Daniel Seixo.....	199

A guerra imperialista hoxe: tácticas de dominación e resistencia

Juanlu González

O termo imperialismo, no seu sentido común, refírese ás accións dun Estado para expandir o seu dominio sobre outros Estados a través do uso da forza militar, da política, da economía ou da cultura. No campo da ciencia política, no inicio do século XX, Lenin describiu a natureza do imperialismo con base nas teses marxistas sobre a evolución do capitalismo por medio de procesos de concentración progresiva do capital, o que fixo do imperialismo un concepto cunha carga marcadamente economicista.

Do contraste ou enfrentamento entre as visións informais e académicas emerxen diversos malentendidos na análise política da realidade. Entre eles, encóntrase a popularización do concepto de «interimperialismos contemporáneos» que, aínda que poida soar apelativo en conversas de café, carece de rigor científico no campo da análise xeopolítica. Aplicando a sistemática leninista, actualmente existe apenas un único imperio á escala global, e nen é preciso decer cal é. O mero facto dunha nación aspirar á expansión territorial non a torna un imperio, da mesma forma que un Estado que procura resolver unha disputa territorial histórica cun veciño non pode ser considerado imperialista. Como xa foi referido, do punto de vista académico, trátase dunha cuestión máis económica que política. Como dixo Mayer Rothschild: *«Dádeme o control da moeda dun país, e non me importa quen fai as leis»*.

Onde ambos os enfoques coinciden é no uso da coacción como método para impor o control sobre os Estados atacados por nacións imperialistas. No entanto, a coacción non é monolítica —abranxe desde

o uso da forza militar convencional até estratexias máis sutís e menos visíbeis, empregadas cando a transparencia pode revelarse contraproducente por suscitar reaccións populares contrarias, de cariz soberanista, fronte á acción imperial. É neste contexto que surxen os conceptos de poder brando (*soft power*) e até de poder intelixente (*smart power*), este último cuñado por Suzanne Nosel, conselleira de Hillary Clinton no Departamento de Estado e, máis tarde, directora de operacións da Human Rights Watch e directora-executiva da Amnesty International USA en 2012 e 2013. Para despois viren decer que as ONG son un «contrapoder»...

Aínda que estes tipos de poder «modernos» procuren disfrazar o factor forza perante a poboación que se pretende someter, é innegábel que o poder brando continúa a ser unha forma de coacción para alcanzar un obxectivo de dominación. O poder intelixente, promovido pola nosa pacifista e defensora dos dereitos humanos, preséntase como unha combinación do poder brando coa ameaza latente do poder clásico nas relacións internacionais —recorrendose a este último no caso de que o primeiro non consiga cumprir os seus fins de forma expedita.

Tácticas de dominación imperialista

1. Intervencións militares directas

As intervencións militares directas foron un instrumento recorrente na estratexia dos Estados Unidos para consolidar o seu poder e control ao longo do século pasado. Estas accións implican o uso explícito da forza armada para invadir e ocupar territorios, co obxectivo de garantir o acceso a recursos, mercados ou posicións xeopolíticas estratéxicas. Frecuentemente, estas intervencións son xustificadas con pretextos como a protección dos intereses nacionais, a promoción da democracia, a defensa dos dereitos humanos ou o combate ao terrorismo, aínda que as súas motivacións estean sempre ligadas á expansión económica e á explotación dos recursos e materias-primas do país intervido.

Exemplos notábeis inclúen a invasión do Afganistán en 2001, a do Iraq en 2003, ou os innúmeros golpes de Estado apoiados polos Estados

Unidos na América Latina ao longo do século XX. Estas intervencións xeran consecuencias devastadoras: conflitos prolongados, deslocamento masivo de poboacións, destrución de infraestruturas e imposición de gobernos dependentes de potencias hexemónicas.

2. Intervencións militares encubertas e cooperación con elites locais corruptas

O imperio e os seus aliados aprenderon que as invasións directas carrexan custos humanos, políticos e económicos extremadamente elevados e prolongados. Por iso, recorren cada vez máis a estratexias indirectas: organizan golpes de Estado, financian grupos rebeldes ou paramilitares, adestran forzas locais e, en vez de exércitos regulares, utilizan mercenarios (eufemisticamente chamados «contratantes privados») e organizan operacións encubertas.

Trátase de estratexias sutís, mais eficaces de control imperialista, que evitan a ocupación aberta e optan por accións clandestinas. Estas operacións visan desestabilizar gobernos independentes, facilitando a súa substitución por réximes monicreques. Un aliado fundamental neste proceso son as elites locais corruptas, que, en troca de beneficios económicos ou políticos, colaboran con potencias estranxeiras para perpetuar unha dependencia que garanta o acceso a recursos estratéxicos ou mercados.

O funcionamento deste mecanismo é fácil de comprender, razón pola cal acostuma ser disfrazado con propaganda e labia vacías. Unha vez controlado o país, as multinacionais imperiais asinan acordos de extracción de recursos naturais (hidrocarburos, litio, terras raras...) a prezos mui abaixo do mercado, destinando unha pequena parte dos lucros ao Estado colonizado e outra aos traidores colocados no poder a partir do exterior, que se manteñen pola forza e represión para asegurar o *status quo* colonial.

Un exemplo paradigmático son as revolucións de cores no espazo pos-soviético, como a Revolución das Rosas na Xeorxia (2003), a Revolución Laranxa na Ucraína (2004 e 2013) ou a Revolución das Tulipas no Quirguistán (2005). A pesar de presentadas como

movementos cidadáns pola democracia, contaron con instrución, dirección, apoio financeiro e loxístico de organizacións occidentais, co obxectivo de enfraquecer a influencia rusa e expandir a OTAN e a UE. Máis recentemente, as primaveras Árabes demostraron como o *hegemon* imperial e os seus aliados organizaron protestos para impulsar mudanzas de réxime en países como a Libia ou a Siria, deixando atrás de si guerra, caos, migracións masivas, entre outros desastres.

3. As sancións económicas como arma de guerra

As sancións económicas, cando aplicadas unilateralmente e sen mandato da ONU, violan o dereito internacional e tórnanse instrumentos de guerra encuberta. Baixo a designación de «medidas coercitivas unilaterais», potencias como os Estados Unidos impoñen bloqueos financeiros, restricións comerciais e conxelamento de activos co obxectivo de desestabilizar gobernos que desafían a súa hexemonía. Actualmente, máis de 30 países son albo deste tipo de prácticas ilegais. De acordo coa Carta das Nacións Unidas, apenas o Consello de Seguranza pode autorizar sancións colectivas; no entanto, Washington e os seus aliados utilízanas como ferramenta de chantaxe, colocando os seus intereses xeopolíticos encima da soberanía nacional.

Un exemplo paradigmático é o embargo ao Iraq (1990–2003), que, segundo estudos publicados na revista *The Lancet* (2000 e 2006), provocou máis de 650 mil mortes infantís por desnutrición e doenzas evitábeis, debido ao colapso na importación de alimentos e medicamentos. A antiga secretaria de Estado Madeleine Albright admitiu, en 1996, que o custo humano «valeu a pena», revelando a hipocrisía de quen xustifica estas medidas como «non violentas». Actualmente, sancións semellantes afectan países como a Rusia, Venezuela, Irán, Cuba e Nicaragua, entre moitos outros. Estas sancións non atinxen apenas os partidos no poder, mais tamén a saúde pública, a educación e as infraestruturas, converténdose en verdadeiras armas de destrución masiva non convencional.

O poder do dólar como moeda global reforza esta táctica: ao controlar sistemas financeiros como o SWIFT, os Estados Unidos

obrigan bancos e empresas de países neutros a cumprir as súas sancións baixo ameaza de multas ou exclusión do seu mercado. Un exemplo diso foi o caso do banco francés BNP Paribas, multado en 2014 en 8,9 mil millóns de dólares por operar con países sancionados. Así, as sancións non son apenas unha arma económica, mais tamén un mecanismo para perpetuar unha orde global desigual, onde a hexemonía financeira se converte nunha ferramenta de guerra silenciosa.

4. Dominación financeira e dependencia económica

Vladimir Lenin xa identificaba a dominación financeira como un instrumento central do imperialismo contemporáneo. A través do Fondo Monetario Internacional (FMI) e do Banco Mundial, establécense relacións de dependencia con países do Sur Global, que acceden a empréstitos baixo condicións rigorosas, normalmente asociadas a políticas neoliberais: redución do gasto público, privatización de servizos estratéxicos e abertura comercial. Estas medidas comprometen a autonomía económica dos Estados e priorizan os intereses das potencias e das corporacións estranxeiras en detrimento do desenvolvemento local.

Un exemplo paradigmático desta dependencia, aínda que protagonizado nesta ocasión pola Francia —unha das potencias imperialistas subordinadas aos Estados Unidos é o Franco CFA (actualmente Franco XOF e XAF), moeda imposta en 14 países africanos francófonos. Controlado polo Eliseu, este sistema obrigaba eses países a depositar 50% das súas reservas no Tesouro francés, sen calquera remuneración, mantendo así as súas economías subordinadas de forma permanente á metrópole.

Outra forma de control é a imposición obrigatoria do depósito das receitas provenientes de materias-primas en bancos occidentais. Após as sancións impostas a Moscova polo Occidente, tras o inicio da guerra na Ucraína, máis de 300 mil millóns de dólares en reservas rusas foron conxelados en institucións financeiras europeas e norteamericanas, evidenciando como o sistema financeiro internacional pode ser utilizado como instrumento xeopolítico. Neste momento, apenas os xuros deses

depósitos están a ser apropiados, mais a intención do Occidente, manifestada por diversas veces, é apropiarse da totalidade do importe, supostamente para cubrir os custos da axuda militar a Kiev ou futuras reconstrucións.

Do mesmo modo, o depósito de ouro de países periféricos en bancos centrais estranxeiros simboliza esta dinámica. O caso do ouro venezolano retido ilegalmente polo Banco de Inglaterra, a pesar das resolucións xudiciais internacionais, mostra como a soberanía económica pode ser violada, mesmo no ámbito legal.

En conxunto, estas prácticas reforzan unha estrutura global desigual, onde os países do Sur son sistematicamente marxinalizados no sistema financeiro mundial, en canto as potencias centrais utilizan mecanismos económicos como ferramentas de dominación.

5. Guerras culturais e hexemonía ideolóxica

O imperialismo non actúa apenas nos dominios económico ou militar; tamén procura impor unha visión do mundo. A través dos medios de comunicación globais, redes sociais, industria do entretemento e sistemas educativos influenciados por ideoloxías occidentais, promóvese un modelo cultural homoxéneo que lexitima a orde vixente.

Esta guerra cultural visa a erosión das identidades locais, o fomento de valores individualistas e consumistas, e a presentación como «modernos» dos modelos políticos e económicos promovidos polos centros imperiais. As narrativas mediáticas desempeñan un papel central: criminalizan líderes independentes, glorifican movementos opositores apoiados do exterior e xustifican intervencións baixo o disface dos dereitos humanos ou da democracia.

Á luz da propaganda de Hollywood e das crenzas populares, foron os EUA que venceron o nazismo e o fascismo na Segunda Guerra Mundial, a pesar dos datos do campo de batalla indicaren o contrario, a pesar de ser coñecido que científicos nazis encontraron unha nova vida nos

Estados Unidos, ou que a OTAN foi unha porta xiratoria para os comandos de Hitler.

É curioso como calquera país que se opoña á dominación imperial norteamericana se converte, invariabelmente, nunha ditadura, nun «réxime» violador dos dereitos humanos. Ou nun Estado onde se negan os dereitos das mulleres, mesmo sendo un dos países máis igualitarios do mundo, como foi o caso da Nicaragua.

Para fomentar este tipo de imaxe, o imperio conta cunha lexión de xornalistas pagados en todo o mundo, como ficou demostrado coa divulgación de certos documentos da USAID. E non só: tamén financia unha rede de ONG que utiliza para minar gobernos independentes, e que, en caso de necesidade, son activadas con fins violentos como células adormecidas —algo conceptualmente semellante á rede Gladio, organizada após a grande Guerra Patria. Quen sabe, por exemplo, que o líder que goberna a Siria nen sequera é sirio e é un terrorista da Al Qaeda a quen os gobernos occidentais prestan vasalaxe?

Quen sabe que os EUA crearon o terrorismo islámico e o utilizan diariamente para alcanzar os seus obxectivos xeopolíticos? Por detrás do veu que oculta a realidade, encóntrase a guerra cultural norteamericana, partillada polos seus vasalos occidentais.

6. Control tecnolóxico e cibernético

Na era dixital, o control da tecnoloxía tornouse unha nova fronteira do imperialismo. Xa non hai guerra que non teña unha compoñente cibernética: para neutralizar defensas aéreas, paralizar centrais enerxéticas, localizar armamento e tropas, entre outros.

Países como os Estados Unidos procuran dominar sectores estratéxicos como a intelixencia artificial, o 5G, a biotecnoloxía e o espazo cibernético, e tentan impedir que outras nacións teñan acceso a esas tecnoloxías, utilizando para iso mecanismos contrarios ao tan proclamado libre mercado. As empresas tecnolóxicas ligadas ao Estado norteamericano, como a Google, Facebook, Apple ou Microsoft, teñen

un peso desproporcionado na economía global, chegando a facturar máis que o PIB da maioría dos países do Sur Global.

Alén diso, a espionaxe cibernética, a sabotaxe dixital e o control de datos persoais permiten ás potencias imperialistas monitorizar e manipular información crítica. Con ferramentas como a intelixencia artificial e a explotación do Big Data, tórnase perfectamente plausíbel manter baixo control a poboación —sexa a propia, sexa a doutros países— para tornala albo de calquera tipo de operación de enxeñaría social, como as descritas ao momento anterior.

De aí provén grande parte das sancións impostas á China, como a prohibición do desenvolvemento do 5G no Occidente, as ameazas constantes contra o TikTok, ou a prohibición de exportar para Beijing chips con menos de 14 nm (*nanómetros*), *despois de 7 e de 5 nm, a pesar de empresas como a Huawei xa conseguiren producilos a 3 nm* con tecnoloxía propia. A corrida á computación cuántica tamén debe ser entendida neste contexto, xa que permitiría a construción de modelos predictivos complexos en segundos, un desenvolvemento practicamente ilimitado da IA e a capacidade de descifrar calquera código usado para protexer datos críticos.

Resistencia ao imperialismo o século XXI

Non hai acción sen reacción, nen ataque sen defensa. Perante unha ofensiva imperialista renovada, surxen novas formas de resistencia. Neste momento, o imperio encóntrase en franca decadencia, fronte ao ascenso de novas potencias rexionais e globais. Os Estados Unidos non perderon apenas a lideranza tecnolóxica militar, mais tamén o dominio económico, mostrándose verdadeiramente fráxiles canto ao acceso a materias-primas vitais para a industria tecnolóxica e de defensa, como os chamados «terras raras».

Alén diso, moitos dos países sancionados polos EUA teñen vindo a organizarse entre si para enfrentar o impacto das medidas coercitivas unilaterais, procurando sobrevivir sen acceso ao dólar, ao crédito internacional ou aos sistemas informáticos de transferencia bancaria (como o SWIFT) que posibilitan o comercio global. As derrotas recentes

no Afganistán e na Ucraína enfraqueceron aínda máis a imaxe da superpotencia e o seu poder disuasorio.

Vexamos, de forma sucinta, algunhas das formas de enfrentar o imperio que teñen sido postas en práctica un pouco por todo o planeta:

Gobernos antiimperialistas

A vangarda tradicional da luta antiimperialista é formada por un grupo de países que mantiveron, ao longo do tempo, a súa independencia e soberanía nacional, resistindo ás ambicións predatorias dos EUA, a pesar de ataques directos e múltiples tentativas de desestabilización. Países como a Venezuela, Bolivia, Nicaragua, Irán, Siria, Corea do Norte, Cuba... implementaron programas de nacionalización de recursos, integración rexional e alianzas estratéxicas fóra da esfera occidental, o que lles valeu o rotulo de ditaduras, de estados parias ou de gobernos a derrubar en nome dun suposto ben universal. A estes xuntáronse novos países do Sur Global, especialmente en África, que aos poucos van tomando nas mans o seu propio destino, á marxe do imperio e das súas potencias subordinadas, grazas ao apoio popular interno e ás alianzas con outras nacións libres e en desenvolvemento.

Mais se hoxe as posibilidades de libertación nacional son maiores que en décadas anteriores nos países en vías de desenvolvemento, iso débese ao poderío militar da Rusia, ás súas materias primas, e ao crecemento económico e tecnolóxico da China.

Movimentos sociais e resistencia popular

A resistencia non se limita aos gobernos. En todo o mundo, movementos sociais, sindicatos de clase, comunidades indíxenas, grupos altermundialistas, internacionalistas, antiimperialistas... están na liña da fronte da luta global contra as políticas impostas polo imperialismo. Todos os anos, millóns de persoas saen ás rúas a exixir xustiza social, soberanía e autodeterminación. Estes movementos, a pesar da súa diversidade e, por veces, contradicións internas, partillan un repudio

común ao sistema capitalista global e ás formas de opresión asociadas ao imperialismo.

Aínda que enfrenten represión e criminalización, representan unha forma crucial de resistencia a partir da base, pondo en dúbida as estruturas de poder globais e propondo alternativas baseadas na xustiza social, na soberanía nacional e no respecto polo ambiente.

Integración rexional e cooperación Sur-Sur

Un dos aspectos centrais da resistencia antiimperialista é a construción de alternativas económicas e diplomáticas á orde imperialista. Entre todas, merecen destaque iniciativas como os BRICS e o seu Banco de Desenvolvemento. En constante crecemento e con longas listas de espera para adhesión, camiña lentamente para un sistema financeiro propio e independente. Son tamén dignos de mención o Banco Asiático de Inversión en Infraestruturas (AIIB) e o Sistema de Pagamentos Internacionais SPFS (ruso), que ofrecen opcións fóra do control do dólar e do sistema SWIFT occidental.

Con estas estruturas, é hoxe posíbel vivir á marxe do control occidental, do Banco Mundial, do FMI e do restante aparato económico de dominación imperial.

Do mesmo modo, bloques rexionais como a ALBA (América Latina), CELAC, ASEAN, Unión Africana, Unión Económica Euroasiática (UEE) e a Organización para a Cooperación de Xangai traballan para reforzar a cooperación económica e política sen a intervención das potencias imperiais.

Descolonización cultural e recuperación de identidades

Outra forma de resistencia antiimperialista é a recuperación das identidades culturais, linguas orixinarias, saberes ancestrais e modos de vida sustentábeis. Esta descolonización cultural procura contrariar a hexemonía ideolóxica do imperialismo e reconstruír subxectividade colectivas baseadas na dignidade, na comunidade e na relación harmoniosa coa natureza. Este proceso implica cuestionar a visión

eurocéntrica da historia, promover sistemas educativos propios, revitalizar linguas indíxenas e protexer expresións artísticas e espirituais tradicionais. Oponse, igualmente, á apropiación cultural e ao mercantilismo que transforma identidades en produtos de consumo global.

A recuperación das identidades propias fortalece a autonomía dos pobos e contribúe para a construción de sociedades máis xustas e inclusivas, onde a diversidade cultural sexa recoñecida como un valor fundamental perante un imperialismo global, homoxeneizador e unidimensional.

Luita no terreo informativo e comunicacional

A luita no terreo informativo e comunicacional contra o imperialismo é crucial na era da información. Consiste en enfrentar a manipulación, a propaganda e o control mediático exercido polas potencias imperiais e seus aliados. Esta resistencia maniféstase como unha verdadeira guerrilla comunicacional, onde colectivos, medios alternativos, xornalistas independentes e activistas utilizan ferramentas dixitais, redes sociais e plataformas propias para difundir información verídica, combater a desinformación e dar visibilidade ás luitas populares que os grandes medios ignoran ou deturpan.

Trátase de construír unha especie de fronte mediática da resistencia antiimperialista, capaz de contrariar a narrativa dominante con historias, imaxes e discursos que denuncien a explotación, as intervencións encubertas e as violacións de dereitos humanos promovidas polo imperialismo. Esta fronte debe articular experiencias de comunicación comunitaria, xerar contidos en distintos formatos —audiovisuais, gráficos, radiofónicos— e usar o humor, a arte e a creatividade como armas simbólicas. O seu obxectivo non é apenas informar, mais formar consciencia, mobilizar e construír identidade colectiva perante o poder imperial.

Neste sentido, a comunicación tórnase unha arma de libertación: cada vídeo, artigo ou transmisión en directo pode ser unha barricada informativa contra a orde dominante. A guerra imperialista do século

XXI nen sempre se traba en campos de batalla con tanques e soldados. As súas frentes están nos parlamentos, nos mercados financeiros, nas redes sociais, nos satélites espaciais e nas consciencias colectivas. Mais onde hai dominación, tamén hai resistencia. E aínda que os desafíos sexan enormes, a historia ensínanos que o imperialismo pode ser vencido cando os pobos se unen en torno a proxectos de libertación, xustiza e solidariedade.

A luta contra o imperialismo non é apenas unha cuestión de soberanía nacional, mais de sobrevivencia humana. Nun mundo marcado pola crise climática, pola desigualdade extrema e pola concentración do poder, construír alternativas xenuínas é unha tarefa colectiva que envolve todos os habitantes do planeta.

O antiimperialismo como luta permanente: desafíos históricos e actuais

Entrevistamos Iñaki Gil de San Vicente

O estrondo dos cañóns da OTAN na Ucraína, a dor dun xenocidio transmitido en directo a partir da Palestina, a sombra da intervención militar que paira sobre o Sáhel e as crecentes tensións xeoestratéxicas no Mar do Sur da China non son fenómenos isolados nen caprichos da historia. Son as manifestacións máis evidentes e brutais dunha lóxica sistémica que, lonxe de desaparecer, define cunha virulencia renovada o mapa do século XXI. Esa lóxica ten un nome que, durante décadas, foi relegado para o soto da historia polo pensamento hexemónico, mais que hoxe resoa cunha urxencia incontornábel: o imperialismo.

Após o colapso do bloque soviético, foinos anunciado o «fin da historia». Nese novo ordenamento, o concepto de imperialismo foi vaciado do seu contido científico e político, transformado nunha reliquia ou, na mellor das hipóteses, nun insulto vago. As correntes pos-modernas, coa súa desconfianza fronte aos «grandes relatos», contribuíron para este desarmamento teórico, fragmentando a crítica e dificultando á clase traballadora a comprensión da globalidade capitalista. O resultado foi unha desorientación estratéxica, unha incapacidade para ligar os puntos entre a explotación económica, a opresión nacional, a guerra e a destrución ecolóxica.

É precisamente para combater esa desorientación que nace o proxecto *Lume Vivo*. Non surxe dun vacío académico nen dunha iniciativa editorial convencional —non é o lucro económico ou o prestixio que nos move. É o decantado natural dun proceso colectivo, forxado nas tertulias e debates do colectivo *antiimperialistas.com* durante os días incertos do confinamento. Naquel encerramento global,

en canto o sistema deixaba a descuberto as súas costuras máis fráxiles, un grupo de militantes sentiu a necesidade imperiosa de se rearmar teoricamente, recuperando as ferramentas críticas para comprender un mundo en convulsión. *Lume Vivo* é, por iso, a materialización desa necesidade: unha publicación que aspira a ser chama para o debate, farol para a acción.

Non é por acaso que o seu percorrido se inicie coa publicación desta entrevista profundada con Iñaki Gil de San Vicente. Para inaugurar un proxecto que pretende lanzar as bases dun debate antiimperialista rigoroso e actual, era necesario recorrer a unha das voces máis lucidas e comprometidas do marxismo contemporáneo. Pensador e militante de vastísima traxectoria, enraizado na luta máis combativa do Movemento de Libertación Nacional Vasco, Gil de San Vicente encarna a síntese entre o estudo profundo da teoría e o compromiso inabalábel coa praxis. O seu pensamento, afiado na análise de *O Capital* e forxado nas luitas do pobo vasco, non é unha reflexión abstracta, mais si unha ferramenta para a intervención política.

A conversa desenvolvida a seguir é muito máis que unha simple entrevista: é un seminario intensivo, un percorrido exhaustivo pola xenealoxía, anatomía e horizonte da luta antiimperialista. O diálogo comeza por asentar as bases, explotando como Marx e Engels anticiparon unha teoría que sería plenamente desenvolvida polas xeracións seguintes. Mergúllase na contribución monumental de Lenin, analisando *O Imperialismo, fase superior do capitalismo* non como un texto sagrado e inmutábel, mais como un método de análise vivo, cuxa esencia —a fusión do capital bancario co industrial, a exportación de capitais e a repartición do mundo— continúa a ser unha chave mestra para descifrar o presente.

A partir de aí, a nosa conversa avanza para mostrar como a teoría se enriqueceu e transformou á calor das luitas concretas. Examínase o papel crucial da III Internacional na tentativa de forxar unha fronte mundial que superase as fronteiras da Europa e, sobre todo, dáse o protagonismo merecido ás contribucións decisivas dos movementos de libertación do mal chamado «Terceiro Mundo». A grandeza desta

entrevista reside na súa capacidade de tecer un fio vermello que liga a teoría europea á praxis descolonizadora de África, da Asia e da nosa América.

E trillando o camiño das nosas máis profundas tradicións de luta e resistencia, mergullamos no pensamento de Frantz Fanon, para quen a violencia revolucionaria non é apenas un acto táctico, mais un proceso catártico de desintoxicación psicolóxica e de rehabilitación do colonizado. Explotamos, con Ngũgĩ wa Thiong'o, como a «bomba cultural» —a imposición da lingua e da visión do mundo do opresor— constitúe unha arma tan letal como as baionetas, e como a luta pola memoria e pola cultura propia se converte nunha fronte de batalla indispensábel.

O resultado é un mapa conceptual dunha riqueza extraordinaria. Gil de San Vicente, coa súa característica pedagogía militante, desvela a dialéctica indisociábel entre luta de clases e libertación nacional, demostrando que un pobo que oprime outro non pode ser libre. Ofrécenos as chaves para entender porque a autodeterminación dos pobos non é unha concesión abstracta, mais unha condición material para enfraquecer o imperialismo. E, finalmente, interpélanos sobre as tarefas do presente: que tipo de organización, que formas de contrapoder e, fundamentalmente, que internacionalismo político necesitamos para enfrentar un capital que, na súa fase senil e cada vez máis destrutiva, nos arrastra para a barbarie.

Este texto, por tanto, non é apenas o brillante número inaugural de *Lume Vivo*. É un documento fundamental, un compás preciso para navegar na tempestade do noso tempo. É un convite a pensar dialecticamente para axir, en consecuencia, unha ferramenta para todos os que comprenden que o antiimperialismo non é unha opción, mais unha necesidade histórica. Unha chama viva para iluminar os camiños da emancipación nun mundo que clama, con urxencia, por ser transformado desde a raíz.

1. Como definirías o antiimperialismo a partir dunha perspectiva marxista?

O antiimperialismo é a síntese profunda de todas as luitas contra o capital; é o fio vermello que liga as resistencias que enfrentan, directa ou indirectamente, o capitalismo e, sobre todo, aquelas que superan a fase de resistencia democrático-radical para avanzar na construción de forzas comunistas. No capitalismo actual, non existe calquera situación ou esfera social que estea libre do control —aberto ou encuberto, próximo ou distante— do imperialismo, como veremos. Isto fai que calquera reivindicación local e isolada, que á primeira vista así o pareza, conteña, no entanto, un contido obxectivamente antiimperialista, independentemente da consciencia subxectiva dos seus participantes, mesmo cando estes non o negan ou rexeitan.

No capitalismo actual, o antiimperialismo enfrenta moitas máis frentes de luta polo socialismo e pola independencia dos pobos que nunca, máis que os que existían en 1916, hai 109 anos, cando Lenin escribiu —e autocensurou— a súa obra, *O imperialismo, fase superior do capitalismo*, para burlar a represión tsarista. Non estamos perante un capitalismo cualitativamente distinto, como pretendían certas modas reaccionarias que parolaban sobre a «globalización», a «nova economía», a «economía intelixente e inmaterial», ou sobre o «imperio» e a «multitude» á la Negri, ou aínda sobre os «significantes vacíos», etc. Non, non existe ningún «novo» capitalismo que anule de forma definitiva o valor teórico e político da teoría marxista do imperialismo.

O capitalismo actual continúa a ser, esencialmente, o mesmo que o de 1916, o mesmo que o de 1900, cando se comezou a estudar aquela novidade que chamaban «imperialismo»; o mesmo que o de 1894, cando Engels sinalou a importancia adquirida polo entón chamado «capital-diñeiro» —hoxe coñecido como «capital financeiro»—; o mesmo que o de 1867, cando foi publicado *O Capital* e os seus manuscritos preparatorios, que serían editados en 1885, 1894 e 1905. O núcleo do capitalismo continúa a ser a explotación da forza de traballo para acumular capital, que será reinvestido para expandir esa mesma acumulación. As crises xenético-estruturais do capital surxen precisamente cando esa acumulación abranda e, máis tarde, se interrompe, por diversos motivos. Como veremos, a pasaxe da fase colonialista á fase imperialista foi precisamente unha consecuencia das

medidas adoptadas pola burguesía para saír da crise de acumulación provocada pola primeira grande Depresión, entre 1873 e 1899, por medio dun conxunto de medidas que, no seu conxunto, revelan o que era o imperialismo no primeiro terzo do século XX.

Desde a Segunda Guerra Mundial, desde 1945, o imperialismo, como veremos, desenvolve novas formas sen, no entanto, deixar de ser imperialismo —tal como, a un nivel cualitativamente superior, o capitalismo continúa a ser, en esencia, o mesmo desde os séculos XVI e XVII, aínda que pasase por diversas expresións, formas e fases, adaptadas ás distintas zonas de explotación con que procura expandir a acumulación. É verdade que a categoría de esencia é aquí fundamental, como o é en todo, da mesma forma que o é a unidade de contrarios entre esencia e fenómeno— aínda que, neste momento, só poidamos desenvolver estas ideas de forma elemental.

A esencia é o que identifica un proceso, o que distingue unha cousa das restantes, o que determina a súa cualidade específica e distinta dos outros procesos e cousas. O fenómeno é a expresión externa que a esencia vai adquirindo no seu movemento e complexificación crecentes. O fenómeno revela algunhas das características da esencia á cal está unido e da cal é inseparábel, podendo chegar o momento en que esencia e fenómeno fúndense e, despois, sepáranse, de tal forma que o fenómeno se transforma na esencia dun novo proceso e viceversa.

Durante a Segunda Guerra Mundial, o imperialismo comezou a presentar fenómenos, formas e dimensións novas que reflectían a complexificación da súa esencia. Ou sexa, por un lado, as súas características esenciais tornábanse máis agudas; por outro, desenvolvíanse no seu interior outras novas, inexistentes até entón. É fácil recorrer á invención da bomba atómica como exemplo do inicio da nova fase do imperialismo —o que é verdade—, mais é insuficiente, pois a bomba representa apenas a expresión máis brutal dun conxunto de transformacións do capitalismo iniciadas após a segunda grande Depresión de 1929, unha crise xenético-estrutural nacida das entrañas do imperialismo. Ao longo das páxinas seguintes, observaremos o que

envellece, o que permanece e as formas novas con que o capitalismo e o imperialismo se presentan.

2. Como anticiparon Marx e Engels unha teoría antiimperialista? Cales son as raíces teóricas do imperialismo no marxismo?

Boa parte da obra de Marx e Engels foi escrita nunha época en que a palabra «imperialismo» aínda non existía ou mal era utilizada —a partir de 1860— por políticos franceses e, sobre todo, por ingleses xa lanzados, sen disfrace, na expansión do seu capitalismo á custa dos pobos do mundo, en especial daqueles que sufreran pouco ou nada co saqueo colonialista. O primeiro ministro británico Disraeli expresaba esta lóxica de forma brutal xa en 1878. Con todo, nesa altura, Marx e Engels xa leran, criticado e superado as ideas de Hegel sobre a universalidade, e xa abordaran a tendencia do capital para a mundialización das súas forzas produtivas. Xa en 1852 utilizaban o termo «imperialismo», aínda coa connotación de dominio político baixo Napoleón III. A partir de 1860, Francia, os Estados Unidos e, máis tarde, a Alemaña comezaron a protexer as súas economías fronte á potencia británica.

Marx e Engels criticaron ferozmente o colonialismo e estudaban con afincio a resistencia crecente dos pobos precapitalistas ás invasións occidentais. Xa tomaran partido pola independencia revolucionaria da Irlanda e da Polonia, apoiado a lexitimidade da revolta anticolonial india de 1857 —esmagada de forma inhumana—, así como a doutros pobos. É particularmente ilustrativa a súa opinión de que a independencia da Polonia e da Irlanda exixía unha reforma agraria radical que devolvese o poder ao pobo. No caso irlandés, esta tese é aínda máis concreta: a Irlanda precisaba de se libertar politicamente da Inglaterra, e, ao mesmo tempo, de realizar unha revolución agraria e adoptar unha política aduaneira que protexese a súa economía dos tentáculos ingleses. Hoxe, estas propostas artículanse directamente coas luitas dos pobos pola independencia antiimperialista e socialista.

Tamén son mui importantes, para o tema que aquí nos ocupa, as súas ideas sobre a capacidade de resistencia anticolonial dos pobos e Estados

con propiedades comunais, con comunas camponesas, pobos que as defendían tenazmente, resistencias que anticipaban moitas das luitas antiimperialistas actuais en defensa ou en recuperación dos seus recursos colectivos. Na década de 1870, Marx e Engels chegaron á conclusión de que as revolucións xa non comezarían por e na Europa, mais si na Asia e especialmente na Rusia. A súa visión da luta de clases á escala mundial enriquecíase co estudo das resistencias anticoloniais de pobos precapitalistas, e coa análise do impacto que as súper ganancias obtidas co colonialismo tiñan na capacidade de alienación, suborno e integración do proletariado occidental, unha vez que permitían á burguesía realizar algunhas pequenas reformas e concesións sociais. En 1916, Lenin designaría estas camadas sociais integradas na orde burguesa como «aristocracia operaria».

Estas e outras opinións de Marx e Engels eran inseparábeis do desenvolvemento teórico que, para o que agora nos interesa, podemos sintetizar na teoría das crises, ou máis concretamente na lei xeral da acumulación de capital e na lei tendencial da caída da taxa media de lucro. A necesidade cega do capitalismo de aumentar os seus lucros — necesidade que enfrenta obstáculos crecentes debido ao declive das taxas de rentabilidade— lévao a expandirse polo mundo a calquera prezo. Marx expuxo as contramedidas que retardan a medio e longo prazo a tendencia para a caída dos lucros, e que hoxe podemos actualizar da seguinte forma: intensificar a explotación; reducir custos; aumentar a produtividade; ampliar mercados; aumentar a procura; deslocalizar empresas e exportar capitais, etc. Mais, en última instancia, provocar guerras con dous obxectivos fundamentais: saquear, espoliar, roubar, e destruír forzas produtivas, eliminar competencia, para tentar reiniciar unha nova fase expansiva de acumulación de capital, que é o aspecto decisivo.

Estas e outras reflexións críticas surxían da necesidade urxente de descubrir as causas socioeconómicas das atrocidades cometidas polas grandes potencias que transitaban do colonialismo para a fase imperialista, entón prestos a irromper de forma definitiva. A crítica teórica estaba ligada á crítica práctica, e desde 1884 endureceuse na Alemaña o debate sobre os gastos militares e sobre o colonialismo. En

1885, dous anos após a morte de Marx e en canto Engels se encontraba mergullado no traballo de descifrado dos seus «xeróglifos» o socialista E. Belfort Bax publicou un libro pioneiro sobre imperialismo e socialismo, no cal fixaba ideas centrais, como a de que o imperialismo procuraba países a invadir cos seus excedentes. Ao final desa década de 1880, o norteamericano Wilshire, socialista radical, comezou a estudar a orixe e o desenvolvemento do capital monopolista nos Estados Unidos como resultado das leis de concentración e centralización descubertas por Marx algúns anos antes, publicando, en 1901, outro libro pioneiro sobre o tema.

Entre tanto, Engels escribiu *A Bolsa* en 1895, no Prefacio ao Libro III de *O Capital*, un pequeno texto que é unha das súas últimas obras, onde explica, en sete puntos, como o capitalismo evolucionara desde a primeira edición de *O Capital*, case trinta anos antes, cando a bolsa era un «*elemento secundario*» —en itálico no orixinal— como salienta no punto 2, en contraste co papel decisivo do sistema bancario ao final do século XIX. No punto 6, Engels afirma que todos os investimentos no estranxeiro son feitos mediante accións, e no punto 7 escribe que o colonialismo da época é «unha simple sucursal da bolsa», ao servizo da cal as potencias se reparten o mundo.

A Bolsa é unha crítica radical ás novas formas do capitalismo, o que non podía ser aceptado pola corrente reformista que crecía no seo da II Internacional. Que Engels se encontraba á cabeza dos economistas burgueses vese no facto dun dos máis importantes entre eles, o norteamericano Paul Reinsch, publicar en 1900 un estudo que corroboraba o que Engels escribira cinco anos antes: o papel da Banca no financiamento de proxectos no estranxeiro. Unha das cualidades de Lenin foi a de saber recoller o que había de válido neste autor e integralo na súa propia obra.

Entre tanto, en 1896, Bernstein atacou a teoría marxista defendendo o «bon colonialismo», «civilizador», aquel que leva a paz e o benestar aos «atrasados e salvaxes». A discusión sobre o colonialismo intensificouse desde entón. En 1900 realizáronse dous debates sobre o imperialismo: un no SPD, na Alemaña, e outro na Internacional Socialista, en París. En

ambos, Rosa Luxemburg destacou-se pola súa crítica profunda ao militarismo como unha das novas características do capitalismo da época. Aínda faltaban 12 anos para escribir a súa obra *A Acumulación do Capital*, como veremos, e xa comezaba a ser apuntada como unha das representantes máis sólidas da esquerda marxista. En 1901, Kautsky desenvolvera algunhas ideas sobre o avance do colonialismo e as tarefas sindicais nese contexto, insinuando puntos que máis tarde se multiplicarían co debate sobre o imperialismo.

En 1902, Hobson, que non era marxista, mais unha especie de socialdemócrata que pretendía reformas en beneficio do pobo, popularizou definitivamente o termo «imperialismo», que, segundo el, surxía sobre todo da necesidade dos países ricos de colocar os seus capitais excedentarios noutros países, reducindo así a posibilidade de crises internas. Lenin leu Hobson ese mesmo ano, durante a súa viaxe a Londres, e gardou as citacións que fixo, até as retomar en 1915. Naquela altura, Hobson era pouco coñecido entre os estudosos da economía. Para Lenin, este autor era «útil en xeral» —pois ofrecía, na súa época, unha visión teórica que reunía moitas perspectivas parciais.

Os debates sobre o colonialismo, o militarismo, a guerra e, en menor medida, aínda sobre o imperialismo en concreto, íanse tornando máis duros, e en 1905 Kautsky —a quen voltaremos— atacaba directamente a corrente de Bernstein ao analizar a vitoria do Xapón sobre a Rusia. Tamén en 1905 e 1907, Otto Bauer, teórico austromarxista, publicou dous textos sobre o colonialismo e a opresión nacional, nos cales falaba explicitamente do imperialismo e do dereito das nacionalidades á autonomía nacional e cultural, aínda que sen romper co dogma do Estado unitario, politicamente centralizado e culturalmente descentralizado. Entre tanto, o primeiro xenocidio rexistrado con ese nome foi o do pobo hereró, na Namibia, perpetrado pola Alemaña, o que acirrou aínda máis o debate na II Internacional en 1907 —ano en que tamén se realizaron outros congresos e debates nos cales o imperialismo e o militarismo xa eran plenamente equiparados ao colonialismo. Pola súa importancia, voltaremos a estes acontecementos na resposta á pregunta seguinte.

Por baixo destas discusións cada vez máis tensas fervellaban contradicións esenciais do capitalismo desde a súa orixe embrionaria — por exemplo, a partir da opresión etnonacional inhumana do escravismo portugués en África, desde mediados do século XV, e da invasión da nosa América desde o final dese mesmo século. Desde esas brutalidades até o xenocidio dos hererós na Namibia, realizado pola Alemaña, pasando pola sanguenta historia intermedia, decorre un longo percorrido cada vez máis violento, marcado pola dialéctica entre a luta de clases interna e as guerras de expansión colonialista. A revolución de 1905 revelou de forma crúa o desenrolar desas contradicións e, ao mesmo tempo, abriu unha nova dinámica práctica e teórica, sen a cal non comprenderemos parte do impacto de Lenin.

3. Que contribución deu Lenin co seu libro *O Imperialismo, Etapa Superior do Capitalismo*?

As contradicións agravadas pola revolución de 1905 no seo da II Internacional reventaron en 1910, cando se confrontaron aqueles que defendían a greve xeral revolucionaria para tomar o poder e aqueles que, polo contrario, defendían o parlamentarismo burgués como o único e exclusivo camiño pacífico e gradual para o socialismo. Aínda que nesa altura non se discutise exclusivamente o imperialismo, comezaron a delinear posicións que colidirían máis adiante. A ala reformista, representada por Kautsky, sustentaba que o imperialismo non era unha necesidade socioeconómica cega, obxectivamente inevitábel, decorrente da esencia do capital para superar as súas crises a través da sobreexplotación e de guerras inxustas, mais si unha saída parcial, limitada o tempo, que podería ser revertida por medio de acordos de desarmamento e convencións internacionais que o prohibisen. A ala revolucionaria, representada por Rosa Luxemburg, afirmaba que o imperialismo só podería ser derrotado a través da revolución socialista, da destrución do exército burgués, da creación do pobo en armas, etc.

A importancia crítica do debate sobre a militarización imperialista tornouse evidente en 1911, cando a guerra entre Francia e Alemaña estivo presta a estalar, após o navío alemán *Panther* —curiosamente o

mesmo nome dun tanque nazi de 1943— estar pronto para disparar contra outro navío francés no porto marroquí de Agadir. Unha situación menos tensa xa ocorrera en 1906, resolta con algunha facilidade, mais a de 1911 estivo á beira do conflito. Ambas as potencias disputaban o dominio de zonas estratéxicas a partir das cales penetrar no Sáhara e controlar o Mediterráneo Occidental. Esa crise reavivou o debate na II Internacional, pois se tornaba evidente a proximidade dunha guerra. A dereita e o reformismo da II Internacional, representados por Bernstein e Kautsky, insistiron nas súas respectivas teses, e a esquerda precisou aínda máis as súas, que, no plano teórico, foron publicadas en 1913 no libro *A Acumulación do Capital*, de Rosa Luxemburg, cuxo subtítulo — suprimido en muitas edicións— é *Unha Contribución á Explicación Económica do Imperialismo*. As últimas páxinas deste libro son impresionantes.

A morte de Ngũgĩ wa Thiong'o, ao final de maio de 2025, volta a actualizar Fanon, sobre todo no que debemos chamar «guerra de libertación cultural» que, dito de forma máis sintética, formaría parte daquilo que Fanon definiu antes como «luta armada simbólica». Para moitos de nós, o autor ten dúas obras especialmente importantes: unha é *Descolonizar a mente*, de 1986, publicada en castelán en 2015, e a outra é *Deslocar o centro*, de 1993, editada en castelán en 2017. Debemos comezar pola primeira obra, *Descolonizar a mente*, tentando resumila en catro parágrafos.

Un: «Os séculos XVIII e XIX, a Europa roubou innúmeros tesouros artísticos africanos para decorar as súas casas e museos. O século XX, a Europa está a roubar os tesouros da mente para enriquecer as súas linguas e culturas. África precisa de recuperar o control da súa economía, da súa política, da súa cultura, das súas linguas e de todos os seus escritores patrióticos».

Ngũgĩ fai ben en referir o século XVIII como o momento a partir do cal se xeneralizou o saqueo cultural, porque é ese século que a burguesía europea toma consciencia do poder explotador que detén e decide adoñar o seu cotián con « cousas exóticas ». O século XVII, o barroco era pouco adecuado para decorar a casa da nova burguesía colonialista holandesa e inglesa, en canto o neoclásico permitía xa maiores facilidades nese sentido. Os ricos comerciantes querían mostrar o seu novo estatuto nas súas casas e espazos de convivio, e a posesión de arte africana, india, persa, chinesa, americana... revelaba tamén poder económico-militar e exuberancia estética. A partir do século XX, o roubo amplíase á mente, á «fuga de cerebros», porque para superar as crecentes dificultades de acumulación do capital é imprescindible aumentar o capital constante, a tecnociencia, o que exige descualificar a mente colonizada para a reducir a forza produtiva.

Dous: «A tradición imperialista en África é hoxe mantida pola burguesía internacional a través das multinacionais e, claro, polas clases dirixentes nativas, que axitan as bandeiras nacionais. A dependencia económica e política desta burguesía neocolonial africana reflíctese na súa cultura de imitación e repetición, que impón a unha poboación adormecida con botas policiais, arame farpado e un clero e un aparello xudicial compracentes. Difunden as súas ideas mediante un grupo de intelectuais estatais, os académicos e os xornalistas laureados do *establishment* neocolonial».

A cultura da repetición e da imitación é unha cultura morta, porque non pode ser crítica nen creativa, xa que asume e reproduce as correntes económicas que a prenden ao imperialismo, acepta os muros que lle impiden de ver o horizonte para alén dos dogmas interconectados na mente colonizada e, en especial, reforza a lóxica da explotación, da propiedade privada. A cultura africana ten as súas raíces na vasta extensión de bens comunais, como xa dixemos. A súa expropiación e privatización por vía das invasións occidentais reforzouse, como algo inevitábel, pola destrución paulatina da cultura comunal e pola imposición, primeiro, da cultura estranxeira da obediencia á propiedade imperialista e, despois, dunha cultura colaboracionista e servil perante o invasor. As seitas cristiás e a xustiza occidental imposta en África desempeñan aí o seu papel.

Tres: «A tradición da resistencia é hoxe mantida polos traballadores (os camponeses e o proletariado urbano), coa axuda dos estudantes patriotas, dos intelectuais (sexan ou non académicos), dos soldados e doutros elementos progresistas das clases medias menos privilexiadas. A resistencia reflíctese na defensa patriótica das orixes camponesas e proletarias das culturas nacionais, na defensa da luita democrática de todas as nacionalidades que habitan un mesmo territorio».

Ngũgĩ reactiva aquí o clásico debate sobre o suxeito revolucionario nas sociedades onde a industrialización aínda non se enraizou, e nas cales o compoñente maioritario é o que el describe. Xa falamos deste debate antes, mais o que aquí nos interesa é a participación deste suxeito colectivo na «guerra cultural» e no desenvolvemento da cultura

popular que recupera as tradicións comunais, recriándooas como armas decisivas de libertación antiimperialista. O patriotismo que aquí se presenta é o das nacións traballadoras que, asumindo as súas lóxicas diferenzas, se enfrentan con e por obxectivos históricos comúns contra as súas burguesías colaboracionistas.

Catro: «A arma máis perigosa que o imperialismo empuña e, de facto, utiliza todos os días contra ese desafío colectivo é a bomba da cultura. O efecto dunha bomba cultural é aniquilar a crenza dun pobo nos seus nomes, nas súas linguas, no seu medio natural, na súa tradición de luta, na súa unidade, nas súas capacidades e, en última instancia, en si propio. Fai que vexan o seu pasado como unha terra árida, desprovista de conquistas, e queiran afastarse del. Lévaos a querer identificarse con aquilo que lles é máis distante —por exemplo, coas linguas doutros pobos en vez das súas propias. Lévaos a identificarse co que é decadente e reaccionario, todas as forzas que sufocaríanse de bon grado as fontes da súa vida. Chega mesmo a lanzar dúbidas profundas sobre a lexitimidade moral da luta».

Á potencia ocupante urxe destruír a identidade da nación traballadora, sobre todo a súa memoria, tradición e moral de combate, aquela que lle recorda sempre que foi libre no pasado e que, se quixer voltar a selo, terá que lutar contra a «bomba cultural» do imperialismo. Ngũgĩ non podería decelo de forma máis directa: a «bomba cultural» procura aniquilar os nomes, as linguas, as formas de identificación co medio natural construídas ao longo de séculos baixo o abrigo da produción e repartición comunais. Un arrasamento da personalidade colectiva para impor linguas, nomes, normas e referencias do invasor —traídos de mui lonxe e que apenas poden florecer por medio da violencia material e simbólica necesaria para sementar a submisión obediente ao amo estranxeiro no deserto mental da primeira infancia.

En 1993, Ngũgĩ escribe *Deslocar o centro*, onde fala da «gaiola lingüística» que oprime a lingua e cultura africanas, para mostrar a espantosa e insoportábel realidade que o levou a tomar consciencia de que a súa novela *Un gran de trigo*, da década de 1960, podería ser lido apenas por 5% da poboación —e iso con algunha sorte. Escribe: «Os

escritores formaban parte da elite instruída, e non había maneira de escaparen a estas contradicións. Case todos, por exemplo, optaron por linguas europeas como forma de expresión da súa creatividade. O inglés, o francés e o portugués tornáronse as linguas da nova literatura africana. Mais esas linguas só eran faladas por 5% da poboación».

Debemos considerar que a educación, a saúde, a administración, etc., cando existían de forma básica, sustentábanse en linguas estranxeiras dominadas por apenas 5% da poboación, o que trababa ou impedía que os pobos aprendesen e creasen por si propios eses medios decisivos, no caso de que non tivesen primeiro interiorizado a lingua e a cultura do ocupante. O problema agravábase cando analisamos o funcionamento das forzas represivas nativas —colaboracionistas armados que defendían o señor, masacrando, se necesario, a propia familia. O Reino Unido, Portugal e Francia, e en menor grao a Alemaña, a Bélxica e a Italia, levaron á morte decenas de miles de africanos, que se asasinaron entre si durante a Primeira e a Segunda Guerras Mundiais en defensa dos imperialismos que os saqueaban. Mal conseguimos imaxinar canto este exterminio de mozos atrasou, durante xeracións, a tomada de consciencia pan-africanista.

Todos os movementos de libertación comprenderon a importancia crítica da alfabetización dos seus pobos nas súas propias linguas e culturas, como paso simultáneo no seu proceso de auto-organización en canto forza revolucionaria que luta pola independencia contra o imperialismo. A alfabetización estaba —e está— ligada non só á auto-organización, mais tamén á preparación teórica, política e ética, con vista á creación de contrapoderes onde queira que sexa posíbel, defendéndoos, ampliándoos e conectándoos en rede. Os contrapoderes, como veremos, cumpren unha función profundamente pedagóxica e acumulativa, mais o seu alcance é sempre muito limitado e incerto, porque non sistematicamente albo de represión. Son indispensábeis, mais insuficientes.

Ngũgĩ presenta unha razón incontestábel para a necesidade da preparación administrativa, ética e técnica —mais sobre todo cun

obxectivo revolucionario mui sólido, orientado para a tomada do poder, sempre realizada no decurso da luta de libertación:

«Mais a independencia de muitos países africanos nen sempre trouxen consigo o empoderamento dos pobos. O poder económico continúa nas mans de multinacionais, e o poder político, nas mans dunha minúscula elite que goberna baixo o ditado dos intereses dominantes do Occidente. Estas elites, ás cales foi fornecida unha máquina militar coa cal se impoñen á resistencia da poboación, transformaron países enteiros en xigantescos centros penitenciarios».

É que unha guerra de libertación que non prepare as clases explotadas para a tarefa simultánea de destruír o poder ocupante e construír o poder revolucionario será, máis cedo ou máis tarde, varrida pola alianza entre a burguesía «nacional» e o imperialismo —alianza en que a forza dominante é o capital imperialista. Peor aínda: esa alianza reprimirá, deterá, encarcerará, torturará e até asasinará as forzas antiimperialistas así que reúna as condicións para o facer. Aínda peor: a máquina militar da elite, armada e adestrada polo imperialismo, está mentalizada e organizada para dar o primeiro golpe mortal, dispoñendo da información necesaria e dos medios adecuados para transformar os seus países en «xigantescos centros penitenciarios».

Ngũgĩ ofrécenos aínda outra razón incontestábel, como as anteriores, coa cal damos por encerrada a resposta á sexta pregunta, xa que nos abre a porta para entrar na sétima e última:

«Uns poucos accionistas na City ou en Wall Street, mediante unha simple manipulación na compravenda de accións e participacións, e grazas ao poder case monopolista do seu capital, poden determinar a localización, a morte ou a sobrevivencia de industrias enteiras; poden decidir, en última instancia, quen come, o que come e onde come. Poden crear fame, desertos, polución e guerras. O camponés na parte máis remota do planeta é afectado polo poder de persoas que acumulan miles de millóns, aínda que a súa riqueza só sexa visíbel en números nunha pantalla de computador nesas institucións financeiras que

chamamos bancos. Actualmente, o FMI e o Banco Mundial determinan as vidas e as mortes de innúmeras persoas en África, na Asia e na América do Sur».

7. Que importancia ten o facto de os pobos decidiren por si mesmos no ámbito do antiimperialismo? Cales son os elementos básicos para construír unha teoría revolucionaria do antiimperialismo? Que tipo de internacionalismo político necesita hoxe a teoría antiimperialista?

As últimas palabras de Ngũgĩ centran perfectamente as tres respostas a este último conxunto de preguntas, pois nos revelan o núcleo, a esencia do imperialismo —o porqué e o como da destrución de vidas humanas en lugares mui distantes dos centros de poder capitalista, e sobre todo o para que deses crimes cotiáns. Ngũgĩ escribiunas en 1993, e o terzo de século decorrido até agora apenas serviu para os multiplicar, ao mesmo tempo que se foron sumando novos compoñentes ás crises xenético-estruturais do capital. Encima tentamos explicar a categoría esencia/fenómeno, e agora poderíamos falar da relación entre o universal/o particular/o singular. Recorremos a ambas para comprender porque os pobos traballadores deben decidir por si mesmos a súa liuta antiimperialista, sempre no cadro da unidade estratéxica internacionalista polo comunismo.

Entre muitas outras cousas válidas, Ngũgĩ afirma que o Banco Mundial, o FMI, as grandes corporacións e uns poucos accionistas deciden quen morre de fame ou quen é masacrado en guerras a miles de quilómetros dos seus confortábeis despachos. Esta é a esencia do imperialismo, as súas características universais. Como as combater e vencer? Apenas con afirmacións verdadeiras, mais xenéricas, ou mediante luitas concretas que destrúan as formas polas cales se presenta o esencial, o universal do imperialismo, de modo que en cada país ou rexión particular se formen colectivos antiimperialistas capaces de chegar ao singular?

Por exemplo, a liuta contra o «imperialismo ecolóxico», na súa esencia universal que destrúe a natureza, debe materializarse no plano

particular en e a partir da Galiza, a través da derrota da monstruosidade da Altri, que presenta singularidades que a distinguen doutras barbaridades, mais que só poden ser plenamente comprendidas grazas á crítica marxista do ecocidio capitalista.

A lista de exemplos é practicamente inesgotábel: a luta castelá contra a falsificación e mentira histórica que visa impor a súa suposta españolidade é a mesma que a luta catalá contra esa mesma imposición violenta, mais sería un erro craso copiar mecanicamente os argumentos e formas de mobilización. A luta contra as bases da OTAN na Andalucía, por exemplo, é a mesma luta que se trava contra as bases imperialistas noutros lugares, mais a forma desa luta andaluza só será eficaz se partir da súa historia e contexto —do mesmo modo que a luta vasca pola amnistía ten os mesmos obxectivos que as doutras nacións traballadoras, mais no País Vasco asenta na especificidade e singularidade da súa luta de libertación nacional de clase.

Queremos decer que o antiimperialismo será tanto máis eficaz canto máis reconeza e aplique as leccións da historia: Ho Chi Minh non foi Tito nen Fidel, nen Mao foi Sankara, e Santucho aplicou un método no Uruguai distinto do dos guerrilleiros soviéticos atrás das liñas nazis —tal como a insurrección de 1917 en Petrogrado se fixo segundo a súa circunstancia, conxuntura e contexto. No entanto, en 1928, a Internacional Comunista publicou esa xoia titulada *A insurrección armada*, que unificaba dialecticamente nun todo teórico as insurreccións ocorridas até entón, mostrando o que as identificaba por baixo das súas moitas diferenzas. Calquera militante que actúe nun sindicato ou nun movemento popular, cultural, etc., sabe que a luta de clases é unha soa en si mesma, mais que adquire tantas expresións cantas formas de explotación, opresión e dominación que o capital aplicar.

Por tanto, os elementos básicos de toda luta antiimperialista son os que atacan pola raíz aquilo que é a natureza esencial e irrenunciábel do imperialismo —o que, para alén das súas moitas formas exteriores, está sempre presente no fondo do enfrentamento de vida ou morte entre o capitalismo e o socialismo: a superexplotación das nacións traballadoras, e en especial das súas mulleres, como trofeo especial e forza de traballo

múltipla; a súa opresión nacional en todos os aspectos; o saqueo dos seus recursos; o intercambio desigual; a imposición de xuros impagábeis da débeda das súas burguesías; a ocupación militar, descarada ou encuberta; a guerra cultural e o saqueo intelectual; as restricións sutís ou brutais á soberanía diplomática; a impunidade legal das empresas imperialistas no país dominado; a submisión de xuíces; e por aí fóra.

Como se pode entender, citamos diversas prácticas imperialistas cuxa extensión e intensidade deben ser analizadas caso a caso, o que supera os límites deste texto. No entanto, esta pequena lista, a pesar de pouco detallada, sêrvenos para termos unha idea da grande cantidade de opresións, dominacións e explotacións —cada vez máis complexas e interactivas— ás cales debemos facer fronte con obxectivos claros, que nunca silencien ou oculten o antagonismo mortal, a inconciliabilidade entre o socialismo/comunismo e o imperialismo/capitalismo.

A explicación teórica, política e ética dese antagonismo debe tamén facerse nas luitas por reivindicacións parciais, tácticas, puntuais, chamadas «menores», que até poden ser conquistadas por métodos de presión legal, con mobilizacións pacíficas, aproveitando a cada vez máis debilitada democracia burguesa, etc. Mais, mesmo neses casos, cada vez máis raros, debe ficar sempre claro que a pequena conquista alcanzada se debe á acción das masas, á ameaza de pasar a métodos máis duros, á independencia política do proletariado —e nunca á súa submisión ás ladaíñas pasivas e invocacións reformistas. Debe ficar claro que, se enfraquecer a defensa do que foi conquistado, se non se ampliar a outras reivindicacións, máis cedo ou máis tarde a burguesía contra-atacará até destruír todo. Por iso, de máis pequena vitoria debe ser un trampolín para outras maiores. A inconciliabilidade entre opresión imperialista e libertación nacional de clase mostra que calquera pequena vitoria é apenas parte dunha guerra social que todo abarca, na cal o estancamento do pobo traballador é un sinal de fraqueza e dúbida que o imperialismo aproveita de inmediato para endurecer e ampliar a súa contraofensiva. Neste vaivén de altos e baixos permanentes, é decisivo que o proletariado se lance á creación de contrapoderes que multipliquen a súa forza, que lle permitan organizarse mellor, que

amplíen redes e estruturas de clase e de independentismo, dentro do posíbel baixo a opresión nacional.

Todas e todos sabemos o que son os contrapoderes: son os *gaztetxes*, os centros sociais auto-organizados; as sedes de partidos e organizacións revolucionarias; os espazos da prensa libre e crítica; os movementos máis ou menos estábeis que o pobo traballador crea para construír un modo de vida, unha praxe, totalmente oposta á opresora — como a luta contra o narcocapitalismo, o fascismo, as infiltracións policiais, o terrorismo patriarcal, a destrución do medio urbano e, con el, dos sistemas de educación, saúde, transportes, vivenda social de cualidade; a invasión dos hipermercados e a destrución do tecido social popular; a organización de festas populares reivindicativas non mercantilizadas; e por aí fóra. Recuperar, construír, coordinar, ampliar e defender eses contrapoderes é vital, tal como é esencial dotalos dunha unidade estratéxica en dirección aos obxectivos da independencia de clase, do socialismo e do comunismo.

E un obxectivo irrenunciábel e sempre presente é o de unir o internacionalismo proletario ao independentismo socialista na luta de morte contra o capital e as súas atrocidades imperialistas. As formas de o facer son múltiples, porque múltiples son os fíos que ligan as resistencias ao imperialismo. É imprescindíbel que a militancia coñeza a teoría marxista do imperialismo e a da crise do capital, que, como vimos, están interligadas. A partir de aquí, é moi fácil demostrar que o avance da independencia socialista é o recuo do imperialismo. Cuba é un exemplo, mais tamén moitos outros pobos que hoxe se suman, dunha forma ou doutra, á crecente oposición ao imperialismo. Coñecendo as leis tendenciais e as contradicións do capitalismo, sabemos cal é a función da guerra imperialista contra os pobos. De aí até demostrar que unha greve nunha empresa con participación sionista, ou un boicot a empresas de transporte que levan armas para a OTAN, ou a oposición de masas ao gasto militar, ou o repudio radical á cultura que lexitima o imperialismo en calquera das súas formas, ou a recolla de diñeiro e outros bens para axudar pobos atacados, ou a creación de redes de acollemento para refuxiados ameazados, ou a denuncia permanente do servilismo imperialista da burguesía local e dos seus partidos dóciles —

todo isto, e muito máis, son demostracións prácticas e comprensíbeis da unión entre a luta pola independencia socialista e a luta antiimperialista.

As orixes do antiimperialismo: teoría, praxis e importancia da América Latina e do Caribe

Henry Boisrolin

Coordinador do Comité Democrático Haitiano na Arxentina

I. Introducción

Trátase, sen dúbida, dun dos temas históricos máis complexos de analizar, debater e sobre o cal tomar posición. Representa, de certo modo, un verdadeiro desafío —non apenas para as varias áreas das chamadas ciencias sociais— cando se pretende comprendelo con seriedade e profundidade, mais, sobre todo, para a militancia revolucionaria en todo o mundo. Isto débese, en grande medida, ás múltiples formas que este tema asumiu en distintos lugares, desde as conquistas realizadas por certos países europeos na América, en África e na Asia.

No caso específico da América Latina e do Caribe —espazo que privilexiarei neste breve artigo—, esa historia comeza co desembarque dos españois comandados por Cristovo Colón en 1492. A posterior conquista e colonización da rexión envolveu tamén África nesa cruel empresa de pillaxe e exterminio de varios pobos dun continente enteiro.

Efectivamente, África foi, sen calquera dúbida, o principal espazo xeográfico onde eses europeos raptaban seres humanos, transportándoos despois, en condicións inhumanas, por vía marítima até a América (*Abya Yala*¹), para os transformar en persoas escravizadas, tratadas como animais co simple don da fala. Esta operación criminosa ocorreu, sobre todo, despois do xenocidio perpetrado contra os pobos orixinarios do continente americano. A Historia ensínanos que eses homes e mulleres africanos chegaban para substituír eses pobos nos

territorios onde os conquistadores saqueaban todas as riquezas desta parte do mundo, por medio do sistema de dominación «escravista» e doutras formas de explotación.

Esa obra autoproclamada «civilizadora» —polos propios asasinados e saqueadores— tornouse nun dos elementos constitutivos do capitalismo, sendo fundamental para o seu posterior desenvolvemento e consolidación.

Por conseguinte, non podemos abordar o tema das orixes do antiimperialismo ignorando esta parte da historia da humanidade. Especialmente se entendermos o antiimperialismo como unha corrente política que se opón a todas as formas de dominación exercidas por certas potencias sobre outros pobos, con énfase na autodeterminación, na liberdade plena e activa, e na soberanía nacional. O seu surximento histórico non pode, a meu ver —como o fixeron e continúan a facer diversos investigadores— ser remitido apenas para o final do século XIX. É necesario ligalo ás lutas contra o colonialismo europeo e á expansión do imperialismo norteamericano.

II. Recoñecemento histórico contra o esquecemento ou o silencio

Neste encadramento, considero que as resistencias dos propios secuestrados desde África —despois as súas lutas nos navíos «negreiros», así como nas plantacións— contra a conquista e a colonización, procurando sempre a súa liberdade, constitúen o punto de partida do anticapitalismo e do antiimperialismo. Sen esquecer, é claro, as lutas dos pobos orixinarios, como as do cacique Enriquillo e da cacica Anacaona, na illa do Haití, denominada *La Española* na xiria colonialista, por Cristovo Colón. A rebelión do cacique Enriquillo tivo lugar entre 1519 e 1533. A cacica Anacaona foi executada polos españois en 1503, após ser acusada de conspiración polo gobernador español, Nicolás de Ovando.

Segundo os datos históricos recollidos e divulgados por varios manuais elaborados por intelectuais e estudoso da República do Haití (*Ayiti*²) e

da República Dominicana, a rebelión de Enriquillo, tamén coñecido como Guarocuya, foi un levantamento indíxena na illa *La Española* (actualmente formada por dous países: a República Dominicana e a República do Haití) contra o dominio español. Enriquillo, nobre taino, liderou a resistencia desde a rexión montañosa de Bahoruco, onde se refuxiara con outros indíxenas. Foi derrotado polos conquistadores españois en 1533.

Por outro lado, Anacaona, cacica de Jaragua, foi executada en 1503 por orde do gobernador español Nicolás de Ovando, que a acusou de conspirar contra os españois após unha visita ao seu territorio. De facto, foi ela quen convenceu o seu marido, Caonabo, a exterminar todos os homes deixados por Colón antes de regresar a España, após a súa primeira viaxe. No regreso, Colón encontrou os cadáveres dos seus homes apiñados e sen ollos. Estes cometeran todo o tipo de abusos e masacres contra os habitantes da rexión. A morte de Anacaona pode ser considerada un símbolo da resistencia indíxena, pois marcou un punto de inflexión na relación entre os españois e os taínos na illa.

No que toca aos africanos transportados, son incontrovertíbeis as resistencias dos quilombolas, dos cimarróns, etc.; ou sexa, aquelas protagonizadas por luitadores e luitadoras que fuxían para as montañas e atacaban sobre todo de noite os escravistas e as súas plantacións. Facendo unha breve revisión desas luitas, importa destacar, por exemplo, a resistencia no Brasil de Zumbi contra os portugueses a partir de 1665, contra a escravitude e pola autonomía do quilombo dos Palmares —autonomía que se mantivo até o asasinato de Zumbi en 1695. No caso da Venezuela, é imprescindible recordar a insurrección liderada en 1795 por José Leonardo Chirino.

Esa insurrección, tamén coñecida como a insurrección dos negros de Coro, foi realizada por persoas escravizadas na Venezuela, iniciándose a 10 de maio de 1795. Este acontecemento histórico é considerado, sobre todo polos actuais dirixentes do proceso Revolucionario Bolivariano, como unha das primeiras tentativas independentistas rexistradas na Venezuela, mesmo que non alcanzase os seus obxectivos.

Outros antecedentes históricos que tamén merecen ser recordados son as luitas lideradas por José Gabriel Condorcanqui, que se autodenominaba Tupac Amaru II, e por Tupac Katari. A rebelión de Tupac Amaru foi unha resposta contundente á explotación colonial, especialmente ás reformas borbónicas e á presión fiscal imposta pola Coroa Española. Esa rebelión comezou en novembro de 1780 e durou até 1782. Alcanzou, inicialmente, grandes vitorias, como a tomada de Ayaviri e a Batalla de Sangara. Foi a primeira grande revolución surxida no contexto do proceso emancipador ocorrido no vicerreinado do Pavo e constituíu un precedente para as guerras de independencia que emerxerían na América no inicio do século XIX. Tupac Amaru II foi executado a 18 de maio de 1781, na praza de Cusco, após ser descortizado por catro cabalos, segundo varias fontes históricas.

Tal como Tupac Amaru, no territorio que corresponde actualmente á Bolivia, Tupac Katari liderou unha formidábel rebelión contra os conquistadores españois. Procuraba a libertación dos indíxenas fronte ao xugo imposto polas forzas coloniais. Foi derrotado, tamén escuartizado por catro cabalos e executado a 15 de novembro de 1781, na praza de Peñas. Ao lado de Tupac Katari, luitou unha muller excepcional que entrou para a historia: Bartolina Sisa. Ela deixou para a posteridade un legado de coraxe e dignidade na luta pola libertación dos/as oprimidos/as.

É necesario sinalar, aínda, que esas luitas contribuíron para o desenvolvemento dun pensamento que hoxe se coñece como pensamento decolonial. Que significa esta afirmación? Simplemente, que o antiimperialismo, na nosa rexión latinoamericana e caribeña, ten aí a súa orixe.

Agora, se tivermos que considerar un punto fundamental de inflexión en todo ese proceso, ese é, sen dúbida algunha, a Revolución Haitiana — anticolonial, antiescravista, antirracista, antieurocéntrica e anticapitalista —, vitoriosa en 1804. Esa única revolución exitosa, hexemonizada e protagonizada por persoas escravizadas, representa un marco fundador na luta antiimperialista a nivel mundial. O seu impacto superou a rexión do Caribe, desafiando e rompendo coa orde colonial, racial e económica

do século XIX. Neste sentido, ao derrotar os exércitos españois, británicos e franceses tanto no campo de batalla como no das ideas, lanzou as bases para os movementos de libertación na América Latina, en África e tamén noutras rexións.

Agora, se tivermos que considerar un punto fundamental de inflexión en todo ese proceso, ese é, sen dúbida algunha, a Revolución Haitiana — anticolonial, antiescravista, antirracista, antieurocéntrica e anticapitalista —, vitoriosa en 1804. Esa única revolución exitosa, hexemonizada e protagonizada por persoas escravizadas, representa un marco fundador na luta antiimperialista a nivel mundial. O seu impacto superou a rexión do Caribe, desafiando e rompendo coa orde colonial, racial e económica do século XIX. Neste sentido, ao derrotar os exércitos españois, británicos e franceses tanto no campo de batalla como no das ideas, lanzou as bases para os movementos de libertación na América Latina, en África e tamén noutras rexións.

Ese golpe ao sistema escravista e colonial non radicalizou os conceptos de liberdade, igualdade e fraternidade da Revolución Francesa, como acostuman afirmar algúns estudosos do tema; ao contrario, ao meu ver, colocou en causa outro tipo de liberdade. Importa recordar que unha das principais palabras de orde da guerra pola liberdade e independencia foi: *liberdade ou morte*.

Outro punto a considerar, nunha lectura decolonial da Revolución Haitiana, é o artigo 14.º *bis* da Constitución de 1805, promulgada polo Liberador do Haití, Jean-Jacques Desalines. Ese artigo estipulaba: «Todo ser humano que quixer habitar este solo, independentemente da cor da súa pel, será coñecido baixo a denominación de negro». Tratouse dunha resignificación da categoría colonial *negro*, como símbolo de unidade e resistencia. Ao mesmo tempo, demostrou que a luta antiimperialista non é apenas política, mais tamén racial, económica e cultural.

Eses aspectos da Revolución Haitiana, analisados nunha perspectiva decolonial, foron desenvolvidos de forma maxistral polo historiador e antropólogo haitiano Michel-Rolph Trouillot, no seu texto *Silenciando o pasado*.

Outro trazo anticolonial e antiimperialista desa Revolución foi a súa práctica internacionalista. Efectivamente, apoiou de forma concreta e activa as luitas independentistas na América Latina. Por exemplo, en 1816, o Liberador Simón Bolívar recibiu, por dúas veces, do presidente haitiano Alexandre Pétion, refuxio, armas, municións, diñeiro, unha prensa, e centenaes de combatentes haitianos que acompañaron e luitaron ao lado de Bolívar. Todo iso apenas en troca da promesa de abolir a escravitude nas colonias españolas libertadas por Bolívar. Ese exemplo vitorioso de 1804 no Haití inspirou tamén rebelións de persoas escravizadas na Xamaica, no Brasil e en Cuba.

Para entender mellor o asunto, pode ser mui útil o libro *De Cristovo Colón a Fidel Castro*, do intelectual e revolucionario dominicano Juan Bosch, publicado por primeira vez en 1970. Bosch foi o primeiro a enxergar o Caribe como unha «fronteira imperial» —ou sexa, como unha rexión disputada por imperios como España, Inglaterra, Francia, Holanda e os Estados Unidos. Segundo el, o Caribe sempre foi escenario de conflitos xeopolíticos e económicos, onde esas potencias tentaron — e aínda tentan — dominar e explotar os seus recursos. Ao mesmo tempo, o autor destaca a resistencia dos pobos caribeños contra o colonialismo e o neocolonialismo. Con base nunha análise marxista e argumentos sólidos, el defende que a historia do Caribe é a historia da opresión imperial e das luitas populares por independencia. Por iso, dá grande importancia á Revolución Cubana, vitoriosa en 1959, como un punto de virada na historia da rexión, abrindo un novo ciclo de luitas antiimperialistas.

Esas ideas de Bosch son parecidas coas do intelectual e marxista haitiano Gerard Pierre-Charles, nos seus estudos sobre o Caribe. El tamén enfatizou a resistencia dos pobos caribeños diante do colonialismo e do imperialismo. No libro *O pensamento sociopolítico moderno no Caribe*, analisou como a rexión se tornou albo de dominación económica e militar, principalmente despois da crise dos anos 1930. Foi alén, denunciando con datos concretos a instalación de bases militares e o control das empresas transnacionais como ferramentas do neocolonialismo, tendo os Estados Unidos como potencia dominante. Así como Bosch, destacou a importancia da

Revolución Cubana, vendo nela un símbolo de resistencia antiimperialista e un modelo alternativo diante da dependencia, da submisión e do saqueo.

III. Imperialismo como sistema global de dominación e explotación no cadro da dependencia na América Latina e Caribe

É imposible comprender plenamente a relación entre imperialismo e dependencia na rexión sen as contribucións do marxismo. Un dos estudosos deste tema foi o brasileiro Ruy Mauro Marini. Analisou concretamente o imperialismo a partir dunha perspectiva centrada na dinámica do capitalismo global e no seu impacto nos países periféricos da América Latina. Chegou a incorporar conceptos-chave como superexplotación, subimperialismo e transferencia de valor, revelando certas estruturas de dominación económica e política. De facto, Marini retoma a tradición leninista, mais, con creatividade, adáptaa á realidade latino-americana. Este exercicio reflexivo permitiu ao intelectual brasileiro destacar que o imperialismo non é apenas unha fase do capitalismo, mais si un mecanismo estrutural para garantir e perpetuar a desigualdade entre países centrais e países periféricos.

En relación ao concepto de subimperialismo, Marini introduciuno para describir o papel dalgunhas economías periféricas, como o Brasil, por exemplo. A pesar de continuar dependente do capital estranxeiro, o Brasil desenvolve unha acumulación interna concentrada e, así, actúa no escenario mundial como intermediario do imperialismo norteamericano en determinadas ocasións. Isto ficou claramente demostrado cando o Brasil, baixo a presidencia de Luiz Inácio Lula da Silva, aceptou a decisión do goberno norteamericano de asumir o comando militar da MINUSTAH (Misión das Nacións Unidas para a Estabilización do Haití). Unha misión que, na realidade, foi unha ocupación militar do Haití entre 2004 e 2017, violando a soberanía e o dereito á autodeterminación do pobo haitiano. Os soldados brasileiros, tal como os militares dos Estados Unidos cando ocupan un país, cometeron no Haití masacres, represión de mobilizacións populares, manipulación de eleccións, violacións sexuais, entre outros crimes. Ou sexa, tamén cometeron crimes que

acostuman ser clasificados como crimes contra a humanidade. Esta ocupación, que durou 13 anos, veu dar razón a Marini. Da mesma forma, demostrou que o imperialismo non é un estadio superado, mais si unha relación, unha categoría, que continúa actual. Por iso, é necesario, tamén a partir da periferia, desenvolver con maior organización, coherencia e convicción as luitas contra o capitalismo e a favor da revolución socialista, articulando a luta de clases co internacionalismo.

Neste contexto, e sobre todo analisando as guerras actuais, o xenocidio perpetrado, por exemplo, polos EUA no Haití, e o que está agora a ser levado a cabo en Gaza polos sionistas israelitas con total apoio dos EUA, o libro de Vladimir Lenin *O imperialismo, fase superior do capitalismo* (1916) mantén unha actualidade impresionante. Para Lenin, após identificar as principais características do imperialismo, esta etapa representa a última do desenvolvemento do capitalismo, marcada polo dominio dos monopolios, do capital financeiro e pola explotación global. Acentúa as contradicións do capitalismo e as agresións, mais tamén crea as condicións para o seu derrube a través da revolución socialista.

Agora, parécese interesante, para unha mellor comprensión do tema, destacar aquí algunhas contribucións do marxista arxentino Nestor Kohan. Súa obra *Teorías do Imperialismo e da Dependencia do Sur Global* (2022) aborda o imperialismo a partir dunha perspectiva mui crítica, baseada no marxismo e na teoría marxista da dependencia. Kohan destaca o papel do imperialismo como sistema de dominación económica, militar, política e cultural sobre o Sur Global. Por iso, el tamén retoma a tese leninista de que o imperialismo non é apenas unha política externa agresiva, mais si unha etapa histórica do capitalismo caracterizada pola concentración do capital en monopolios e oligopolios; pola fusión do capital financeiro co industrial, dominando a economía global; e pola explotación dos países periféricos por medio de mecanismos como a *superexplotación do traballo*, recuperando así ese concepto elaborado por Marini.

Noutro texto de grande valor, *Marx no seu (Terceiro) Mundo* (1998/2003), Kohan defende a actualidade dun marxismo non

colonizado. Para el, derrubar o imperialismo exige recuperar tradicións críticas e luitas esquecidas, a fin de construír alternativas revolucionarias desde e polos pobos oprimidos polo grande capital.

IV. A título de conclusión

Éme difícil escribir palabras finais sobre un tema tan crucial como o imperialismo, sobre todo nun mundo en plena metamorfose, que está a pasar dunha fase relativamente recente de unipolaridade, cos EUA como actor hexemónico, para unha en que o imperialismo se encontra en plena decadencia e potencias como a Federación Rusa e a China están a redefinir a correlación de forzas.

Aínda así, atrévome a afirmar, con base no que foi exposto anteriormente —especialmente nos traballos dos autores cuxas contribucións me serviron de apoio analítico—, que o imperialismo aínda non desapareceu da face da Terra, e que toda a luta antiimperialista debe ser anticapitalista, internacionalista, non dogmática e asente nunha organización firme da clase traballadora e de todos/as os/as de máis oprimidos/as do mundo. Efectivamente, non basta aplicar reformas; é necesaria unha verdadeira e profunda ruptura revolucionaria co sistema capitalista. Se é certo que o imperialismo pode ser considerado unha fase de decadencia do capitalismo, a súa derrota definitiva dependerá sempre da capacidade dos pobos para lutar e construír o socialismo.

V. Bibliografía consultada

Bosch, Juan, *De Cristóbal Colón a Fidel Castro. El Caribe frontera imperial*. Editorial Miguel Ángel Porrúa, 1976.

Kohan, Néstor, *Teorías del Imperialismo y la Dependencia del Sur Global*. Editorial Cienflore, 2022.

Kohan, Néstor, *Marx en su (Tercer) Mundo*. Editorial Cienflore, 2003.

Marini, Ruy Mauro, *Dialéctica de la dependencia*. México, ERA, 1987.

Pierre-Charles, Gérard, *El caribe contemporáneo*. Siglo XXI editores, 1981. Pierre-Charles, Gérard, *El pensamiento sociopolítico moderno en el Caribe*, coedición de IIS con el Fondo de Cultura Económica, 1985.

Trouillot, Michel-Rolph, *Silenciando el pasado*. Editorial Comares, 2017.

1. *Abya Yala* é un termo orixinario da lingua *kuna*, utilizado para designar o continente americano na súa totalidade, en alternativa á designación «América», de orixe colonial. Significa «terra en plena maturidade», «terra viva» ou «terra en flor». A proposta de adopción deste termo como nome propio do continente foi feita polo líder aimara Takir Mamani. A lingua *kuna* é falada polos pobos indíxenas que habitan territorios do Panamá e da Colombia.
2. *Ayiti* (en lingua taina e en *kreyol*); *Haiti* (en francés); Haiti (en castelán), é unha palabra de orixe taina que significa «terras montañosas».

Maurício Castro

É argumento habitual das esquerdas vinculadas a proxectos estatais dominantes, ou aos directamente imperialistas, a suposta extemporaneidade do chamamento aos dereitos nacionais. Tamén na Galiza, onde abundan raciocinios, tipo «*en plena globalización, non toca levantar novas fronteiras, até porque os estados están a perder sentido fronte ás grandes corporacións*».

O certo é que a dialéctica entre libre mercado e proteccionismo é vella e continúa aí, como vemos na actualidade, co resurximento de tendencias antiglobalistas en importantes sectores capitalistas. Claro que aínda é máis vello –e tamén continúa aí– o papel imprescindíbel do Estado na constitución e desenvolvemento histórico do capitalismo. Iso é así tanto nas súas orixes, como no seu desenvolvemento, sen que os chamamentos antiestatalistas dos liberais pasasen da retórica, excepto para debilitar as nacións con economías subdesenvolvidas, garantindo que manteñen as súas posicións dependentes.

Porén, desde que ficou evidente a vocación mundial do capital, non faltou quen enxergase un futuro sen nacións. Foi o caso das previsións de Karl Kautsky, líder da II Internacional, sobre un «ultraimperialismo» resultado do total desdobraemento da etapa imperialista, que unificaría todos os estados nun só. Teses contestadas pola teoría do imperialismo de Lenin, que hoxe conta co aval de máis dun século de vixencia, desde que foi desenvolvida en 1916.

Retrocedendo até os tempos da I Internacional, encontramos xa o debate sobre nacionalismo e colonialismo, en que Karl Marx tivo, como se sabe, un papel relevante, en polémica con algúns sectores cosmopolitas do movemento operario da altura. Comecemos por

lembrar que non existe unha formulación sistemática da cuestión nacional en Marx e, por tanto, non serei eu quen tente levalo máis lonxe de onde a súa obra permite.

Pode, con todo, apuntarse para unha evolución na orientación que Marx e Engels dan á cuestión nacional, sempre como parte da «emancipación política» e, por tanto, do programa das revolucións burguesas. Como o resto de dereitos «prometidos» por aquelas, tamén os dereitos nacionais ficaron vaciados de contido coa definitiva instalación da burguesía no poder. Corresponderá, entón, na previsión de Marx, á revolución socialista tornalos realidade.

As revolucións fracasadas de 1848 na Europa, primeiras en que o proletariado tomou a dirección política, marcan o pensamento de ambos teóricos do socialismo. Por unha parte, xa antes fixeron referencias explícitas ao apoio que os comunistas debían dar, por exemplo, aos independentistas polacos, inclusive no *Manifesto Comunista* (1848): «*Na Polonia, os comunistas apoian o partido que ve nunha revolución agraria a condición da libertación nacional, isto é, o partido que desencadeou a insurrección de Cracovia en 1846*».

Na mesma obra, a célebre referencia a que «*os operarios non teñen patria*» permite, desde que leamos o parágrafo completo, comprobar que, para Marx, «*o proletariado ten por obxectivo conquistar o poder político e erixirse en clase dirixente da nación, tornarse el mesmo a nación; el é, nesa medida, nacional, aínda que de nengún modo no sentido burgués da palabra*». Trátase dun chamamento á disputa da hexemonía de clase, en man da burguesía, para ser conquistada polo proletariado, constituíndose así en nova clase hexemónica da nación.

Por outra parte, o desenlace reaccionario das revolucións de 1848 leva Marx e Engels a condenar o papel dalgunhas nacionalidades eslavas, aliñadas cos exércitos dos imperios ruso e austríaco, o que as tornaba demandantes a integraren un campo paneslavista de carácter reaccionario, fomentado polo Tsar.

No caso do seu país, a Alemaña é analisada como atrasada nas tarefas do desenvolvemento capitalista, o que se plasma na falta de unificación,

até a década de 70 do século XIX. Móstranse favorábeis á modernización e preocupados co papel dirixente de dous sectores reaccionarios da sociedade xermánica, a nobreza rural e os militares, no proceso de creación do Estado nación alemán. Preocupación razoábel, vista a evolución posterior...

A Irlanda é, xunto ao xa referido caso da Polonia, representativa da evolución positiva das posicións de Marx na cuestión nacional, apoiando os dereitos da nación pequena contra a grande. Se nos anos 40 mantiña posicións federalistas, xulgando que a liberdade da Irlanda dependía da revolución inglesa, na década seguinte pasa a considerar que será a conquista da independencia pola Irlanda que permita o proletariado inglés avanzar na súa propia emancipación. O fin das esperanzas no cartismo inglés parece influír nesa evolución de Karl Marx, xunto á resistencia heroica do pobo irlandés, que el mesmo definirá, nunha carta de 1870, como «o ardor revolucionario do operario celta».

Sobre a evolución posterior, o relato incluído polo recentemente falecido Domenico Losurdo na súa obra *A luita de clases, unha historia política*, citando o socialista francés Charles Longuet, colectáneo de Marx, é ilustrativo: «*A insurrección polaca de 1863, as revoltas irlandesas dos fenianos de 1869, da Liga agraria e dos Home Rulers de 1874 —todas esas insurreccións das nacionalidades oprimidas foron acompañadas pola bancada da fortaleza da Internacional [referencia ao lar de Karl Marx] cun interese que non fôí menor do que aquel que acompañou a maré ascendente do movemento socialista dos dous hemisferios*».

Un relato confirmado pola carta, esa si directamente documentada, que Marx escribe a Engels, en 1867, logo após a execución de tres militantes revolucionarios irlandeses enforcados baixo a acusación de organizar a libertación, á man armada, de dous dirixentes independentistas, ocasionando a morte dun policía inglés: «*Desde a execución de Manchester, Jenny está de luita e usa a súa cruz polaca sobre un tufo verde*» (a unión dos símbolos nacionais polaco e irlandés).

A resposta de Engels é igualmente inequívoca, segundo nos lembra Losurdo: «*Non preciso de decer que tamén na miña casa negro e verde dominan*» [en referencia ás cores do luto e da nacionalidade irlandesa].

As mencións favorábeis á luta irlandesa prolónganse o resto da súa vida. En 1870, nunha das súas cartas sobre a temática irlandesa, afirma que «*na Irlanda, a cuestión da terra foi até agora a forma exclusiva que a cuestión social asumiu, porque é unha cuestión de vida ou de morte para a maioría do pobo irlandés, porque, ao mesmo tempo, é inseparábel da cuestión nacional*».

Xa no caso da India, a avaliación de Marx pasou dunha certa xustificación do imperialismo británico sobre a atrasada nación asiática, na medida que iría servir para desenvolver as súas forzas produtivas, para unha progresiva rectificación de calquera complicidade co colonialismo, chegando á condena explícita da barbarie colonial.

Vemos inclusive antes do *Manifesto*, en 1847, como n'*A Miseria da Filosofía* realiza unha crítica contundente á extorsión colonial que sofre a India, onde millóns de operarios «*tiveron que perecer para proporcionar ao millón e medio de operarios ocupados na Inglaterra na mesma industria tres anos de prosperidade sobre dez*». Recoñece así á clase traballadora india entidade propia fronte á inglesa e apela á súa libertación do «*xugo da dominación inglesa*».

En 1853, no artigo «Resultados futuros do dominio británico na India», publicado no *New York Daily Tribune*, fai un duro e directo alegato anticolonialista: «*a profunda hipocrisía, a barbarie intrínseca da civilización burguesa están diante de nós sen veos, non apenas nas grandes metrópoles, onde elas asumen formas respectábeis, mais voltemos os ollos ás colonias, onde perambulan núas*».

Os textos sobre a América Latina mostran sobre todo unha actitude semellante á que mantivo inicialmente en relación á India, o que tamén acontece coas súas consideracións sobre a política colonial británica contra a China, con motivo das chamadas *Guerras do Opio*. A desagregación da estrutura económica tradicional chinesa é primeiro comprendida e despois condenada por Marx, que manifesta a esperanza

en que a intervención colonialista provoque á súa vez un efecto de volta na propia Inglaterra.

Bélxica, comezando co réxime xenocida e escravocrata de Leopoldo II, que asasinou entre 10 e 15 millóns de persoas en menos de 25 anos. Os belgas estableceron un proxecto extractivista e escravista, primeiro centrado na produción de goma e máis tarde nos recursos minerais, sendo a riqueza do subsolo congolés de importancia xeoestratégica. En 1960, a República Democrática do Congo alcanzou a independencia con Patrice Lumumba, que se tornou primeiro ministro. Extraoficialmente, o saqueo proseguíu, pois a Bélxica nunca abdicou da riqueza congoleza, especialmente na rexión do Katanga, con vasta abundancia de diamantes, uranio e cobalto. Foi precisamente nesa provincia do sueste do país que comezou a inxerencia occidental contra un goberno que pretendía usar a riqueza mineral congoleza para mellorar o benestar popular. A Unión Mineira do Alto Katanga, unha multinacional europea que dispuña de mercenarios estranxeiros (algúns do réxime racista da Rodesia do Norte) e militares belgas, declarou a independencia da provincia. Cando Washington e Bruxelas entenderon que non conseguirían subxugar Lumumba, a CIA deu luz verde ao golpe de Estado e ao seu asasinato en 1961, levado a cabo por Joseph Mobutu — un axente ao servizo do Occidente, que fóra nomeado xefe do Estado-Maior polo propio Lumumba. O réxime represivo, cleptocrático e anticomunista de Mobutu —que chegou a mudar o nome do país para Zaire— prolongouse até 1997, sempre aplaudido polos Estados Unidos, especialmente cando, co apoio de militares norteamericanos e belgas, esmagou os revolucionarios comunistas Simba.

Durante a efémera presidencia de Gerald Ford, que chegou ao poder após a destitución de Nixon, as inxerencias continuaron. En Angola, deuse un caso semellante ao do Congo. En 1975, após o fin do colonialismo portugués, que ocupara o territorio desde o século XV, o vacío de poder foi cobizado por Washington, que ambicionaba o acceso aos inmensos xacigos de hidrocarburos. Ao contrario do que sucedeu no Congo, os norteamericanos non conseguiron alcanzar os seus obxectivos, pois os seus grupos de choque foron derrotados polo Movemento Popular de Libertación de Angola, liderado por Agostinho Neto, o primeiro presidente angolano, que, co apoio de tropas cubanas e armamento soviético, derrotou os paramilitares ao servizo dos EUA, ben

como mercenarios do réxime racista do *apartheid* surafricano. Un desenlace semellante tivo lugar no nordeste de África, na Etiopía, onde a dinastía pseudosalomónica, que gobernaba o país hai máis de 700 anos, foi derrubada en 1974 polo DERG —un grupo de militares xoves de baixa patente, revoltados co imperio fronte á profunda miseria e desigualdade social dun pobo que detestaba unha monarquía repleta de luxos e excesos. Tal como en Angola, o apoio armado e loxístico soviético, ben como a presenza de tropas e conselleiros cubanos, permitiu ao goberno resistir ao avance dos grupos financiados polos Estados Unidos. Curiosamente, a pesar do discurso anticomunista do goberno Reagan, moitas desas milicias eran disidencias do propio DERG ou doutras correntes marxistas.

Ao abordar a inxerencia norteamericana no continente africano, non se pode omitir o seu apoio ao réxime colonial racista africano da África do Sur, sendo os EUA (co Reino Unido e a entidade sionista israelita) o seu principal aliado estratéxico. Washington chegou a considerar o Congreso Nacional Africano como unha organización terrorista. En 1962, foi a CIA quen informou a cúpula racista de Pretoria sobre a localización de Nelson Mandela, que acabou por ser detido e encarcerado durante 27 anos.

En 1989, en canto a Unión Soviética atravesaba políticas económicas e culturais contrarrevolucionarias coñecidas como *Perestroika* e *Gláznost*, que acabarian por conducir ao desaparecemento da URSS, a China, que xa aplicaba un novo modelo «mixto» coñecido como *socialismo con características chinesas*, vivía un *boom* industrial que, aínda que non se mostrase imparábel, comezaba xa a preocupar o Occidente. As relacións entre Moscova e Beijing deterioráranse ao longo das dúas décadas anteriores a tal punto que múltiples enfrontamentos directos e indirectos ocorreron, como foi o caso do Afganistán durante os anos 80, ou o grave incidente de 1969 en Zhenbao/Damansky, na fronteira sino-soviética na Manchuria, onde decenas de tropas de ambas as potencias sufreron baixas —un episodio que case levou a un enfrontamento nuclear entre as dúas nacións.

Unha década despois, a guerra campá-vietnamita reacendeu as tensións. En canto a China consideraba os gobernos post-estalinistas como revisionistas e oportunistas, Moscova facía o mesmo, criticando o modelo chinés de *socialismo de mercado* (que máis tarde procuraría imitar). De Washington, observábase con agrado o enfraquecemento das relacións entre os Estados socialistas, resultando en divisións e rupturas entre as correntes e partidos comunistas de todo o mundo. O ano de 1972 ficou marcado pola visita de Nixon á China e o seu encontro con Mao Zedong, o que tornou aínda máis visíbel a escisión. Finalmente, co cume sino-soviética realizada entre 15 e 18 de maio de 1989, as relacións foron normalizadas, o que levou a administración Bush a repensar a súa estratexia contra o bloque socialista. En canto decorrían os encontros entre ambos os gobernos socialistas, os EUA deron orde para o inicio da revolta de laboratorio contra a China, que serviría de modelo para intervencións semellantes en todo o mundo dúas décadas máis tarde. Nesta ofensiva, foron utilizados desde paramilitares expatriados chineses infiltrados nos protestos até o poder mediático, que se encargou de os pulir, santificar e maximizar. A perversa fantasía sobre Tiananmen foi mitificada polo occidente até a extenuación, chegando mesmo a contradecer os seus propios informadores e medios aliados, que reportaron acontecementos diametralmente opostos —facilmente localizábeis en arquivos e até na propia internet.

O interludio da caduca unipolaridade norteamericana e a reciclaxe contra o eixo do mal

O inminente novo horizonte de fraternidade sino-soviética esfumouse dous anos despois, cando, nunha *dacha* bielorrusa, unha conspiración ás costas dos pobos das quince repúblicas levou á disolución da Unión Soviética. Os Acordos de Belavezha, asinados polos golpistas Boris Ieltsin, Leonid Kravchuk e Stanislav Shushkevich, deron inicio non apenas a unha crise sen precedentes con compoñentes económicos, políticos e sociais no contexto pos-soviético, mais tamén provocaron efectos tectónicos á escala planetaria, que resultaron, durante máis dunha década, na ausencia de calquera contrapeso ideolóxico ou militar capaz de trabar un imperialismo desenfreado e sen

paralelo. Após o desaparecimento da URSS e do Pacto de Varsovia, e o alegado desenlace da Guerra Fría, a década de noventa ficou marcada polo dominio xeopolítico global dos Estados Unidos, que, cos habituais delirios triunfalistas, proclamaron o fin da historia e a entrada do mundo nunha última e definitiva fase de submisión, que chamaron *globalización* —nada máis que unha occidentalización agresiva e unha suxeición ao sistema-mundo capitalista comandado a partir do epicentro de Washington. O preludio do que se aveciñaba, a «presentación en sociedade» da «nova era», comezou co primeiro ataque ao Iraq en 1990, unha ofensiva que chegou a ser televisada en tempo real (o mesmo acontecería cos bombardeos sobre Belgrado), en canto os F-117 lanzaban bombas sobre Bagdad e as súas aforas. Máis que punir o antigo monicreque dos EUA, Saddam Hussein, o obxectivo foi semellante ao do uso de bombas nucleares contra a poboación civil xaponesa en 1945: nese momento, un «golpe de misericordia» contra o imperio colonial xaponés era absurdo; o verdadeiro propósito era mostrar ao mundo —e especialmente á Unión Soviética— que posuían unha arma sen igual, capaz de destruír a humanidade. A *Guerra do Golfo* foi un aviso semellante: unha ameaza ao mundo sobre as consecuencias de recusar os «beneficios» da *Pax Americana*.

Pouco despois, iniciouse unha serie de inxerencias destinadas a impedir calquera foco de resistencia ou antagonismo, como aconteceu coa agresión atlantista contra a Iugoslavia/Serbia, a tentativa de balcanización do territorio ruso no Cáucaso (as Guerras da Chechenia), para alén da célebre derrota norteamericana na Somalia, nación que tamén procuraban fragmentar. Como era de esperar, o panfleto escatolóxico fukuyamista da suposta perpetuidade unipolar da orde capitalista imperialista anglófona acabou rapidamente no caixote do lixo. O motor da historia continuou a ser a luta de clases; a dialéctica antiimperialista nunca perdeu a súa relevancia, e a batalla contra os horrores de Washington era máis actual que nunca —mais non a partir dun conflito simétrico con outro polo ideolóxico, pois, ao final do século XX e inicio do século XXI, a resistencia comezaría a forxarse primeiro nos *arrabaldes do mundo*, neses países eternamente clasificados como

en vías de desenvolvemento, nas periferias hoxe bautizadas como Sur ou Sueste Global.

En 1996, foi publicado un novo manifesto, da autoría dun máis dos próceres do «progreso», non apenas norteamericano, mais de todo o supremacismo pseudocivilizacional da mitolóxica civilización occidental. Nun xesto reducionista, neopositivista, racista e eurocéntrico, Samuel Huntington dividiu o planeta en diversos bloques inconciliábeis, todos eles, á excepción do Occidente, antitéticos ao que sería verdadeiramente civilizado —isto é, a plutocracia liberal burguesa capitalista-imperialista de raíz europea ou eurodescendente. Para garantir a perpetuación do seu soñado dominio planetario absoluto, os EUA terían que enfrentar varias expresións do *salvaxismo e subdesenvolvemento*. O Occidente, antes dominado polo pánico vermello, víase agora perante novos e vellos perigos, comezando polo Islam, cuxa hostilidade remontaría a séculos antes do propio concepto de Occidente existir. Sumábase a iso unha nova e temíbel Rusia —non a soviética, mais *unha mestura de autocracia, despotismo e ortodoxia cristiá empoeirada*. A pantasma do anticomunismo tamén non desaparecera por completo: apenas os moscovitas foran derrotados. En Beijing (ou en Pyongyang), o *terrible marxismo totalitario* persistía. Máis tarde surxiría outro inimigo, a *ameaza populista*, latente nese nefasto concepto de *terceiro mundo*, composto por *repúblicas das bananas* outrora controladas por caciques e señores da guerra filonorteamericanos, sobre todo en Abya Yala e en África. No mundo futuro presentado por Huntington, os choques entre esas civilizacións eran inminentes e lóxicos, e a Casa Branca estaría alá para os incentivar e deles beneficiarse, pois, no fin, o reino da democracia, da liberdade e do libre mercado triunfaría. Esa fantasía tamén derrubaríase menos de dúas décadas despois, cando alianzas entre supostos inimigos eternos e culturas ditas incompatíbeis comezaron a formarse. No inicio do século XXI, a Rusia vivía un proceso de reconstrución após a trágica década ieltsinista, en canto a China se encontraba a camiño de se tornar a maior superpotencia económica do planeta. Washington preparábase para o escenario que se avecinaba, no cal o pesadelo de Zbigniew Brzezinski comezaba a materializarse. O cisma sino-soviética

era xa pasado. O aliñamento entre Beijing e Moscova era unha realidade e, peor aínda, potencias rexionais e practicamente todo o Sur Global irían xuntarse paulatinamente a un novo modelo cuxa premisa fundamental era resistir á devastación e á violencia promovida polo Occidente. O que poderían ter en común nacións con modos de produción, linguas, relixións, procesos históricos e tradicións tan distintas? O facto de todas elas, en momentos distintos, nos últimos cinco séculos, seren vítimas da pillaxe, do xenocidio e da humillación por parte dos imperios coloniais europeos e dos seus herdeiros norteamericanos. Entre pobos e culturas nos antípodas do globo, encontramos coincidencias e paralelismos. O que os neerlandeses fixeron na Indonesia ou os belgas no Congo foi semellante ao que os portugueses realizaron en Angola ou Mozambique, da mesma forma que os crimes franceses na Alxeria ou na Polinesia se asemellan á criminalidade inglesa/británica na India, na Australia ou no Quenia.

En 2001, os *think tanks* norteamericanos prevían que a efémera unipolaridade imperialista colapsaría na década seguinte. A estratexia que seguiron é ben coñecida: crear unha ameaza ficticia que lles permitise lexitimar unha agresión continua, sen precedentes, en calquera canto do planeta e, así, adiar o inevitábel. Dado non poderen declarar unha guerra preventiva contra o mundo enteiro, optaron por usar a desculpa do paramilitarismo pseudoxihadista —o mesmo que crearan e utilizado nas súas guerras por procuración nas dúas décadas anteriores: contra a URSS no Afganistán, contra a Iugoslavia nos Balcáns e contra a Federación Rusa no Cáucaso. Para iso, recorreron a un estrataxema que xa se revelara extremadamente eficaz seis décadas antes, cando o Xapón atacou o territorio havaiano ocupado polos EUA — un *casus belli* que conduciu á inmediata declaración de guerra de Washington contra Tokyo. Até hoxe non se sabe con exactitude o grao de coñecemento que a intelixencia e os militares norteamericanos tiñan sobre o ataque xaponés; a única certeza era a súa inminencia e grande envergadura. Sabían que iría acontecer —e tamén o desexaban—, tal como, sesenta anos despois, esperaban ansiosamente, por máis perverso que pareza, un ataque ao solo continental dos EUA. A grande diferenza é que tería que ser dunha espectacularidade nunca vista, non contra albos

militares ou diplomáticos en bases distantes, ou en embaixadas no Oriente africano, mais si no propio corazón da plutocracia económica e financeira.

Horas após os ataques de 11 de setembro de 2001, a administración de Bush Jr. garantiu que a responsabilidade era da Al Qaeda, un inimigo fantasmagórico creado nas entrañas da intelixencia norteamericana os anos oitenta para combater a URSS no Afganistán. E foi xustamente o Afganistán a primeira vítima —un país situado a norte do subcontinente indio, a sur da Asia Central, a oriente do Irán e cun corredor, o de Wakhan, que o liga directamente á China. Así, a nova fase da agresión norteamericana ao mundo comezou no centro da Asia, perto de tres nacións —Irán, Rusia e China— que, con base nas experiencias trágicas dos dous últimos séculos, se recusan a someterse. Para alén de obxectivos secundarios, como o monopolio da produción e tráfico de opio, a explotación de recursos minerais ou o bloqueo ao comercio terrestre de hidrocarburos persas, o obxectivo primordial do imperio foi crear un posto avanzado capaz de expandir o caos ás nacións viciñas. En paralelo, Washington, cos seus habituais mecanismos de propaganda, desenvolveu melodramas como o do *xenocidio uigur*, todo para tentar provocar unha revolta no Xinjiang —unha rexión autónoma de maioría túrquica, mais con importantes minorías sino-tibetanas, iranianas e mongois.

Coa sociedade afgá mergullada no caos e na inxerencia, mais cedo ou mais tarde ese escenario estender (grazas a Washington) ás cinco nacións centro-asiáticas viciñas da Federación Rusa, que nese momento tamén enfrentaba sangrentas tentativas de secesión étnica, lingüística e relixiosa nas repúblicas autónomas do Cáucaso —Chechenia, Circasia, Cabardino-Balcaria, Inguchetia e Daguestán— cuxa vangarda separatista era composta polos mesmos xihadistas pagados por Washington, supostamente combatidos no Afganistán. Canto ao Irán e ao Paquistán, os servizos de intelixencia anglófonos comezaron a financiar os separatistas baluchis en ambos os países (tamén presentes no Afganistán).

En 2003, dous anos após o inicio da devastación imperialista do Afganistán, iniciouse unha nova agresión norteamericana, desta vez contra o Iraq (a segunda en trece anos), que culminou con máis dun millón de civís iraquís vítimas directas e indirectas das atrocidades da ocupación e cun país practicamente destruído. Este xenocidio foi estruturado tanto polo imperialismo norteamericano como polo seu prefecto colonial sionista. O obxectivo final era fragmentar o país en termos étnicos, lingüísticos e relixiosos, e expandir a violencia para occidente, contra a República Árabe Siria, e finalmente para oriente, alén da cordilleira de Zagros, xa fóra do contexto semita e arabófono, contra a República Islámica do Irán, que desde 1979 se ten recusado a someterse aos desenhos do *Grande Satá* e continúa a non recoñecer o proxecto colonial, sionista e xenocida israelita —o *Pequeno Satán*.

En canto os Estados Unidos destruían o Afganistán e o Iraq, nas entrañas do imperio xestábanse planos para expandir a súa barbarie. Despois de demostrada, en varios niveis, a eficacia das revoltas de laboratorio contra países como a China, a Polonia e a Romanía (todos en 1989), ou a Iugoslavia de Slobodan Milošević o ano 2000 (modelo OTPOR), o goberno de Bush, Cheney e Rumsfeld aumentou os fondos para distribuír os manuais e panfletos de Xene Sharp en máis dunha decena de países, co obxectivo de alcanzar os seus fins golpistas e inxerencistas, agora efectuados polas súas novas vangardas, coñecidas de forma romántica e insípido como «sociedades civís». No Norte de África e Oeste da Asia foron apelidadas de *primaveras*, en canto no Leste europeo, Cáucaso e Asia Central tomaron o nome de *revolucións de cores*.

En 2003, nas alturas do Cáucaso, as masas lideradas pola figura grotesca de Mijeil Saakashvili depuxeron o goberno de Eduard Shevardnadze (último chanceler soviético), colocando no poder un lunático (non é exaxero), un cleptócrata que faría todo ao seu alcance para satisfacer a sede expansionista e rusofóbica dos ianquis. Cinco anos despois, procurando agradar á OTAN, Saakashvili invadiu as repúblicas separatistas da Abecasia e da Osetia do Sur, atacando os corpos de paz das Nacións Unidas (compostos por tropas rusas). Horas despois, o exército ruso atravesou o túnel de Roki desde a Osetia do Norte—Alania

(en solo ruso) e puxo fin ás aspiracións atlantistas do goberno de Tíblisi. Máis tarde, Saakashvili fuxiría da Xeorxia ao ser acusado de varios crimes, establecéndose na Ucraína, onde o seu amigo Petro Poroshenko lle concedeu cidadanía e o nomeou gobernador de Odesa, en pleno proceso de neonazificación atlantista.

Á semellanza do caso xeorxiano, Washington estruturou procesos semellantes en moitas das antigas repúblicas soviéticas, procurando derrubar calquera goberno con boas relacións con Moscova. O plano consistía en crear efectos dominó, provocando levantamento após levantamento, e instaurando gobernos aíns que se tornarían focos inmediatos de desestabilización xunto á Rusia —con potencial até para contaxiar o propio pobo ruso. Na Asia Central, o goberno quirguiz de Askar Akayev foi derrubado en 2005. No Cáucaso, sería a vez da Armenia en 2018. Despois de Serzh Sargsyan ser forzado a abandonar o cargo, os EUA impuxeron un goberno sometido aos intereses do lobby armenio, liderado por Nikol Pashinyan, que para alén de deteriorar os lazos coa Rusia, entregou recentemente Artsaj a Bakú e Ankara. Outras revolucións de cores non tiveron éxito, como a tentativa en 2005 na Bielorrusia, asociada aos acontecementos na Ucraína (a *revolución laranxa* de 2004), onde se tentou por fin ao goberno de Alexander Lukashenko —tentativa repetida quince anos máis tarde e que voltou a fracasar. Na Rusia, tales accións tamén non foron exitosas. Durante toda a década pasada, os servizos de intelixencia occidentais tentaron derrubar tanto os gobernos de Dmitri Medvedev como os de Vladimir Putin. A mecánica era unha reciclaxe dos mesmos procesos de inxerencia xa mencionados, o que permitiu desarticulalos, sobre todo cando os escollidos pola embaixada dos EUA para liderar as revoltas eran practicamente descoñecidos da poboación rusa —como foi o caso do neonazi, islamofóbico e monárquico restauracionista Alexei Navalny, transformado en mártir pola *mass media* occidental.

A saída da administración Bush, en xaneiro de 2009, levou a elite neoconservadora a modificar a súa estratexia belicista. Ao colocar Barack Hussein Obama na Casa Branca, a plutocracia imperialista optou por presentalo como un transgresor das tradicións imperialistas dos seus antecesores. Mais, como sería de esperar, aquel produto era o máis

xenérico exemplo do *gatopardismo* norteamericano. Obama proseguiu, ao pé da letra, o vendaval de destrución e control planetario dos seus antecesores, a través da guerra multidimensional, que se tornaría a estratexia dominante. As guerras híbridas funden o covarde estrangulamento económico (as chamadas «sancións» e bloqueos), ofensivas subsidiarias (*proxy*) con paramilitares e mercenarios, o secuestro ou subordinación das institucións nacionais, incluíndo os propios poderes do Estado (*lawfare*), «revoltas» montadas en laboratorio (primaveras ou revolucións) e, claro, a guerra cognitiva, a cal, co predominio dos conglomerados mediáticos e dixitais nas redes sociais e plataformas de vídeo, atinxiu un novo escalón de perigosidade e impacto.

O modelo das revolucións coloradas foi igualmente replicado polo imperio no Magreb e no Levante. Neste caso, os conglomerados mediáticos bautizáronas como *primaveras árabes*. A mecánica foi idéntica: aproveitar o descontento ou desencanto dunha parte da sociedade para derrubar gobernos, os cales nen sempre eran antagónicos ao imperio —como foi o caso de Zine El Abidine Ben Alí, na Tunisia, clienta e marioneta dos EUA, mais que ousou, pouco antes, aproximarse ao goberno libio e tentar unha alianza estratéxica entre os Estados amazigh do Norte de África. Após varias semanas de protestos, Ben Alí abandonou o poder en xaneiro de 2011. En África, o AFRICOM norteamericano pretendía desestabilizar toda a rexión. Nese escenario, emerxería o terrorismo como ameaza á seguranza rexional, o que xustificaría unha intervención por parte dos EUA e aliados. Os novos gobernos, á súa vez, procurarían auxilio no imperio, lexitimando a inxerencia. No Exipto, o obxectivo era pór fin ao goberno de Hosni Mubarak, que asumira o cargo após o asasinato de Anwar el Sadat en 1981. O caso exipcio era bastante semellante ao tunisiano. Após traizoar a causa pan-arabista ao normalizar relacións co proxecto colonial sionista nos acordos de Camp David, o goberno do Cairo tornárase o segundo maior beneficiario de apoio militar dos EUA. Aínda así, Mubarak procuraba reforzar lazos con Moscova e normalizar completamente a relación con Tripoli. Así que Mubarak abandonou o cargo, o Pentágono —con apoio de Israel e do Catar— xa tiña un

substituto preparado: Mohamed Morsi, membro da Irmandade Musulmá exipcia (grupo supostamente envolvido no magnicidio de Sadat en 1981). Morsi duraría pouco máis dun ano no poder, sendo prendido e substituído por máis un militar, Abdelfatah El-Sisi, cuxo goberno se mantén grazas ao seu aliñamento co imperio e o sionismo.

A oeste do Exipto, a Libia perfilábase como inexpugnábel. Desde o seu ascenso ao poder en 1969, Muamar Kadhafi fora un dos osos máis duros de roer para un imperialismo que temía que a Yamahiriya se estendese a outros cantos do continente africano e que puidese forxar unha fronte común contra o imperio, tanto militar como económica, xa que ameazaba até abandonar o dólar a nivel rexional. A pesar das tentativas de orquestrar protestos masivos, estes deparáronse cunha maioría esmagadora fiel á causa panafricanista, cun líder extremadamente popular. Así, no Occidente deuse orde para pasar á fase seguinte: a agresión paramilitar. A partir das fronteiras meridional e occidental do país, miles de mercenarios atravesaron o Fezán en dirección ás grandes urbes costeiras da Tripolitania e da Cirenaica, como Tripoli, Misurata e Bengasi. A pesar da invasión do paramilitarismo multinacional, o goberno de Kadhafi resistiu durante meses, dando así inicio ao «terceiro acto»: a agresión militar convencional, liderada polos EUA e polos seus imperios coloniais domesticados —Reino Unido e Francia— carrascos históricos de África, que destruíron en poucos días a infraestrutura dun país que, anos antes, se tornara un dos máis desenvolvidos do continente. Kadhafi foi torturado e asasinado a 20 de outubro de 2011, en Sirte, mui perto do seu local de nacemento. Antes de ser asasinado, advertiu que, se a Libia caese, o país mergullaría nun estado fallado e nun caos xeneralizado que podería estenderse ao norte do Mediterráneo. Dito e feito: a Libia pos-Kadhafi é un territorio disputado por señores da guerra, nun conflito alimentado por potencias rexionais, con mercados de escravos e unha esperanza media de vida en caída libre. Máis unha historia de éxito da democracia á la Washington.

En marzo de 2011, a primavera ianqui chegou ao Mashreq. A destrución da República Árabe Siria é un dos casos prototípicos e serve perfectamente para ilustrar como o Occidente ten estruturado agresións

híbridas para destruír nacións soberanas. Os alicerces da inxerencia foran lanzados décadas antes, nos medios de comunicación, nas academias e nos gobernos occidentais, desde que o pan-arabismo se enraizou en Damasco e iniciou a súa resistencia contra o invasor sionista, que desde 1967 ocupa o Golán. A primeira fase consistiu en fomentar «protestos» e disturbios de rúa, que non eran máis que a «estrea pública» de terroristas que, semanas despois, empuñarían cimitarras e dispararían M-16. Para outorgar verosemellanza a tales acontecementos, os medios de comunicación contaban con «paneis de expertos» nas súas reportaxes: vulgares traidores exiliados ou membros dos grupos terroristas acollidos e protexidos pola Europa e polos EUA. Xunto deles, encontrábanse académicos dunha estirpe orientalista e *snob* das máis repulsivas.

O que pasou na Siria foi máis un elo no proceso de inxerencias prefabricadas, mais que, ao contrario doutros casos, se prolongou por máis dunha década. Estiveron envolvidas grande parte das marionetas rexionais do imperio, comezando polas petromonarquías do Golfo: Catar, Emiratos e Arabia Saudita, alén dos turcos, sionistas e norteamericanos. As súas motivacións eran diversas —desde intereses enerxéticos até sectarios— sendo o principal obxectivo fragmentar o nacente Eixo da Resistencia. Tal como sucedera no Exipto, cando a «primavera siria» non vingou, pasou ao nivel seguinte: a agresión paramilitar, mediante grupos como a Al Qaeda (Al-Nusra) ou o Daesh, o primeiro patrocinado por Doha e Ankara, o segundo por Riad e Abu Dhabi. A invasión multinacional paramilitar da Siria foi rapidamente rotulada polo Occidente como unha «guerra civil», un conflito en que, evidentemente, o Exército Árabe Sirio foi retratado como unha forza malévola inimiga do seu propio pobo. Curiosamente, era o propio goberno sirio o responsábel por garantir a convivencia interconfesional, étnica e lingüística de todos os sirios: cristiáns de todas as denominacións, musulmáns sunitas, xiítas (incluíndo os alauitas), drusos, mandeus e yazidis. O apoio armado e loxístico foi fornecido polo imperio, polo expansionismo neootomano turco e pola entidade sionista. Ambos os batallóns terroristas posuían dúas facetas, comezando pola «benigna», a do suposto «islamismo moderado», santificado polos

medios de comunicación e gobernos occidentais. Esa fachada foi bautizada como Exército Libre Sirio, que non era senón a máscara mediática do mesmo terrorismo multinacional. Esta faceta foi promovida até por Hollywood, que celebrou a existencia daquela aberración para inxenuos chamados Cascos Brancos.

Un papel semellante foi desempeñado por grupos paramilitares kurdos, tamén beatificados polo Occidente, mais cuxa misión, ao contrario dos anteriores, non era tomar a capital, mais si conseguir a secesión do nordeste da Siria e a súa incorporación ao proxecto de balcanización kurda en solo iraquí. Máis unha vez, o patrocinio correspondeu a Washington e Tel Aviv. O papel dos medios de comunicación proseguíu coa satanización do goberno de Bashar Al-Assad. Con absoluto cinismo, revisaban «veracidade» a ataques de falsa bandeira ou, peor aínda, participaban directamente en escenificacións, como aquel monumental ridículo da BBC londiniense ao ser collida en flagrante nun suposto ataque químico. Os grupos terroristas eran sempre escoltados á distancia por tropas norteamericanas e turcas e, cando necesario, *drones* e avións de combate occidentais viñan no seu auxilio —tal como os sionistas, que, nos seus hospitais móbiles no Golán sirio ocupado, trataban os decapitadores dos grupos encima referidos. A pesar da intervención directa da Rusia en 2015 e do apoio constante por parte de Teherán e do Hezbollah libanés, a República Árabe Siria caeu en decembro de 2024. A agresión contra a Rusia nas súas fronteiras occidentais, o esgotamento do exército sirio e a traizón de altos comandantes militares provocaron a caída do último goberno pan-arabista secular e dun bastión do Eixo da Resistencia. Hoxe en Damasco tremelan as bandeiras da Al Qaeda e do Daesh, cun presidente que hai poucos meses ordenaba a decapitación de crianzas e anciáns, cristiáns e xiítas por igual. O axente sionista e norteamericano Ahmed Hussein al-Sharaa, tamén coñecido como Abdullah Bin Muhammad e Abu Mohammad al-Julani, entre outros nomes, prometeu normalizar as relacións coa entidade colonial sionista e xenocida israelita, tendo mesmo declarado estar disposto a entregar os Montes do Golán, o que, a acontecer, desencadearía a balcanización confesional e etnolingüística do territorio sirio, desexada hai décadas por Washington e Tel Aviv.

A sur da península arábica, outra inxerencia comezou a tomar forma en 2011. As imaxes transmitidas a partir do Cairo encoraxaron a poboación iemenita a manifestar o seu repudio contra o goberno de Alí Abdullah Saleh, que desde 1978 controlaba o Iemen, primeiro no Iemen do Norte e posteriormente no país unificado. A pesar de Saleh se agarrar ao poder, en xaneiro de 2012 deixou o país, apenas para regresar meses despois e enfrentar o novo líder Mansur al-Hadi, seu ex-vicepresidente, que se tornara marioneta de Riade e Abu Dabi. Entre tanto, a milicia zaidita xiíta (con outros grupos, tanto xiítas como sunitas), herdeira de Hussein Badreddin al-Houthi, enfrentaba as tropas leais a Hadi, levando á formación de alianzas efémeras con Saleh e os seus apoiantes. En 2015, Hadi fuxiu para territorio wahabita, dando inicio á agresión multinacional contra o Iemen, liderada polas petromonarquías do Golfo, polos EUA, polo Reino Unido e polo seu enxendro sionista. Simultaneamente, foron mobilizados mercenarios do Daesh ao servizo dos petromonarcas. Tal como na Palestina, a agresión contra o Iemen tornouse nun campo de probas do novo modelo de guerra por *drones* dos EUA, sendo a administración Obama a principal impulsadora desta vertente, que deu inicio a unha nova corrida ao armamento. Ao final de 2017, traizoando a súa alianza cos houthistas, Saleh tentou negociar cos sauditas. Após enfrentamento cos houthistas, foi executado. A medida que a agresión asimétrica contra o Iemen proseguía, a capacidade tecnolóxica canto a mísiles da resistencia foise desenvolvendo, permitindo represalias directas contra os sauditas, principalmente contra infraestruturas petrolíferas (Aramco) e militares. Unha década de agresións multinacionais contra o pobo iemenita custou a vida a 400 mil civís. No entanto, o Iemen mantense invicto, apoiando inclusive a causa palestina non con declaracións hipócritas e demagóxicas, mais con actos concretos, inflixindo nos últimos doce meses duros golpes á estrutura militar colonial sionista.

Na Europa, a década pasada foi marcada pola continuidade da guerra multidimensional levada a cabo por Washington. O ocorrido na Ucraína desde finais de 2013 é un reflexo da agresión contra a Siria, sendo a diferenza máis notoria o facto de, en vez de forzas takfiris e salafistas, os protagonistas iniciais seren mercenarios neonazis, tanto ucráinos como

doutros países occidentais. Participaron tamén xihadistas do Cáucaso e da Asia Central, rusófobos, moitos deles veteranos das tentativas de balcanización do suroeste da Rusia no inicio do presente século. Na realidade, en 2004 o Occidente xa realizara un proceso semellante. Durante as eleccións presidenciais ucraínas, a OTAN, a Unión Europea e os EUA mobilizáronse para impedir a elección de Viktor Ianukovitch, alegando que este estaba ao servizo do Kremlin e que as eleccións foran manipuladas a seu favor. A través dos mecanismos habituais, Washington e Bruxelas levaron as masas ás rúas, o que resultou na colocación do demandante derrotado, Viktor Yuschenko. Após unha administración desastrosa, marcada pola privatización de sectores estratéxicos, empobrecemento da poboación e imposición dos intereses atlantistas, Ianukovitch, a pesar da campaña de demonización, acabou por ser electo presidente en 2010. Ao final de 2013, os EUA orquestraran unha nova inxerencia, desta vez moito máis agresiva e semellante ao que ocorreu na Siria. O resultado do Euromaidan foi o establecemento dun réxime golpista escollido por Washington (o de Petro Poroshenko) e a consolidación do paramilitarismo neonazi e rusófóbico, que organizou un proceso xenocida contra a poboación rusófona no leste e suroeste da Ucraína, ben como na península da Crimea, para alén da violencia contra grupos antifascistas e comunidades de lingua húngara, romena e cigana en territorio ucraíno.

A América Latina e o Caribe tamén viviron unha nova fase de inxerencia, que pode ser considerada un segundo *Plano Cóndor*, con procesos que, pola súa proximidade temporal e xeográfica, nos son mediana ou amplamente coñecidos. Na primeira década do presente século, fronte ao cansazo popular após dous séculos de violencia, miseria, desigualdade e humillación fomentadas polo imperio anglófono, surxiron no continente diversos movementos de resistencia, algúns nas rúas ou no campo, entre os sectores máis empobrecidos, oprimidos e perseguidos, mais tamén en contextos políticos, académicos e até no seo de exércitos nacionais. As agresións contra a República Bolivariana da Venezuela nos últimos 26 anos sintetizan de forma exemplar o modelo de agresión híbrida dos EUA que o mundo, e especialmente o Sur Global, teñen enfrentado. A ofensiva imperialista, desta feita de carácter

híbrido, comezou na Venezuela en 2002, co golpe contra o presidente Hugo Chávez Frias, que foi revertido grazas ao protesto inmediato e masivo do pobo bolivariano. Desde entón, os EUA non cesaron a súa agresión, levada a cabo en múltiples frentes, nun proxecto multidimensional de desgaste. En 2014, inspirados polos exemplos da Ucraína e do Exipto (como afirmaron publicamente), os grupos de choque centráronse en actos de sabotaxe, destrución e até linchamentos en zonas urbanas venezolanas, seguindo á risca os manuais de terrorismo publicados pola CIA hai décadas. As chamadas *guarimbas* repetíronse en 2017 e 2024, aínda que con menor impacto. Esta estratexia foi acompañada dunha guerra mediática sen precedentes a partir do exterior, a través dos medios de comunicación tradicionais corporativos de lingua inglesa e española, impulsados por opositores fascistas exiliados no epicentro imperial ou integrados nas elites de réximes aliados. Con todo, a principal arma contra a Venezuela durante o goberno de Nicolás Maduro Moros ten sido a económica: un bloqueio e estrangulamento financeiro e comercial destinado a provocar unha crise social interna, con escaseza, colapso sanitario e, se necesario, fame, co obxectivo de fomentar un levantamento popular que culpe o goberno. Este mecanismo de carácter xenocida é tolerado e promovido por institucións creadas ou subordinadas aos EUA, comezando polo seu «ministerio das colonias», coñecido como Organización dos Estados Americanos, organismo de Washington creado en 1948 para lexitimar as cruzadas imperialistas contra a Nosa América. En 2004, o presidente haitiano Jean-Bertrand Aristide foi albo dun golpe militar/paramilitar orquestrado por Washington e París, que chegou ao punto do seu secuestro polo exército norteamericano. Vinte anos antes, en 1994, durante o seu primeiro mandato, Aristide xa fora derrubado por outro golpe planeado pola Casa Branca. As causas do segundo golpe foron a súa aproximación á Venezuela e os seus esforzos pola unidade antillana, a súa condena das atrocidades cometidas polos EUA durante as súas invasións, e o plano que se preparaba para presentar publicamente, exixindo ao goberno francés reparacións por catro séculos de atrocidades cometidas contra o país insular. Na América Central, o goberno hondureño de Manuel Zelaya sufriu un golpe xudicial/militar encomendado pola administración Obama, perante o

referendo inminente que procuraba iniciar un proceso constituínte. En 2010, un golpe policial tentou derrubar o presidente ecuatoriano Rafael Correa; tal como na Venezuela, foi a mobilización popular que conseguiu trabar o golpe e salvar a vida do presidente. En 2012, un golpe lexislativo puxo fin ao goberno do paraguaio Fernando Lugo, incentivado pola embaixada dos EUA en Asunción e conducido pola elite do fascista e reaccionario Partido Colorado. O *lawfare* golpista foi tamén utilizado no Brasil en 2016 contra o goberno de Dilma Rouseff (que, durante o primeiro Plano Cóndor, fora presa e torturada), levando á súa destitución. Meses despois, en 2017, a pesar do seu primeiro mandato terminar en 2010, unha ofensiva xudicial e lexislativa forxou un proceso cheo de mentiras e manipulacións, condenando o expresidente Luiz Inacio Lula da Silva á prisión. En 2021, a sentenza foi anulada, ficando demostrado que todo fora orquestrado polas forzas armadas e pola plutocracia brasileira, os mesmos que colocaron o fascista e fanático Jair Bolsonaro na presidencia en 2019. A 1 de xaneiro de 2023, Lula da Silva regresou á presidencia. En novembro de 2019, Evo Morales foi vítima dun golpe militar/paramilitar que instaurou un réxime supremacista da peor especie, apoiado e armado polo goberno arxentino de Mauricio Macri e, como sería de esperar, por Washington e polo seu ministerio colonial, a OEA. Após estes acontecementos, a represión realizada pola ditadura liderada por Jeanine Áñez causou a morte de decenas de bolivianos.

A contra-ofensiva imperialista, coa Doutrina Monroe en esteroides, contou tamén coa colaboración das elites nacionais latino-americanas filoamericanas para executar o traballo máis sucio dentro das súas «colonias», seguindo exemplos históricos como os réximes ditatoriais fascistas dos anos 60 e 70, ou casos máis recentes como o narcoparamilitarismo uribista colombiano. A narrativa delirante recorre aos elementos clásicos do discurso anticomunista do século pasado, proclamando que «van salvar as súas nacións dos perigos do comunismo», acrecentando novas variantes, lugares comúns e estereotipos: a ameaza populista, o perigo progresista, etc. Grazas a campañas de pánico e desinformación montadas polos grandes grupos de comunicación, coa complicidade de fraudes institucionais, figuras tan

nefastas como Jair Bolsonaro conseguiron ascender ao poder —un militar asumidamente golpista e anticomunista, homofóbico, misóxino e antifeminista, supremacista cristián, islamofóbico, sionista... un auténtico *pot pourri* que condensa o historial da extrema-direita máis tóxica e abxecta, un fascista que se comprace do ser, apadriñado por Washington.

O caso actual d'O Salvador é igualmente preocupante: un país transformado nun enclave penitenciario dos EUA, gobernado por un fanático herdeiro da elite, Nayib Bukele, que non só traizoou as súas orixes político-ideolóxicas (dentro da FMLN), como tamén renegou a súa ascendencia palestina, impondo un réxime ditatorial persecutorio, silenciando toda e calquera crítica e esmagando os dereitos do pobo salvadoreño. No Ecuador, así que Rafael Correa deixou o cargo en 2017, iniciouse un proceso tráxico que converteu o país nun réxime oligárquico, cunha sucesión de lacaios do imperio, comezando con Lenin Moreno, que traizoou o legado correísta e a unidade latinoamericana, e que chegou ao punto de abrir as portas da embaixada ecuatoriana en Londres ás forzas británicas que acabaron por secuestrar Julian Assange. A traxedia ecuatoriana continuou con Guillermo Laso, banqueiro e símbolo do neoliberalismo, evasor fiscal e lavador de diñeiro, que, no inicio deste século, provocou a maior crise social e económica do país, cando a banca se apropiou dos aforros do pobo ecuatoriano. E así chegamos ao mandato de Daniel Noboa, cidadán norteamericano creado en Miami —reduto da plutocracia latinoamericana no exilio— membro dunha dinastía de oligarcas «narcobananeros» (literalmente), que foi colocado no poder en 2023 e mergullou o Ecuador nunha crise sen precedentes, marcada pola miseria, violencia e corrupción. Foi precisamente con Noboa que se tornou evidente o grao de impunidade e cinismo que o imperio está disposto a tolerar por parte dos seus sipaios, caciques e gorilas na nosa América, como demostrado no asalto á embaixada mexicana en Quito, na noite de 5 de abril de 2024, cando forzas militares e policía do réxime invadiron —territorio mexicano— para capturar o ex-vicepresidente Jorge Glas, pisando a Convención de Viena e todas as normas do dereito ao asilo diplomático. A última peza do plano

xeoestratéxico hemisférico dos EUA na América Latina foi colocada na Arxentina, que desde decembro de 2023 se encontra baixo o control dunha xunta anarcocapitalista fanática, liderada polo antisocialista, antiperonista e aporofóbico Javier Milei, abertamente pro-sionista, filoianqui e pro-británico.

Quinta Fase / Terminal — O proceso de contracción imperialista e o lento colapso da hexemonía norteamericana e occidental

Durante a administración Obama, Washington tentou conquistar os corazóns e mentes do goberno chinés, co obxectivo de afastar Beijing de Moscova e do seu poder enerxético. Máis tarde, durante o primeiro mandato de Trump, procuraron facer o mesmo coa Federación Rusa, tentando afastala da órbita chinesa, hoxe epicentro global, tecnolóxico e económico. Non conseguiron. Neste momento, o imperialismo norteamericano encóntrase nunha encrucillada. A súa outrora case omnipotencia perdeu eficacia nun contexto mundial que asistiu ao resurximento de antigas potencias e ao ascenso de novas —e peor aínda para Washington, esas potencias forxaron alianzas e acordos de todos os tipos. Os últimos cinco séculos de dominio europeo/occidental/eurodescendente están a chegar ao fin, sendo o imperialismo ianqui o seu último elo. Diante deste escenario, Washington tivo que escoller entre renunciar ao seu salvaxe excepcionalismo e coexistir pacificamente co mundo —como calquera nación cun goberno racional faría— ou enfrentar un escenario extremadamente adverso, que implicaría confrontar un bloque como o sino-ruso, que, entre tanto establececeu parcerías con potencias rexionais e practicamente con todo o Sur Global. A decisión dos EUA é máis que evidente: como era de esperar, optaron pola vía da violencia.

As leccións das centurias pasadas ensinaron a Beijing, Moscova, Teherán, aos pobos africanos, latino-americanos e á humanidade en xeral que non se pode confiar nun imperio —muito menos cando este se encontra nunha fase terminal, disposto, como nunca, a cometer múltiples crimes con total impunidade para prolongar a súa hexemonía, como un vello decrepito con demencia senil. Os últimos anos, os

Estados Unidos arrancaron a máscara da súa hipócrita santidad como supostos arautos da liberdade, democracia e demais abstraccións, mostrando ao mundo o seu verdadeiro rostro. O que antes facían nas sombras ou con algún pudor, agora fan abertamente. A Casa Branca xa non ten calquera problema en admitir que apoia nazis na Ucraína ou a Al-Qaeda e o Daesh na Siria. Celebran sen pudor o surximento de réximes fascistas, como o bolsonarista no Brasil ou o carcerario n'O Salvador, en canto no seu propio territorio, aterrorizados coas mudanzas demográficas visíbeis, cazan mexicanos e centro-americanos como se fosen presas.

O que estamos a testemuñar é a síntese de toda a historia norteamericana concentrada en dúas décadas. Infelizmente, o declive paulatino do imperio non se traduce nunha paz duradeira para o mundo. O colapso, aínda que se acelerase os últimos anos, continuará a ser tortuoso para todos, sobre todo para os pobos distantes ou antagónicos ao centro hexemónico decrepito.

O ente colonial sionista e xenocida israelita foi, desde a súa concepción, un proxecto de control xeoestratéxico occidental —primeiro británico e, desde 1948, norteamericano (sen esquecer o efémero patrocínio francés). Esencialmente, funcionou como unha especie de prefectura colonial, o 51º estado ultramarino dos EUA e, claro, como un laboratorio de guerra, cuxa principal vítima desde sempre foi o pobo palestino. A *Nakba* de 1948, cando máis de 800 mil palestinos foron expulsados e máis de 500 aldeas e cidades arrasadas ou ocupadas —con masacres como os de Deir Yassin ou Tantura —e a *Naksa* de 1967, que provocou a expulsión doutros 300 mil, palidecen fronte aos planos actuais tanto dos sionistas como do seu patrocinador anglófono para efectuar unha limpeza étnica nun territorio que funciona como campo de concentración/exterminio —Gaza— onde viven máis de dous millóns de persoas privadas de calquera servizo básico.

Nos últimos 19 meses, vimos en tempo real, e con todos os pormenores, cerca de 200 mil palestinos seren asasinados das formas máis crueis e desapiadadas. Unha potencia militar con armas nucleares, químicas e biolóxicas, cun orzamento de miles de millóns e con apoio

económico, político-institucional, tecnolóxico e militar de todo o Occidente, enfrenta un pobo que nen sequera posúe exército. O catálogo do necropoderío sionista para aniquilar o pobo palestino é aterradoramente vasto: bombardeos (hoxe até «intelixentes»), fame, malleiras e violacións, secuestros e execucións, entre outros. En canto o mundo enteiro se manifesta nas rúas dos cinco continentes en apoio á Palestina e en condena do xenocidio sionista, os gobernos occidentais e os seus conglomerados mediáticos continúan, con cinismo, a negar, minimizar e xustificar as atrocidades dun asasinato en masa israelita cuxa narrativa oficial —a *hasbara*— xa colapsou.

Ao darmos visibilidade á historia do sionismo, da invasión xudeu-europea da Palestina e da creación do ente colonial, revelamos tamén a historia do imperialismo occidental. O sionismo foi xerado por europeos para satisfacer a súa sede de materias primas e control territorial, impedindo a emancipación dos pobos arabófonos da Asia Occidental e do Norte de África. As accións recentes do sionismo —dun xenocidio desenfreado e salvaxe— son reflexo do que os EUA e os seus vasalos están dispostos a facer contra múltiples culturas, nacións e pobos de todo o mundo, pobos que consideran *animais humanos, bestas da selva fóra do xardín europeo*. Falar do sionismo é falar do imperio. Diagnosticar a barbarie sionista é antever a barbarie occidental.

A luta de clases, encontra as súas raíces nesa dinámica complexa: o traballo, a explotación do medio ambiente e a xestión, conflitiva, do excedente. Debemos salientar que esa relación é inseparábel do desenvolvemento das forzas produtivas e de como os seres humanos nos relacionamos *no* medio natural e *co* medio natural, pois ao final, é da natureza que tiramos todo o que precisamos para vivir e desenvolver as nosas actividades.

Vimos que as sociedades pre-capitalistas enfrentaban desafíos ecolóxicos, mais é no modo de produción capitalista en que esta relación humano-natureza sofre unha tensión que se acelera de forma exponencial, e fai que as quebras proliferen. Trátase de *fracturas metabólicas* locais, que Marx e Engels, aínda que non utilizasen o termo preciso, anticiparon e analizaron profundamente. Este concepto serve como a lente analítica central para a comprensión das crises ambientais da nosa era que pasaron de ser locais, a adquiriren a posibilidade de seren globais.

Nesta actual altura histórica, coa humanidade subsumida no modo de produción capitalista, Karl Marx e Friedrich Engels, en canto estudan a contradición dialéctica entre o capital e a natureza, conseguen integrar e

comprender nas súas análises unha visión claramente ecolóxica e consciente, perspectiva que actualmente trata de ser obviada e mesmo negada, e que trataremos de probar e demostrar de forma breve nas epígrafes a seguir.

A xénese ecolóxica no pensamento de Marx e Engels

Aínda que Karl Marx e Friedrich Engels non utilizasen a palabra «ecoloxía» –un concepto que só comezou a ser desenvolvido máis formalmente ao final do século XIX polo zoólogo alemán Ernst Haeckel, que o cuñou en 1866–, o seu pensamento revela unha profunda sensibilidade para as relacións entre a sociedade humana e o seu ambiente natural. Lonxe de seren meros teóricos económicos, Marx e Engels foron, na súa esencia, pioneiros na comprensión das dinámicas que levan ás crises ecolóxicas. Desvelaron como a lóxica inherente ao capitalismo quebra o equilibrio fundamental entre a sociedade e a natureza, creando unha fractura metabólica, o seu traballo lanza as bases indispensábeis para a análise e superación das crises ambientais modernas, como o quecemento global, a perda da biodiversidade ou o esgotamento dos recursos naturais.

É crucial entender que Marx si empregou expresións como «ruptura no metabolismo social» ou «metabolismo entre home e terra». Estas ideas maniféstanse de forma consistente nas súas análises, por exemplo, ao abordar a alienación do traballador ou a destrución da fertilidade do solo. Marx e Engels incorporaron o concepto de metabolismo (*Stoffwechsel* en alemán) da fisioloxía alemá en desenvolvemento na época. Científicos como Justus Von Liebig, químico alemán, e Carl Von SprengA xénese ecolóxica no pensamento de Marx e Engelsel, pioneiros no estudo da nutrición vexetal e dos ciclos químicos na agricultura, foron influencias significativas. Liebig, en particular, alertou para a extenuación da fertilidade do solo debido á remoción de nutrientes sen reposición adecuada —aquilo que Marx identificaría como unha manifestación da ruptura metabólica no contexto do capitalismo agrario.

Marx absorbeu e reinterpretou esas ideas no campo da economía política, utilizando o concepto de metabolismo para describir o troco de

materiais entre a sociedade humana e a natureza no proceso produtivo. Esta apropiación e recontextualización demostran a súa capacidade de integrar coñecementos científicos avanzados da súa época nunha análise crítica do sistema socioeconómico.

2. A descuberta da contradición dialéctica: Marx e Engels e a ruptura entre metabolismo social e natural

A esencia do carácter «ecoloxista» do marxismo, intrinsecamente ligada ao materialismo dialéctico e histórico, reside na comprensión dunha contradición dialéctica fundamental: a relación tensa e conflitiva entre o metabolismo universal da natureza e o metabolismo social alienado do capitalismo. Para Marx e Engels, existe unha dialéctica entre o metabolismo natural e o metabolismo social, unha luta de contrarios impulsada pola lóxica capitalista.

Nesa interacción continua entre o ser humano e a natureza, identifícanse tres intercambios esenciais: troco de enerxía, de materia e de información. Estes fluxos son os elementos básicos do troco metabólica entre a sociedade e o ambiente. No entanto, Marx e Engels foron os primeiros a demostrar como, baixo o capitalismo, estes fluxos tórnanse profundamente desorganizados e exploratorios, coa primacía do lucro inmediato a sobreporlla a sustentabilidade e á reprodución harmoniosa. É nesta dinámica que o marxismo revela o seu potencial ecoloxista radical, ao apuntar que a reorganización profunda do metabolismo social, ou sexa, unha transformación do modo de produción, é indispensábel e inevitábel para reconciliar a humanidade co metabolismo universal da natureza.

Vexamos en detalle como Marx, co método dialéctico hegeliano na base, mais aplicado de forma materialista, descobre teoricamente esta fractura:

Marx desenvolve a teoría da máis-valía como a explicación científica da explotación capitalista. Partindo da economía política inglesa, particularmente das ideas de Adam Smith e David Ricardo, Marx demostra que a acumulación de capital é posíbel grazas á mercadoría

denominada forza de traballo. Esta surxiu masivamente após a separación dos camponeses dos seus medios de produción durante a acumulación orixinal (as *enclosures*, ou leis de peche de terras en Inglaterra e despois no resto da Europa). Este proceso expulsou millóns de camponeses para as cidades, onde a única alternativa que lles restou foi proletarizarse e vender a súa forza de traballo aos capitalistas. Estes combinan a forza de traballo cos medios de produción para xerar valor no contexto anárquico da competición capitalista. Esta dinámica, en canto produce acumulación de capital, simultaneamente xera contradicións internas profundas.

Unha das contradicións máis perspicaces que Marx observa —e que impulsa o automovimento do capital— é precisamente a separación dos traballadores usufrutuarios da terra e a substitución por un capital que procura revalorizarse sistematicamente. El percibe que esa separación leva directamente a un declive alarmante da fertilidade do solo na Europa e na América do Norte. Este problema, que se tentou resolver mediante prácticas como a importación de guano de illas remotas e, máis tarde, coa síntese química de fertilizantes, é revelador. Marx entende que estas solucións apenas deslocalaron e amplificaran o problema, como hoxe se evidencia coa polución masiva da auga causada polos fertilizantes químicos.

É así que Marx, coa súa análise, repara que o capitalismo interrompe os ciclos naturais e metabólicos entre os seres humanos e a terra. El observa claramente unha ruptura, unha fractura, unha interrupción. No Volume I, Capítulo 15 («Maquinaria e grande Industria») de *O Capital*, Marx afirma:

«O capitalismo crea unha ruptura no metabolismo entre o home e a terra, ou sexa, na relación natural prescrita pola natureza para a sustentabilidade do solo. El impide o retorno ao solo dos seus constituíntes naturais consumidos polo home na forma de alimento e roupa; por tanto, el destrúe, ao mesmo tempo, a saúde permanente do solo e do traballador».

Esta citación é unha boa proba da visión de Marx. A necesidade da reprodución ampliada do capital e os ciclos naturais da terra producen

un evidente desequilibrio. Esta reprodución ampliada do capital racha cos ciclos naturais da terra. O capitalismo, por tanto, desharmoniza, descompasa a relación entre humanos e natureza, impedindo a sustentabilidade. E entón Marx expón a necesidade imperiosa dunha sociedade máis harmoniosa coa natureza.

Marx tamén se debruza sobre as posicións de Thomas Malthus e David Ricardo, que presentaban unha visión da produtividade da terra que el consideraba limitada e ideolóxica, pois desconsideraban as dinámicas sociais e históricas:

— Malthus acreditaba que o crecemento poboacional tendería a superar a capacidade produtiva da terra, levando inevitabelmente á escaseza e á fame. Para el, esa limitación era un dato «natural» e inevitábel, relacionado ás leis físicas da produción.

— Ricardo, por outro lado, elaborou a teoría da renda diferencial, argumentando que a produtividade agrícola diminuíría ao longo do tempo debido ao uso progresivo de terras menos fértiles. Vía esa caída como un factor intrínseco á economía, unha lei universal do desenvolvemento agrícola.

Marx critica ambos ao apuntar que esas visións naturalizaban as limitacións da produción e ignoraban o papel central das relacións sociais de produción. Para Marx, a produtividade da terra non é apenas unha cuestión de fertilidade natural ou de leis económicas universais, mais algo directamente condicionado polo metabolismo social (ou sexa, pola forma como a sociedade organiza a relación entre traballo humano e natureza). No capitalismo, ese metabolismo é alienado e insustentábel, mais noutros modos de produción podería ser fundamentalmente distinta. Así, Marx defende que é necesario estudar a sociedade e as súas contradicións para comprender a produtividade e os problemas ambientais, e non apenas os atribuír a factores naturais ou inmutábeis.

Central á súa análise é tamén o concepto de alienación: o capitalismo aliena o ser humano da natureza e do produto do seu traballo, resultando en que a «fractura metabólica» afecta tanto a sociedade canto o medio ambiente. A alienación prodúcese non apenas do traballador en

relación ao produto do seu labor, mais tamén do ser humano en relación ao propio medio-natural de que depende. Como John Bellamy Foster, citando Richard Levins e Richard Lewontin, explica: temos un mundo alienado porque o traballo social é alienado e a natureza é tamén alienada da sociedade. Ambas as alienacións producen unha consciencia alienada que se expresa en formas e interpretacións idealistas e fragmentadas.

Quer o ser humano, quer a natureza, están subsumidos ao capital. Por tanto, calquera tentativa reformista de «capitalismo verde», como as que vemos propor na actualidade por toda a esquerda reformista occidental, sería un absurdo e unha profunda falta de comprensión teórica desta contradición dialéctica entre metabolismos e da alienación radical que o sistema impón.

3. A fractura metabólica: un concepto central e as súas consecuencias actuais

O termo «fractura metabólica» sería, posteriormente, cuñado, expandido e sistematizado xa o século XXI por John Bellamy Foster, un prominente teórico marxista contemporáneo. Foster profundou e popularizou a idea na súa obra fundamental «Marx's Ecology» (2000), e en colaboración con Paul Burkett, traballou no desenvolvemento dun marxismo ecoloxista que defende este carácter orixinal xa nas obras de Marx e Engels, e a imperativa necesidade dun retorno ao materialismo dialéctico para enfrentarmos o capitalismo.

Foster interpreta e actualiza o concepto para as crises ecolóxicas modernas, argumentando que o capitalismo crea un desequilibrio estrutural no «metabolismo» entre sociedade e natureza. Sinala que é esencial entender que se trata dunha única fractura metabólica, porque ser humano e natureza son unha mesma cousa, o mesmo obxecto, son unha unidade de contrarios. É así que o expresan Karl Marx e Friedrich Engels en *A ideoloxía alemá*:

«A historia pode ser vista por dous lados: pode ser dividida en historia da natureza e historia do home. Os dous lados, porén, non

deben ser vistos como entidades independientes. Desde que o home existe, a natureza e o home influéncianse mutuamente».

Seres humanos e natureza están completa e dialecticamente relacionados. Non está o ser humano e o social (a sociedade) por un lado e por outro a natureza. Facer esa separación é puro idealismo. E como consecuencia, non hai fronteira entre as ciencias naturais e as ciencias sociais. Para Marx, esa fronteira é completamente imaxinaria. Este é precisamente o problema teórico que caracteriza a nosa actualidade pos-moderna burguesa, onde as ciencias e as distintas disciplinas humanísticas sofren de fragmentación, da perda da unidade e dun sentido de totalidade.

Consecuencias da fractura: crises ecolóxicas e deslocamentos ecolóxicos

A fractura metabólica maniféstase directamente como crises ecolóxicas. A crise ou crises ecolóxicas non deben ser vistas como un simple problema ambiental, mais como unha crise social, intrinsecamente ligada ao sistema capitalista. O capitalismo, ao priorizar o lucro encima de todo, causa unha ruptura irreconciliábel entre o metabolismo social e o natural, expresándose esta fractura en sucesivas e cada vez máis graves crises ecolóxicas.

Toda fractura metabólica produce tamén deslocamentos ecolóxicos. O primeiro e máis evidente deles é o deslocamento dos seres humanos do campo para as cidades. Este deslocamento humano para as cidades provoca que os residuos non poidan voltar ao ciclo natural da terra porque se acumulan no urbano e, como consecuencia directa, no rural, a terra por falta de fertilizante vai perdendo produtividade.

Outro deslocamento ecolóxico fundamental: o capitalismo «soluciona» a fractura metabólica con solucións temporais, como a importación de recursos doutras rexións, creando formas de degradación ambiental e exportando os residuos para rexións subordinadas, como veremos despois.

4. As solucións propostas por Marx e Engels

Marx e Engels non se limitaron a diagnosticar os problemas inherentes ao capitalismo; eles vislumbraron as condicións para unha superación radical que permitise restabelecer a harmonía entre a humanidade e a natureza. A súa visión apunta para unha transformación social profunda, onde a xestión colectiva e racional do metabolismo coa natureza é a única vía para a verdadeira liberdade.

Vexamos esta citación de Marx no terceiro volume de *O Capital*, máis especificamente no capítulo 48, titulado «O carácter de fetiche do capital e a súa relación co lucro e a renda»:

«A única liberdade posíbel é a regulación racional por parte do ser humano socializado, dos produtores asociados, do seu metabolismo coa natureza. Que a controlen xuntos en lugar de ser dominados por el, como por un poder cego».

Nesta citación, vemos o claro e categórico chamamento á planificación racional, á socialización dos medios de produción e á acción dos produtores asociados como o suxeito colectivo capaz de operar a transformación. Esta é a única vía para evitar estarmos subsumidos de forma irracional polas dinámicas cegas e anti-ecolóxicas do capital. A liberdade, para Marx, non é ausencia de límites, mais si o control consciente e colectivo sobre eses límites, é, en termos spinozianos, a liberdade como recoñecemento da necesidade.

En relación a esta transformación social e á sustentabilidade, Marx defende que a crise ecolóxica debe ser superada cunha transformación radical e superación dialéctica do capitalismo e a construción dunha sociedade socialista que respecte o equilibrio intrínseco entre ser humano e natureza. A solución non é adaptar o capitalismo, mais superalo.

Vexamos outras dúas citacións de Marx que reforzan a súa denuncia sobre como o proceso capitalista rompe o metabolismo entre o ser humano e a terra. No primeiro volume de *O Capital* no capítulo 15, sección 10, titulada «A grande industria e a agricultura», Marx afirma:

«o proceso capitalista dificulta o troco entre o ser humano e a natureza, e perturba a eterna condición dunha fecundidade duradeira da terra».

E outra citación, tamén no primeiro volume de *O Capital*, no capítulo 13, titulado «A maquinaria e a grande industria»:

«a produción capitalista desenvolve a técnica e a combinación do proceso crucial da produción, minando, ao mesmo tempo, as fontes das que emana toda a riqueza da terra».

Estas pasaxes demostran que Marx non só observou a degradación ambiental, mais a ligou intrinsecamente á lóxica de acumulación e produción capitalista. A súa perspicacia ecolóxica é un pilar da súa crítica xeral ao capitalismo.

5. Marx e Engels contra as acusacións de produtivismo e determinismo: a verdadeira natureza das forzas produtivas

Un dos puntos máis frecuentemente mal interpretados no pensamento de Marx e Engels é a cuestión do desenvolvemento das forzas produtivas, levando a acusacións de produtivismo ou mesmo dun «prometeísmo» cego á natureza. É crucial confrontar esta cuestión, partindo da comprensión do materialismo histórico, fundamentalmente articulado por Friedrich Engels. O materialismo histórico explica que as relacións humanas son determinadas polas condicións materiais de produción e reprodución da vida. Engels chegou a comparar Marx a Darwin: en canto Darwin descubriu as leis da evolución natural, Marx descubriu as leis da evolución da historia humana. A premisa é simple, mais profunda: antes de se envolveren na política ou na filosofía, os seres humanos precisan resolver necesidades básicas como a alimentación e o abrigo.

O materialismo histórico é frecuentemente criticado por ser determinista ou mecanicista. Mais o seu núcleo fundamental non é unha visión ríxida das etapas históricas, mais a comprensión de que nacemos en condicións históricas específicas e entramos en relacións sociais que non escollemos, que nos son dadas pola sociedade en que vivimos. Esas

condicións e relacións, aínda que historicamente continxentes, moldean as posibilidades de acción humana.

Recapitulando: o marxismo «ecolóxico», no seu sentido máis auténtico, integra estas dúas dimensións: a crítica da economía política e o materialismo histórico. Acrecenta unha perspectiva que analiza como o capitalismo non só explota os traballadores, mais tamén a natureza, colocando en risco a base material da propia vida. É fundamental, por tanto, comprender estas contradicións para avanzar para solucións que non reproduzan a lóxica destrutiva do capital.

Como nos indica o filósofo marxista italiano Jacopo Bergamo, Marx e Engels propoñen unha metodoloxía de análise que divide entre base e superestrutura. E por veces enténdese que a base é o material e a superestrutura o non material, mais non é esa a posición de Marx. Marx adopta unha perspectiva de materialismo ontolóxico, epistemolóxico e práctico. Se se pensa que a base é o material e as outras cousas non, cáese nunha especie de cartesianismo invertido, onde a prioridade non está na *res cogitans* (mente), mais na *res extensa* (materia). No entanto, no marxismo, como esclarece Bergamo, todo é material, incluíndo a superestrutura.

Na base están as relacións de produción e as forzas produtivas. As relacións de produción non existen por si soas, como un corpo sen cabeza; están sempre inseridas nun contexto que as fixa e proxecta xuridicamente a través das relacións de propiedade, e tamén a través do poder do Estado e do seu monopolio da violencia (porque se no actuarmos conforme presupostos legais, o Estado interviría a través da policía para nos reprimir). Este é un método analítico, unha división conceptual, mais a base e a superestrutura deben ser sempre consideradas como un bloque histórico, como unha totalidade.

Que son as forzas produtivas? Desfacendo equívocos sobre o produtivismo

É común que se pense que as forzas produtivas son apenas tecnoloxía, mais inclúen moitos máis elementos: factores sociais, como as capacidades da poboación, o seu nivel de escolarización e a súa saúde

(por exemplo, despois dunha guerra, a deterioración da saúde da poboación ten impacto na produtividade). Tamén a densidade poboacional e as súas interligazóns son forzas produtivas, e tamén o son as condicións ecolóxicas, como a fertilidade do solo ou a cualidade dos ríos. Se un río está poluído, é unha forma de destruír forzas produtivas, por máis que a tecnoloxía mellore: non se pode pescar onde non hai peixe. Isto demostra como o capitalismo, ao destruír o ambiente natural, destrúe tamén as forzas produtivas. Contaminar a terra é destruír forzas produtivas.

O economista liberal Joseph Schumpeter, coa súa teoría da «destrución creativa», parece pretender vendernos algo novo, mais esta idea xa estaba implicitamente en Marx. Para Marx, as forzas produtivas están inseridas nun metabolismo humano-natural, nun proceso dialéctico de destrución (catabolismo) e de creación (anabolismo). Toda interacción humana ten sempre que partir dun elemento material e natural, transformalo (destruíndo a súa forma orixinal) e crear algo novo. Por tanto, sempre hai un mecanismo de destrución (catabólica) e creación (anabólica), é un movemento dialéctico, así é que Schumpeter non crea realmente nada orixinal con esa idea tan popularizada por economistas burgueses.

En definitiva, no desenvolvemento capitalista, destrúense permanentemente forzas produtivas, porque as forzas produtivas deben ser analizadas do punto de vista humano: elas axudan á emancipación humana. E, por tanto, quen critica Marx por produtivista e, en consecuencia, como «antiecolóxico» polo facto do marxismo falar da necesidade de desenvolvemento das forzas produtivas, é que non comprendeu o que son as forzas produtivas na realidade. Marx e Engels xa alertaron en *A Ideoloxía Alemá* que sen desenvolver as forzas produtivas só poderíamos socializar a miseria.

Esta necesidade de desenvolver as forzas produtivas é un punto central e é o que vai deixar sempre o socialismo vulnerábel ao imperialismo, que sempre vai tentar destruír calquera tentativa do instaurar, antes e tamén despois da tomada revolucionaria do poder, xa que sempre existe o risco do regreso das vellas estruturas capitalistas.

Por esta razón, o desenvolvemento das forzas produtivas foi e será un desafío central en todas as experiencias socialistas, a contradición fundamental a comprender e que determina o que temos que facer. Non podemos escoller desenvolver ou non as forzas produtivas porque gostemos máis ou menos; non, é realmente unha necesidade histórica imposta polas condicións materiais de existencia.

Marx e Engels recusáronse a fornecer receitas dogmáticas para a futura edificación do socialismo. Para eles, é algo que realmente imos coñecer e facer sobre a marcha, a medida que se fai. O socialismo é construído no proceso histórico, aprendendo e experimentando, mesmo con fracasos tráxicos.

6. Ecosocialismo? Reafirmemos a centralidade de Marx e Engels

O ecosocialismo, e o que finalmente podemos chamar verdadeiro «ecomarxismo», pasou por fases distintas, segundo Jacopo Bergamo:

Unha primeira fase é marcada por científicos marxistas como Richard Levins (1930–2016), ecólogo, e Richard Lewontin (1929–2021), xenetista, profesores de Harvard. Eles escribiron textos fundamentais, como *O biólogo dialéctico* (1985), e combinaron pensamento científico, ecoloxía e marxismo, aplicando a dialéctica materialista á bioloxía, ecoloxía e xenética. Estes autores, aínda que posteriores a Marx e Engels, contribuíron para demostrar a validez da abordaxe dialéctica para a comprensión dos fenómenos naturais.

Despois, unha segunda fase, nas décadas de 1970 e 1980, en que algúns pensadores consideraron problemático o materialismo histórico e o desenvolvemento das forzas produtivas, acusando o marxismo de ser prometeico e produtivista. Para eles, a única forma de compatibilizar marxismo e ecoloxía sería eliminar eses elementos, o que, na verdade, significa retirar a esencia verdadeira do marxismo. Infelizmente, estas son aínda hoxe en día as posicións máis «na moda». Como di o filólogo marxista italiano, Sebastiano Timpanaro, para facer Marx compatíbel coa última moda académica, a técnica é separar Marx de Engels, e

despois separar Marx de si propio, para escoller de cal gostamos máis, se do Marx maduro ou do mozo. Este é o reflexo da fragmentación e do isolamento disciplinar que a pos-modernidade realiza, aplicado ao dúo Marx-Engels e ao propio Marx! Cando, en realidade, a potencia do pensamento marxista é que é un pensamento totalizador, e, de facto, un método para a acción que aplica a dialéctica para aproximar o concepto (reflexo no pensamento) ao obxecto (realidade) a través da súa validación por medio da praxe revolucionaria. Non é o pensamento marxista un pensamento fixo, acabado, unha receita ou un texto mesiánico onde encontrar respostas definitivas, mais un método para a acción que precisa incorporar de forma crítica todos os novos avances científicos de forma dialéctica.

E unha terceira fase, na cal destacan aqueles que podemos chamar «verdadeiros» ecomarxistas»: John Bellamy Foster e Paul Burkett. Eles realizaron unha relectura sistemática das obras de Marx e Engels, demostrando que o pensamento marxista e dialéctico é plenamente compatíbel coa ecoloxía cando é correctamente comprendido e contextualizado.

Ambos os autores dedícanse á defensa de Marx, que é moitas veces mal comprendido como un «produtivista» ou «prometeico» que glorificou a tecnoloxía, polos autores da segunda fase. Foster e Burkett demostran que esas acusacións son erradas e non teñen fundamento, que Marx non tiña unha visión inxenua da tecnoloxía, e que distinguíu claramente entre o uso capitalista de máquinas e a máquina como un artefacto humano, ferramenta para a libertación do traballo.

7. O decrecemento: outra tendencia idealista que malinterpreta Marx

O decrecemento é outra tendencia moito en voga na cal Marx foi reinterpretado, mais moitas destas abordaxes, ao se aliñaren con posicións da «segunda fase» do ecosocialismo, separan arbitrariamente Marx de Engels e del propio, perdendo a coherencia do seu pensamento.

O discurso do decrecemento, aínda que se teña refinado, partiu inicialmente de ideas de Serge Latouche, con postulados neo-malthusianos, na liña do Club de Roma (e do seu informe *Os límites do crecemento*, de 1972). Enfocaba a cuestión na suposta insustentabilidade do crecemento da poboación, unha nova adaptación burguesa da concepción reaccionaria de Malthus. Mais debemos lembrar que Marx criticou Malthus porque ao indicar que a poboación crecía de forma xeométrica e os recursos de forma aritmética, naturalizaba a condición de miseria da clase operaria na Inglaterra, cando en realidade era unha cuestión histórica, social e sistémica que Marx conseguiu explicar a partir do concepto de «exército industrial de reserva», conformado polos desempregados, a presionar as condicións laborais dos empregados.

Agora, refinan o pensamento, limpándoo de malthusianismo, con autores como Giorgos Kallis, mais que continúan decendo que Marx é produtivista, e que partindo de Castoriadis nos din que temos que autolimitarnos e que desta forma se liberta toda a abundancia. Un autolimitarse que, como non ten unha referencia externa, e realmente vén do propio interior dos individuos, non perde un carácter ascético e case relixioso, ou no mellor dos casos (cando non é idealista e voltan a procurar as causas externas) é materialista, mais non deixa de ser unha volta ao materialismo contemplativo de Ludwig Feuerbach, que esencializa o que se observa sen ver que deriva dun proceso histórico — Marx di que a cereixeira que ve Feuerbach cos seus sentidos hai que saber que en realidade pode estar alí porque puido ser previamente transplantada.

En palabras de John Bellamy Foster, de facto, o decrecemento para o pensamento marxista non é un principio absoluto máis do que pode ser o crecemento. O principio absoluto para o marxismo é o desenvolvemento humano sustentábel, e onde se debe colocar o foco é na redución da pegada ecolóxica, dos refugos, na redistribución equitativa dos valores de uso e na satisfacción das necesidades esenciais das persoas e das comunidades e colectivos, quere decer, todo aquilo contra o que bate o capitalismo.

Do punto de vista do materialismo dialéctico, a idea de decrecemento —redución do consumo e da produción— pode ser vista como unha solución simplista, facilmente cooptada por políticas neoliberais de austeridade. Iso desviaría o foco das contradicións sistémicas do capitalismo, buscando axustalo en vez de eliminalo. O materialismo dialéctico insiste na análise das relacións sociais de produción, e non apenas en solucións técnicas ou reducionistas que poden perpetuar desigualdades. As leis biofísicas e enerxéticas deben ser comprendidas no seu contexto histórico-social, e non como determinantes isolados, recoñecendo a interdependencia dialéctica entre natureza e sociedade.

A crise ecolóxica é, para a teoría marxista, unha manifestación das contradicións do modo de produción capitalista, que busca a acumulación de capital e a valorización abstracta do valor. Esa lóxica leva á privatización e mercantilización da natureza, reducíndoa a «capital natural» e transformando forzas produtivas en destrutivas, pois a produción é guiada polo lucro, non pola satisfacción das necesidades humanas e ecolóxicas. O decrecemento, ao subestimar o papel do traballo humano como mediador entre sociedade e natureza, ignora que a alienación do traballo no capitalismo é a causa das crecentes crises ecolóxicas.

8. E, aínda, o imperialismo

No inicio do século XX, Lenin definiu o imperialismo como a «fase superior do capitalismo», onde os monopolios industriais e o capital bancario se funden, e as grandes potencias dividen o mundo para combater a caída da taxa de lucro. Para el, o Estado é un instrumento de dominación de clase, servindo á burguesía e permitindo coa súa forza o sometemento e explotación das colonias. Un século despois, esa lóxica persiste e torna máis complexo e radicalmente máis agresivo. O imperialismo contemporáneo é un sistema xerárquico de explotación, non apenas entre capital e traballo, mais tamén entre burguesías nacionais e nacións e até entre distintos tipos de capitais. Monopolios transnacionais e fondos de investimento controlan as cadeas de valor

globais, mais o Estado continúa a ser unha ferramenta esencial para defender os intereses do capital.

O Estado burgués mantén a orde interna —disciplinando as clases traballadoras e reprimindo resistencias— garante a acumulación de capital —con leis, monopolio da violencia e burocracia— e proxecta o capital nacional externamente —negociacións, acordos, sancións, intervencións militares. Alén diso, estruturas supraestatais como a OTAN, FMI e Banco Mundial, sen nengún tipo de control popular, funcionan como extensións desa dominación global, impondo políticas que precarizan o traballo e reforzan a lóxica extractivista que traslada valor da periferia para o centro. Os países dependentes son forzados a organizar as súas economías para fornecer materias-primas, man de obra barata e mercados cautivos aos centros imperialistas. Iso resulta en débedas externas, perda de soberanía e destrución ambiental. As burguesías compradoras, aliadas ao Estado, actúan como intermediarias, subordinándose á acumulación das potencias centrais.

Importa destacar que esta lóxica centro-periferia non se limita á escala internacional: tamén se reproduce dentro dos Estados. Nacións sen estado, rexións subalternas, áreas rurais, comunidades indíxenas, barrios operarios ou zonas empobrecidas funcionan como zonas de sacrificio, das cales se extrae valor —en forma de traballo, recursos ou impostos— para nutrir os grandes centros financeiros e industriais (Harvey, 2003). Así, a desigualdade territorial organizase como parte da ditadura da burguesía, reiterando no plano nacional as mesmas dinámicas do imperialismo global.

As estruturas infraestatais —gobernos rexionais, municipais ou instancias de descentralización— non escapan desta lóxica: frecuentemente funcionan como correas de transmisión para canalizar recursos para o capital central ou para administrar políticas de contención social.

Deste modo, o imperialismo actual configúrase como unha pirámide xerárquica:

— No cume, a burguesía monopolista e os Estados centrais, apoiados en estruturas militares e financeiras como a OTAN ou o FMI, servizos secretos e o uso do terrorismo para desestabilizar pobos e nacións resistentes.

— Na base, a clase traballadora e as comunidades populares, explotadas e espoliadas, tanto nos países dependentes como nos centros imperialistas.

— Intermediando, unha rede de burguesías locais, burocracias e elites compradoras que colaboran coa orde imperialista para preservar os seus privilexios.

A espoliación ambiental é esencial para o Imperialismo

No medio de todo isto, a espoliación ambiental non é un efecto colateral, mais si *unha condición esencial do capitalismo* na súa fase imperialista (Moore, 2015). A caída tendencial da taxa de lucro obriga o capital a expandir constantemente as fronteiras de extracción: bosques, augas, minerais raros e terras fértiles convértense en obxectivo permanente de saqueo. A polución e os custos ambientais deslócanse sistematicamente para as comunidades máis empobrecidas, alimentando a contradición entre capital e natureza sumada á contradición fundamental entre capital e traballo.

As leis tendenciais do espolio imperialista non se aplican de forma uniforme ou mecánica, o volume e a intensidade da pillaxe de recursos naturais son sempre mediados por factores concretos, entre eles, destácanse dous modificadores centrais:

Primeiro, a virulencia das burguesías —en calquera dos niveis de xerarquía da estratificación capitalista, do centro imperialista até a burguesía local— é tanto maior canto máis crítico, estratéxico ou insubstituíbel sexa o recurso a explotar: reservas de auga doce, acuíferos subterráneos, minerais raros, terras fértiles ou zonas de biodiversidade única tórnanse focos prioritarios de espolio, dada a súa relevancia para a reprodución ampliada do capital en escala global.

Segundo —e máis decisivo—, a correlación de forzas na liuta de clases determina os límites efectivos dese saqueo, pois a resistencia popular pode impor custos de oportunidade, inviabilizar proxectos ou forzar rearranxos nos mesmos. Iso pode ocorrer por medio de mobilizacións comunitarias de defensa do territorio (como os Mapuches fronte ao extractivismo), alianzas interclases entre pequenos propietarios, traballadores por conta propia, pequenas burguesías e organizacións sindicais, políticas, ambientais de esquerda (o caso de Altri na Galiza) ou mesmo coalicións máis amplas onde fraccións da burguesía local se asocian a sectores populares para defender a soberanía nacional en disputas existenciais fronte a capitais francos.

É moi interesante, nese sentido, observar o fenómeno de países como a Venezuela, a Rusia e, a un nivel supraestatal, as fórmulas de articulación dos BRICS, onde o denominador común principal —aínda que non o único— é a concentración da maior parte dos recursos naturais do planeta, constantemente ameazados pola pillaxe do imperialismo e como se trata dun movemento soberanista que procura unha resposta multipolar e soberana ao imperialismo.

A espoliación en larga escala e o ritmo con que ocorre son un resultado directo da complexa interacción dialéctica entre a lóxica de acumulación ampliada de capital e a capacidade de resistencia e organización dos pobos e das clases subalternas.

Para entender esa dinámica, o marxismo ofrece unha contribución metodolóxica inestimábel. A través del, podemos comprender as causas e os mecanismos da espoliación. En última análise, soamente a organización popular e antiimperialista pode reorientar a actividade humana para un camiño sustentábel, garantindo que as futuras xeracións e os pobos non sexan privadas dos seus recursos esenciais.

En conclusión

A historia da humanidade está intrinsecamente ligada á súa relación co medio ambiente. Esa interacción é unha relación dialéctica, caracterizada por unha tensión constante.

Esa tensión pode, por veces, comprometer tanto a capacidade de autorrexeneración do medio ambiente canto, como consecuencia, a propia sobrevivencia humana.

Nese contexto, as análises de Marx e Engels son esenciais e están plenamente vixentes os nosos días, e o uso das súas categorías é totalmente pertinente para comprender os fenómenos actuais relacionados a esa dinámica.

É fundamental notar que a maioría das críticas sobre o posicionamento de Marx e Engels ignoran a súa metodoloxía, a dialéctica e parten de posicionamentos esquerdistas e idealistas típicos: determinismo, mecanicismo, produtivismo... e carecen de sustento á vista dos textos.

Finalmente, observamos como o capitalismo, na súa fase imperialista, acelerou exponencialmente a explotación dos recursos naturais, a absorción de valor para o centro imperialista, visando contrapesar a caída da taxa de ganancia e a exportación do despoxo e da catástrofe ambiental para as rexións subordinadas.

As crises ecolóxicas poden, así, ser comprendidas como máis unha manifestación da luta de clases, hoxe evidenciada polo desenvolvemento do antiimperialismo, multipolarismo e polas crecentes luitas de libertación e dos pobos.

Miguel Rodríguez Carnota

Primeira parte. Colonialismo de explotación

«Y daba yo graciosas mil cosas buenas, que yo llevaba, porque tomen amor, y allende de esto se hagan cristianos, y se inclinen al amor y servicio de Sus Altezas y de toda la nación castellana, y procuren de ayuntar y nos dar de las cosas que tienen en abundancia, que nos son necesarias»¹.

Así falou Colón cando comunicou a outros europeos o seu contacto con aquelas persoas ás que erroneamente tratou de indios. É todo un documento histórico esta carta na que o «descubridor» exaxera sospeitosamente o relato das riquezas intuídas na nova terra. Afirma o navegante que en certa illa existen «grandes minas de oro» e naquela outra «hay oro sin cuento». Mais conto haber habíao, só que no relato do Almirante; tais xigantescas minas do prezado metal non apareceron por ningures nos lugares que o explorador sinala. Credulidade? Vontade de estafa? Confusión dos desexos coa realidade? Quizá algo no medio de todas elas.

Con todo, na declaración de intencións do Almirante hai algo que non aparece manifesto: o desexo de acabar cos indíxenas co fin de apropiarse da súa terra. Non é esa a estratexia. A idea é outra, a de facer uso da poboación existente, subxugala e incluíla no esquema imperial para o beneficio económico da potencia conquistadora. Ao non existir contestación manifesta por parte dos espantados habitantes, alí onde Colón pon o pé terras e persoas pasan á disposición da Coroa, inclinadas ao seu amor (!) e servizo. El mesmo certifica a lexitimidade da súa conquista deste curioso xeito:

«[...] y de ellas todas [as illas encontradas] he tomado posesión por Sus Altezas con pregón y bandera real extendida, y no me fue contradicho»².

E ficaba contente, como se as persoas que observaban atónitas a escena agochadas tras dos manguzais soubesen o que estaban a representar aqueles personaxes carnavalescos despregando trapos de cores ao sol.

A violación das mulleres indíxenas foi outra das eficaces armas de conquista. Sen rubor ningún e aínda con altivez, Michele da Cuneo, amigo e acompañante de Colón na segunda viaxe, proporcionáanos o vívido relato inaugural da barra libre do sexo:

En canto estaba na barca, fixen cativa unha fermosísima muller caribe, que o antedito Almirante me regalara, e despois de levala ao meu camarote, e estando ela núa segundo é o seu costume, sentín desexos de folgar con ela. Quixen cumprir o meu desexo, mais ela non consentiu e deume tal trato cos súas uñas que preferín non ter nunca comezado. Mais ao ver isto (e para contarcho todo até o final) apañei unha corda e dinlle azoutas, despois das cais ceibou grandes berros, tais que non poderían crer os teus ouvidos. Finalmente chegamos a estar tan de acordo que podo dicirche que parecía que fose criada nunha escola de putas³.

Descoñécese o relato da muller agredida, que con toda seguridade sería diferente. Mais non, a pesar da crueza dos feitos, aínda o exterminio non está na axenda. Os indios son mediadores necesarios entre a avaricia dos conquistadores e o metal que perseguen. O xenocidio acabará vindo igualmente para a poboación do Caribe, quer polas doenzas importadas, quer polas condicións do traballo escravo ou as guerras. Mais non era esa a idea inicial. O que se pretendeu nun principio foi un colonialismo de explotación.

Segunda parte. Colonialismo de exterminio

Deamos un salto no tempo. A conquista e colonización de América resultou no o maior xenocidio xamais perpetrado. É inútil entrar na infantil polémica sobre se foi máis cruel a colonización ibérica ou a

anglosaxoa. En todo caso, a ambos os colonizadores decontado lles surxiron uns competidores avantaxados nas prácticas de exterminio. Os gobernantes crioulos, unha vez acadadas as independencia das súas repúblicas, perpetraron tales atrocidades contra os seus pobos orixinarios que fixeron palidecer as dos vellos conquistadores europeos.

Domingo Faustino Sarmiento foi presidente da nación arxentina entre 1868 e 1874. Escritor de renome, xornalista e pedagogo. Prócer liberal, demócrata, republicano. Impulsor das obras públicas e da educación universal, laicista, masón e progresista, biógrafo de Abraham Lincoln e até do propio Xesús Cristo⁴, cabe porén ilustrar a figura de Sarmiento con outro cualificativo inevitábel: o de xenocida. En 1844, nun artigo do diario chileno «El Progreso» (atención ao nome!), Sarmiento declara as súas intencións sen pelos na lingua:

«Por los salvajes de América sentimos una invencible repugnancia sin poderlo remediar; y para nosotros, Colocolo, Lautaro, Caupolicán, no son más que indios asquerosos a quienes habríamos hechos colgar y mandaríamos colgar ahora mismo si reapareciesen».

Anos despois insistía en El Nacional:

Lautaro, Rengo, y Caupolicán son unos indios piojosos, porque así son todos. Incapaces del progreso. El exterminio de esa canalla es providencial y útil, sublime y grande... Se les debe exterminar sin ni siquiera perdonar al pequeño que tiene ya, el odio instintivo al hombre civilizado⁵.

O presidente acaba avogando por una América «ocupada pola raza caucásica, a máis perfecta, a máis intelixente, a máis bela e a máis progresiva entre as que poboan a terra». Cando o goberno arxentino, anos máis tarde, lanzou unha campaña militar de aniquilamento dos pobos orixinarios da extensa Patagonia, remexeu no baúl do cinismo e non atopou outro nome máis acaído que a Conquista do Deserto. Contradición: por que enviar un exército a conquistar un deserto? Resposta obvia: o deserto estaba ocupado por aqueles indios aos que Sarmiento tanto amaba.

O asturiano José Menéndez foi un hábil gandeiro. A cabalo entre os séculos XIX e XX estableceuse no último confín austral da terra, a case inexplorada Terra do Fogo. Moi ben relacionado, logrou do goberno a concesión de milleiros de hectáreas de territorio, óptimo para instalar xigantescas estancias gandeiras coas que alimentar o mercado británico. Só había un problema que dificultaba valar os campos nos que pastaban as súas ovellas: o pobo selk'nam. Os tamén chamados onas habitaban aqueles confíns desde seis mil anos atrás e precisaban terra libre para a caza nómade do guanaco, a súa fonte de alimento e calor.

Cando o valado dos campos imposibilitou a caza dese mamífero autóctono, aqueles indios ladróns, comunistas primarios e descoñecedores da propiedade privada, comezaron a cazar os guanacos brancos, é dicir, as ovellas dos gandeiros. A solución a este reto foi o exterminio da raza en nome do progreso. Unha libra esterlina por cada orella de indio masacrado. Facendeiros, cazaindios, misións anglicanas e albergues salesianos reducíronos até a mínima expresión.

Alex MacLennan, capataz de Menéndez, sentíase feliz facéndolles un favor aos selk'nam cando co seu Winchester lles instalaba unha bala de chumbo na cabeza. Ao matalos, dicía, realizaba unha acción humanitaria, pois nunca se afarían a vivir cativos nunha misión onde languidecerían ou morrerían de doenzas importadas. O humanista MacLennan morreu na gloria e na cama, co fígado estragado pola inxestión de bebidas espirituosas.

As stirpes dos facendeiros prolónganse no tempo até os nosos días, tanto no Chile como na Arxentina. Membros da aristocracia estanciera que sempre cortou o bacallau na tenda e na trastenda das repúblicas do cono sur, a súa preponderancia social de hoxe orixínase no xenocidio normalizado dos pobos selk'nam, aónikenk, yámana, kaweskar, haush, e na submisión do extenso pobo mapuche. Os seus territorios orixinarios pertencen agora a grandes propietarios.

Hoxe os terratenentes son, á parte dos Menéndez e das familias tradicionais, xentes tan coñecidas como o magnate John Lewis, o actor Sylvester Stallone, o creador da CNN Ted Turner, a familia Suchard —

donos de Nestlé—, o millonario ultraconservador George Soros ou o fillo dos fundadores de Pepsico, Ward Lay, que algo terá que ver coas famosas patacas fritas en bolsa. Mais o que leva a palma en canto a terras ocupadas é Luciano Benetton, o italiano empresario da roupa de look informal que factura tres cuartas partes da súa produción en territorio europeo. 6 Nas súas propiedades patagónicas, en eterno conflito co pobo mapuche, a empresa das United Colors xestiona máis territorio que a provincia da Coruña enteira, produce unha inxente cantidade de la para as súas prendas e obtén cuantiosos beneficios dunhas terras roubadas con violencia aos seus moradores. En 2017, o activista mapuche Santiago Maldonado pagou coa vida a súa opción de reclamarlle ao yuppie Benetton a propiedade das terras para o seu pobo.

Aquí a nosa civilización mudou de estratexia e optou por acabar con todos aqueles que estorbaban. É dicir, escolleu o colonialismo de ocupación, imposíbel sen o exterminio de poboacións enteiras e o desprazamento e aculturación dos escasos superviventes. A loita pola terra, porén, segue en pé.

Terceira parte. Ocupación e xenocidio televisado en Palestina

Non é novo, pois, que alguén decida o exterminio dun pobo en nome dos valores occidentais, do progreso e aínda da democracia. O que si é novidoso é que todo isto suceda hoxe diante dos nosos fociños sen que ninguén mova un dedo, e que a normalización do xenocidio obre para nós de forma instantánea, non retroactiva. Non estamos interpretando un pasado doloso, senón observando inmóbeis un presente que a algúns nos espanta mentres que a outros deixa indiferentes.

As crúas imaxes que nos chegan desde a Palestina, maiores en número e claridade que as do xenocidio *tutsi* ou as do holocausto indíxena guatemalteco, ambas na década dos noventa do pasado século, non menten. Grazas á TV e á internet, os salóns das nosas casas éñchense de hospitais bombardeados, escolas destruídas con meniños dentro, sacos de plástico ensanguentados camiño da foxa común. A

claridade do relato é absoluta. Xa nin se disfrazan os obxectivos últimos: exterminio e ocupación.

A pesar da crueldade das novas, a patoloxía da indiferenza está instalada na nosa mente occidental. Mais esta inacción ante o masacre faise menos estraña cando nos miramos no espello e traemos a primeiro plano eses xenocidios que obran, xa naturalizados, nos recunchos escuros da nosa memoria colectiva, na trastenda da historia da nosa civilización. Non estamos facendo nada que non fixeramos antes moitas veces.

Final. Quen carece de alma?

Moito antes da Controversia de Valladolid do ano de 1550, na que Sepúlveda e De las Casas debateron sobre o mellor xeito de levar adiante a aventura colonial española, xa se discutía sobre a presenza ou a ausencia da alma nas persoas dos indios. Serán, aínda que infieis, persoas completas ou simplemente unha variedade animal e desanimada, externamente semellante ao ser humano, mais non ser humano completo? A polémica resolveuna o Papa, que optou pola primeira das opcións: aquelas persoas tiñan, efectivamente, corpo e alma, fosen ou non fosen cristiáns.

Non é a alma dos outros a que hoxe está baixo sospeita. A inacción das masas occidentais que contemplan o exterminio desde o sofá sen se mover, as que asisten despreocupadas —e explotadas— a masivos eventos para engordar as contas anuais das empresas que executan o xenocidio, as que se atopan singularmente ben desviando a mirada e ollando para ningures mentres se asasina impunemente ao seu redor, fannos intuír que as persoas carentes de alma non moran noutros continentes, senón que se atopan entre nós. Que a desanimada e a desalmada é a nosa sociedade no seu conxunto. Que o capitalismo acabou papándonos o espírito.

Mais os dados están botados e a partida aínda en execución. «Sabemos que ti podes ser outra cousa», dicía o poeta, referíndose á Galiza; «sabemos que o home pode ser outra cousa», acrecentaba referíndose ao xénero humano. Temos a obriga de exercer ese desexo.

Como for, debemos procurar que o medo cambie de bando. Que cada pacto, cada venda de armas, cada aperto de mans cos xenocidas resulte en graves queimaduras nas extremidades do político que o perpetra. É a nosa obriga histórica. Seremos finalmente quen de acordar, recuperar a alma perdida e pór o corpo a funcionar?

Introdución a «Neocolonialismo — último estadio do imperialismo»

Kwane N’Krumah

O neocolonialismo de hoxe representa o imperialismo no seu estadio final e talvez o máis perigoso. No pasado, era posíbel converter unha nación á cal fose imposto un réxime neocolonial —o Exipto século XIX é un exemplo— nun territorio colonial. Hoxe, ese proceso xa non é viábel. O colonialismo de vello estilo non está, de modo algún, abolido. Constitúe aínda un problema africano, mais encóntrase en retroceso por todas partes. Unha vez un territorio se torna nominalmente independente, xa non é posíbel, como o século pasado, inverter o proceso. As colonias existentes poden continuar por máis tempo, mais non serán creadas novas colonias. En lugar do colonialismo, como principal instrumento do capitalismo, temos hoxe o neocolonialismo.

A esencia do neocolonialismo é que o Estado sometido a el é, teoricamente, independente e ten todos os adornos exteriores da soberanía internacional. Na realidade, o seu sistema económico e, por tanto, o seu sistema político, é dirixido do exterior.

Os métodos e a forma de dirección poden asumir varios aspectos: por exemplo, nun caso extremo, as tropas dunha potencia imperialista poden guarnecer o territorio dun Estado neocolonial e controlar o seu goberno. Máis frecuentemente, no entanto, o control neocolonialista é exercido mediante medios económicos ou monetarios. O Estado neocolonial pode ser obrigado a aceptar os produtos manufacturados da potencia imperialista, coa exclusión dos produtos concorrentes doutra orixe. O control sobre a política governamental do Estado neocolonial pode ser asegurado mediante pagamentos para facer fronte ao custo da administración do Estado, polo fornecemento de funcionarios

administrativos, en posicións que lles permitan ditar a orientación, e polo control monetario do cambio externo a través da imposición dun sistema bancario controlado pola potencia imperialista.

Onde o neocolonialismo existe, a potencia que exerce o control é frecuentemente o Estado que gobernou anteriormente o territorio en cuestión, mais iso non acontece necesariamente. Por exemplo, no caso do Vietnam do Sur, esa antiga potencia imperial era a Francia, mais o control neocolonial do Estado pasou agora aos Estados Unidos. É posíbel que o control neocolonial sexa exercido por un consorcio de intereses financeiros que non están especificamente identificados con calquera Estado particular. O control do Congo por grandes intereses financeiros internacionais é un caso deste tipo.

O resultado do neocolonialismo é que o capital estranxeiro é utilizado para a explotación, en vez de ser para o desenvolvemento das partes menos desenvolvidas do mundo. O investimento, baixo o neocolonialismo, aumenta, en vez de diminuír, a brecha entre as nacións ricas e pobres do mundo.

A luta contra o neocolonialismo non ten por obxectivo a exclusión do capital do mundo desenvolvido das operacións en nacións menos desenvolvidas. Ten por obxectivo impedir que a forza financeira das nacións desenvolvidas sexa utilizada de tal maneira que empobreza os menos desenvolvidos.

O non aliñamento, tal como é practicado polo Gana e por moitas outras nacións, baséase na cooperación con todos os Estados, sexan eles capitalistas, socialistas ou posúan unha economía mixta. Tal orientación, por tanto, envolve o investimento externo de nacións capitalistas, mais este debe ser aplicado segundo o plano nacional organizado polo goberno do Estado non aliñado, para os seus propios intereses. A cuestión non é cal o retorno que o investidor estranxeiro obtén sobre os seus investimentos. Pode, até, alcanzar mellores resultados se investir nun Estado non aliñado que nun país neocolonial. A cuestión é de poder. Un Estado nas garras do neocolonialismo non é señor do propio destino. É ese factor que torna o neocolonialismo unha ameaza tan seria á paz mundial.

O crecemento das armas nucleares tornou superada a anticuada balanza de forzas, que se apoiaba nunha guerra a grande escala como sanción maior. A certeza de destrución masiva mutua impide, efectivamente, calquera dos grandes bloques de potencias de ameazar o outro coa posibilidade dunha guerra de ámbito mundial, e o conflito militar ficou así confinado a «guerras limitadas». Para esas, o neocolonialismo é o caldo de cultura.

Esas guerras poden, naturalmente, ocorrer en nacións que non están controladas por neocolonialistas. O seu obxectivo pode mesmo ser o de crear, nunha nación pequena, mais independente, un réxime neocolonialista. O mal do neocolonialismo é que impide a formación desas grandes unidades que imposibilitarían a «guerra limitada». Para dar un exemplo: se a África se unise, ningún bloque de grandes potencias iría tentar subxugala mediante unha guerra limitada, porque, pola propia natureza desta, o que pode ser conseguido é, en si, limitado. Só onde existen pequenos Estados se torna posíbel, desembarcando algúns miles de soldados ou financiando unha forza mercenaria, asegurar un resultado decisivo.

A restrición á acción militar nas «guerras limitadas», no entanto, non é unha garantía de paz mundial e é probabelmente o factor que acabará por envolver os grandes bloques de potencias nunha guerra mundial, por máis que ambos estean decididos a evitala.

A guerra limitada, unha vez iniciada, adquire un impulso propio. A guerra do Vietnam do Sur é apenas un dos exemplos diso. A escalada ocorre a pesar do desexo dos grandes bloques de potencias de a manteren limitada. Aínda que esa guerra poida ser impedida de conducir a un conflito mundial, a multiplicación de guerras limitadas semellantes só pode ter un fin: a guerra mundial e as espantosas consecuencias dun conflito nuclear.

O neocolonialismo é tamén a peor forma de imperialismo. Para aqueles que o exercen, significa poder sen responsabilidade; e para aqueles que o sofren, significa explotación sen alivio. Os días do antigo colonialismo, a potencia imperial tiña, polo menos, de explicar e xustificar internamente as accións que realizaba no exterior. Na colonia, aqueles que servían a potencia imperial dominante, podían ao menos esperar a súa protección contra calquera acción violenta dos seus opositores. Co neocolonialismo, nengún destes casos acontece.

Encima de todo, o neocolonialismo, como antes del o colonialismo, adía o enfrentamento de cuestións sociais que terán que ser encaradas polo sector plenamente desenvolvido do mundo, de modo que o perigo de guerra mundial poida ser eliminado ou o problema da pobreza mundial resolto.

O neocolonialismo, tal como o colonialismo, é unha tentativa de exportar os conflitos sociais das nacións capitalistas. O éxito temporal desa política pode ser visto na expansión crecente da brecha entre as nacións máis ricas e as máis pobres do mundo. Mais as contradicións e conflitos internos do neocolonialismo traen a certeza de que el non pode perdurar como política mundial permanente. Como debe ser eliminado, é un problema que debería ser estudado, encima de todo, polas nacións desenvolvidas do mundo, porque son elas as que sentirán o impacto total do seu fracaso final. Canto máis tempo perdurar, máis certo é que o seu inevitábel colapso destruírá o sistema social que del fixo o seu fundamento.

A razón do seu desenvolvemento no período do pos-guerra pode ser rapidamente resumida. O problema que as nacións ricas do mundo

enfrentaban no fin da Segunda Guerra Mundial era a imposibilidade de regresar á situación anterior á guerra, na cal había unha grande distancia entre os poucos ricos e os moitos pobres. Non importaba que partido, en particular, estivese no poder: as presións internas nas nacións ricas do mundo eran tales que nengunha nación capitalista do pos-guerra podería sobrevivir, excepto se se tornase un *Welfare State*, unha nación de prosperidade xeral. Podían existir diferenzas de grao na extensión dos beneficios sociais concedidos aos traballadores industriais e agrícolas, mais o que era imposíbel en toda a parte era o regreso ao desemprego en masa e ao baixo nivel de vida dos anos anteriores á guerra. Do final do século XIX en diante, as colonias foron consideradas unha fonte de riqueza que podía ser usada para mitigar os conflitos de clase nos Estados capitalistas e, como será explicado adiante, esa política obtivo algún éxito. Mais fallou no seu obxectivo final, porque os Estados capitalistas de antes da guerra estaban internamente organizados de tal maneira que o groso do lucro obtido das posesións coloniais ía parar aos petos da clase capitalista, e non aos dos operarios. Lonxe de atinxir o obxectivo, os partidos da clase operaria, por veces, tendían a identificar os seus intereses cos dos pobos coloniais, e as potencias imperialistas víronse envolvidas nun conflito en dúas frentes: internamente, cos seus propios traballadores; e no exterior, contra as forzas crecentes de libertación colonial.

O período do pos-guerra inaugurou unha política colonial mui distinta. Foi feita unha tentativa deliberada de desviar os rendementos coloniais da clase rica e, en vez diso, utilízalos para financiar, dunha forma xeral, o *Welfare State*. Como se verá nos exemplos presentados adiante, foi ese o método conscientemente adoptado mesmo por aqueles líderes da clase traballadora que, antes da guerra, consideraran os pobos coloniais como seus aliados naturais contra os inimigos capitalistas no seu propio país.

A principio, presumiuse que ese obxectivo podería ser alcanzado manténdose o sistema colonial anterior á guerra. A experiencia, con todo, demostrou rapidamente que as tentativas de o facer serían desastrosas e soamente provocarían guerras coloniais, disipando así as gaños esperadas da continuación do réxime colonial. A Gran Bretaña, en

particular, comprendeu iso nunha fase inicial, e a xusteza do raciocinio británico foi subsecuentemente confirmada pola derrota do colonialismo francés no Extremo Oriente e na Alxeria, e polo fracaso dos holandeses en reter calquera parte do seu antigo imperio colonial.

O sistema do neocolonialismo foi así instituído e, a curto prazo, serviu admirabelmente as nacións desenvolvidas. A longo prazo, porén, as súas consecuencias serán probabelmente catastróficas.

O neocolonialismo asenta no principio de dispersar grandes territorios coloniais anteriormente unidos en numerosos pequenos Estados inviábeis, incapaces de desenvolvemento independente e obrigados a depender da antiga potencia imperial para a defensa e mesmo para a seguranza interna. Os seus sistemas económico e financeiro permanecen ligados, como os días coloniais, aos do antigo dominador.

Á primeira vista, podería parecer que o sistema trae moitas vantaxes para as nacións desenvolvidas do mundo. Todos os lucros do neocolonialismo poden ser garantidos se, en calquera rexión determinada, unha razoábel proporción dos Estados mantiver un sistema neocolonialista. Non é necesario que todos o teñan. A menos que os pequenos Estados consigan unirse, son forzados a vender as súas materias-primas a prezos ditados polas nacións desenvolvidas e a comprarlles os produtos manufacturados polos valores que estas fixaren. En canto o neocolonialismo evitar as condicións políticas e económicas necesarias ao desenvolvemento óptimo, as nacións en desenvolvemento, quere estean ou non baixo control neocolonial, serán incapaces de crear un mercado suficientemente vasto para sustentar a industrialización. Do mesmo modo, faltarán a forza financeira que lles permita obrigar as nacións desenvolvidas a pagar as súas materias-primas a un prezo xusto.

Nos territorios neocolonialistas, unha vez que a antiga potencia colonial cedeu teoricamente o control, as mesmas condicións sociais provocadas polo sistema poden xerar revoltas. Se un goberno local se revelar problemático, pode ser sacrificado e substituído por outro máis servil, posto no seu lugar.

Por outro lado, en calquera continente onde o neocolonialismo exista en larga escala, as mesmas presións sociais que poden producir revoltas en territorios neocoloniais afectarán tamén os Estados que se recusaron a aceptar o sistema. Consecuentemente, as nacións neocolonialistas posúen unha arma xa pronta coa que poden ameazar os seus opositores, sempre que estes pareceren estar a desafiar o sistema con éxito.

Esas vantaxes, que á primeira vista parecen tan reais, revélanse, no entanto, ilusorias cando analizadas, porque deixan de lado os factos do mundo de hoxe.

A introdución do neocolonialismo aumenta a rivalidade entre as grandes potencias, tal como acontecía co colonialismo de vello estilo. Por menor que sexa, é real que un Estado neocolonialista, polo simple facto da súa independencia nominal, posúa unha certa marxe de manobra. Pode non conseguir sobrevivir sen un señor imperialista, mais, mesmo así, ten a capacidade de mudar de aliado.

O Estado neocolonialista ideal sería aquel totalmente servil aos intereses neocolonialistas. No entanto, a existencia das nacións socialistas imposibilita a aplicación integral do sistema neocolonialista.

A existencia dun sistema alternativo constitúe, en si, un desafío ao réxime neocolonialista. As advertencias respecto aos «perigos da subversión comunista» acaban por ser un cuitelo de dous gumes, porque chaman a atención dos que viven baixo un sistema neocolonialista para a posibilidade dunha mudanza de réxime.

De facto, o neocolonialismo é vítima das súas propias contradicións. Para o tornar atraente aos ollos daqueles sobre os cales é practicado, precisa ser presentado como capaz de elevar os seus niveis de vida. Mais o obxectivo económico do neocolonialismo é manter eses niveis reprimidos, no interese das nacións desenvolvidas. É apenas cando esa contradición é comprendida que o fracaso de innúmeros programas de «axuda», moitos deles ben intencionados, pode ser explicado.

En primeiro lugar, os gobernantes dos Estados neocolonialistas reciben a súa autoridade para gobernar non da vontade do pobo, mais

do apoio que obteñen dos seus señores neocolonialistas. Teñen, por tanto, pouco interese en desenvolver a educación, en aumentar o poder de negociación dos seus traballadores empregados en empresas estranxeiras ou, na verdade, en tomar calquera medida que contrarie a estrutura colonial de comercio e industria, cuxa preservación é o obxectivo do neocolonialismo. A «axuda», por tanto, para un Estado neocolonialista, é meramente un crédito rotativo, pagado polo señor neocolonial, pasando polo Estado neocolonial e retornando ao mesmo señor baixo a forma de lucros aumentados.

En segundo lugar, é no campo da «axuda» que a rivalidade entre os Estados desenvolvidos individuais primeiro se manifesta. En canto existir o neocolonialismo, persistirán as esferas de influencia, e iso torna a axuda multilateral —que é, na realidade, a única forma eficaz de axuda— imposíbel.

Unha vez iniciada a axuda multilateral, os señores neocolonialistas vense confrontados coa hostilidade dos intereses instalados nas súas propias terras. Os seus industriais, naturalmente, oponse a calquera tentativa de elevar o prezo das materias-primas que obteñen do territorio neocolonial en cuestión, ou ao establecemento, nese territorio, de industrias manufactureiras que poidan competir, directa ou indirectamente, coas súas exportacións. Até mesmo a educación é vista con sospeita, por ser considerada capaz de dar orixe a un movemento estudantil. E é, naturalmente, verdade que, en moitos países menos desenvolvidos, os estudantes teñen sido a vangarda da luta contra o neocolonialismo.

Aquilo no cal os señores coloniais poden sempre confiar é na «axuda militar».

Cando un territorio neocolonial é levado a un tal estado de caos económico e de miseria que a revolta se desencadea, entón —e soamente entón— non hai límites para a xenerosidade do dominador neocolonial, desde que, evidentemente, os fondos fornecidos sexan utilizados exclusivamente para fins militares.

Na realidade, a axuda militar marca o último estadio do proceso, e o seu efecto é autodestrutivo. Máis cedo ou máis tarde, as armas fornecidas acaban por pasar para as mans do pobo insurxente, voltándose contra o propio réxime neocolonialista e profundando aínda máis a miseria social que a provocou.

O neocolonialismo é unha pedra ao pescozo das propias nacións desenvolvidas que o practican. Mais, se un día conseguiren librarse del, non será a través do regreso á dominación colonial directa. Esa solución xa non é posíbel, e os motivos diso foron ben explicados por Owen Lattimore, experto norteamericano e conselleiro de Chiang Kaishek no período inmediatamente posterior á guerra. Lattimore escribiu:

«A Asia, que foi tan fácil e rapidamente subxugada por conquistadores os séculos XVIII e XIX, demostra agora unha impresionante capacidade de resistencia contra exércitos modernos, equipados con avións, tanques, vehículos motorizados e artillaría móbil.

Antigamente, grandes territorios eran conquistados, na India, con pequenos continxentes. Os rendementos —primeiro polo saqueo, despois por impostos directos e, finalmente, a través do comercio, do investimento de capitais e da explotación a longo prazo— cubrían con incríbel rapidez os gastos das operacións militares.

Esa aritmética representaba unha grande tentación para as nacións fortes. Agora, porén, encontran pola fronte unha nova realidade e unha nova aritmética que as desencoraxara».

Esa mesma aritmética, probabelmente, aplícase a todo o mundo menos desenvolvido.

Este libro é, por tanto, unha tentativa de examinar o neocolonialismo, non apenas no contexto africano e das súas relacións coa unidade africana, mais tamén en perspectiva mundial. O neocolonialismo non é, de modo algún, unha cuestión exclusivamente africana. Muito antes de ser practicado en larga escala en África, era un sistema establecido noutras partes do mundo. En nengún lugar obtivo éxito, quere en elevar

os niveis de vida, quer, en última instancia, en traer beneficios aos países aos que se aplicou.

Marx predixo que a crecente distancia entre a riqueza das clases posuídoiras e os traballadores que elas empregan acabaría por xerar un conflito nefasto para o capitalismo, en cada Estado capitalista isolado.

Ese conflito entre ricos e pobres foi agora trasladado para o escenario internacional, mais, para comprobar o que se recoñece estar a acontecer, xa non é necesario consultar os autores marxistas. A situación é exposta coa máxima clareza nos principais órganos de opinión capitalista. Tomemos, por exemplo, os seguintes extractos do *The Wall Street Journal*, o xornal que talvez mellor reflecta o pensamento capitalista norteamericano.

No número de 12 de maio de 1965, baixo o cabezallo «A situación das nacións pobres», o xornal analiza, en primeiro lugar, «que nacións son consideradas industriais e cales son atrasadas». Non hai, explica, «un método ríxido de clasificación». A pesar diso, afirma:

«Un criterio de separación xeralmente usado foi recentemente mantido polo Fondo Monetario Internacional porque, nas palabras dun funcionario do FMI, «a delimitación económica no mundo tórnase cada vez máis evidente». A separación, di o funcionario, «baséase no simple bon senso».

«Do punto de vista do FMI, as nacións industriais son os Estados Unidos, o Reino Unido, a maioría das nacións da Europa Occidental, o Canadá e o Xapón. Unha categoría especial denominada “outras áreas desenvolvidas” inclúe outros países europeos, como a Finlandia e a Irlanda, ben como a Australia, Nova Zelandia e África do Sur. A categoría dos “menos desenvolvidos” inclúe, para o FMI, toda a América Latina, practicamente todo o Medio Oriente, a Asia non comunista e África. Noutras palabras, as nacións “atrasadas” sitúanse nas áreas neocoloniais».

Após citar números en apoio aos seus argumentos, o *Wall Street Journal* comenta a situación:

«As nacións industriais acrecentaron case dous mil millóns ás súas reservas, que agora se aproximan de 20 mil millóns de dólares. Ao mesmo tempo, as reservas do grupo menos desenvolvido non só deixaron de crecer como diminuíron cerca de 200 millóns. Para analistas como Mis Ward, británica, o significado destas estatísticas é claro: a disparidade económica aumenta rapidamente, entre unha elite mui restrinxida do Atlántico Norte —branca, condescendente e mui rica— e os demais, e iso é unha herdanza mui incomoda para deixar aos nosos fillos. Esta elite inclúe aproximadamente dous terzos da poboación mundial, espallada por cen países».

Este problema non é novo. No parágrafo inicial do libro *A Guerra Contra a Pobreza Mundial*, escrito polo actual líder laborista Harold Wilson, é resaltada a importancia do problema global:

«A grande maioría da humanidade enfrenta un problema de maior urxencia que a guerra, o comunismo ou a preservación do padrón de vida, ou mesmo os impostos. É a fame. Máis dun billón e medio de persoas —cerca de dous terzos da poboación mundial— viven en condicións de fame aguda e presentan problemas nutricionais identificábeis. A fame é ao mesmo tempo, efecto e causa da pobreza, da sordidez e da miseria en que viven».

As súas consecuencias son, igualmente, claramente comprendidas. O correspondente do *The Wall Street Journal*, anteriormente citado, salientaas:

Muitos diplomáticos e economistas encaran as implicacións como preponderantemente —e perigosamente— políticas. A menos que o actual declive poida ser invertido, temen eses analistas, os Estados Unidos e outras potencias industriais ricas do Occidente enfrentan a posibilidade obvia, nas palabras da economista británica Bárbara Ward, dunha especie de guerra internacional de clases.

O que falta son propostas positivas para enfrentar a situación. Todo o que o correspondente do *The Wall Street Journal* pode facer é frisar que os métodos tradicionais recomendados para remediar os problemas probabelmente só servirían para os agravar.

Xa foi referido que as nacións desenvolvidas deberían asistir efectivamente ás partes máis pobres do mundo e o mundo enteiro debería ser transformado nun *Welfare State*. Parece, no entanto, haber mui poucas perspectivas de que algo desa natureza poida ser alcanzado. Os chamados programas de «axuda» para apoiar as economías atrasadas representan, segundo unha estimativa aproximada das Nacións Unidas, apenas medio por cento do encaixe total das nacións industriais. Canto á perspectiva de incrementar esa axuda, a disposición é pesimista:

«Unha ampla corrente de pensamento afirma que os esquemas de redistribución da riqueza son idealistas e pouco prácticos. Esa corrente argumenta que o clima, a capacidade humana non desenvolvida, a falta de recursos naturais e outros factores —non apenas a falta de diñeiro— retardan o progreso económico en moitos deses países, e que as nacións non teñen persoal co adestramento ou determinación necesarios para utilizar efectivamente unha axuda grandemente expandida. Os esquemas de redistribución da riqueza, segundo este punto de vista, equivalerían a verter diñeiro nun pozo sen fondo, enfracuando as nacións doantes sen remediar efectivamente os problemas das receptoras».

O absurdo dese argumento é demostrado polo facto de que cada unha das razóns citadas para explicar por que as partes menos desenvolvidas do mundo non poden ser desenvolvidas se aplicaba, coa mesma exactitude, ás actuais nacións desenvolvidas, no período anterior ao seu desenvolvemento. O argumento só é válido neste sentido: o mundo menos desenvolvido non se tornará desenvolvido a través da boa vontade ou xenerosidade das potencias desenvolvidas. Só poderá desenvolverse por medio dunha luta contra as forzas externas arremetidas en mantelo subdesenvolvido. Desas forzas, o neocolonialismo é a principal.

Pretendo analizar o neocolonialismo, primeiro examinando o estado do continente africano e demostrando como o neocolonialismo, no momento, mantén a África artificialmente pobre. Enseguida, pretendo mostrar como, na práctica, a Unidade Africana —que só pode ser creada pola derrota do neocolonialismo— podería elevar inmensamente os niveis de vida africanos. A partir deste punto de partida, pretendo

examinar o neocolonialismo en xeral, primeiro historicamente e despois a través da análise dos grandes monopolios internacionais, cuxo continuo estrangulamento dos sectores neocoloniais do mundo asegura a continuación do sistema.

América Latina perante o Imperialismo. Independencia ou dependencia renovada?

Daniel Seixo

En canto estas liñas se trazan sobre un pedazo de papel en branco, un espectro percorre de novo a nosa América. Un fantasma que se recusa a descansar no cemiterio da historia, renacendo coa forza de Vertières ou da Baía dos Porcos. É o eco dos gritos nas minas de Potosí, unha montaña que xa foi de prata e hoxe repousa como un invólucro vacío, deseñando nas súas numerosas cicatrices un monumento ao saqueo que deu orixe ao capitalismo europeo. É o odor suavizado e sanguento dos canavais do Caribe, onde a terra enguliu a vida de millóns de homes, crianzas e mulleres de África para adoçar o té dos señores en Londres e París. É a memoria dunha independencia que prometeu liberdade, mais que acabou por deixar no continente o amargo sabor das correntes que nunca chegan a romper, apenas cubertas polo adorno de bandeiras e constitucións novas.

Como se deseñada pola propia pena de Gabo, a nosa historia é circular, unha espiral onde os nomes dos verdugos mudan, mais a ferida permanece latente. Esta é a rexión da paradoxa trágica: inmensamente rica e eternamente empobrecida. As independencias do século XIX, heroicas nas súas batallas e intencións, foron unha miraxe. Romperon o lazo político con España e Portugal, si, mais as oligarquías crioulas, esas burguesías nadas para servir, apresuráronse a procurar un novo patrón perante o cal someter os seus pobos. A coroa foi substituída pola libra esterlina e esta, á súa vez, polo todo poderoso dólar. A dominación mudou de idioma, de traxe e de maneiras, mais a súa esencia, a do imperialismo, tornouse aínda máis profunda e voraz.

Por todo isto, a tarefa do noso tempo, a única capaz de exorcizar os fantasmas que aínda hoxe tollen esta rexión do mundo, é a de emprender a Segunda e definitiva Independencia. E esta expresión non é apenas unha metáfora, un recurso literario nun artigo destinado ao esquecemento. Esta afirmación é a continuación da xesta de Bolívar, traizoada polos sipaios de cada época. É a «creación heroica» soñada por José Carlos Mariátegui, é a dignidade irrenunciábel que Fidel Castro encarnou en Cuba e o proxecto da Patria Grande que Hugo Chávez resucitou o século XXI para gritar, en plenos pulmóns, que a historia non chegara ao fin. É, en definitivo, a disxuntiva histórica: ou consumamos a emancipación das nosas patrias, ou permaneceremos condenados de máis cen anos de soidade e saqueo.

I. A matriz colonial e as súas cicatrices

Para comprender a dependencia e a pobreza de hoxe, debemos desenterrar o pecado orixinal. A invasión europea de 1492 non foi un «encontro casual» nen unha «misión civilizadora», mais si o acto inaugural da acumulación primitiva de capital á escala planetaria. Como Marx analisou oportunamente, o capitalismo precisou da violencia, do roubo e da escravitude para nacer e desenvolverse. Á nosa América foi atribuído o papel de vítima sacrificial nese altar. Foille imposto, pola forza, o lugar de periferia: unha inmensa mina e unha xigantesca plantación ao servizo dun centro metropolitano que acumulaba a súa riqueza.

Potosí, na Bolivia, é o símbolo máis doloroso deste inmenso xogo. Dise que coa prata extraída do seu cerro se podería construír unha ponte de prata desde a mina até o palacio real en Madrid. E cos osos dos indíxenas que morreron nos seus buracos, se podería facer o camiño de regreso. Esa é a dialéctica do colonialismo: a morte do Sur era a vida e o luxo no Norte; a miseria da América alimentaba a opulencia europea. O sistema de *veas abertas* que Galeano describiu non é unha licenza poética, é a descrición precisa dunha economía de transvase, unha sangría que non cesou até os nosos días.

Cando as elites crioulas, donas da terra, mais totalmente subordinadas no poder político, se levantaron en armas no inicio do século XIX, non o fixeron para crear nacións de cidadáns libres. Fixérono porque temían máis as rebelións dos de baixo do que a propia Coroa —o digno e eterno exemplo da revolución dos escravos no Haití aterrábaos. O seu proxecto non era a xustiza social e a emancipación, mais si o libre comercio para poder vender os seus produtos ao mellor comprador, que nesa altura xa non era España, mais a puxante Inglaterra industrial.

O soño de Simón Bolívar dunha Patria Grande, unha única e poderosa nación de repúblicas, foi desmembrado polos intereses miserentos desas oligarquías locais aduladas polo poder emerxente de Londres. Preferiron ser cabeza de rato nas súas pequenas «repúblicas» que rabo de león nunha grande confederación de pobos que ansiaban a súa liberdade. E así, fragmentados e débiles, foron presa fácil para o novo imperialismo nacente. José Carlos Mariátegui, o marxista máis lucido e esquecido da nosa América, diagnosticouno con clareza meridiana: a independencia non resolveu o «problema do indio» nen o «problema da terra»; a estrutura semifeudal do latifundio permaneceu intacta, apenas que agora servía plenamente aos intereses do capital estranxeiro. A independencia foi unha revolución política superficial que deixou intacta a estrutura económica colonial. Foi, na súa esencia, insuficiente.

II. A longa sombra da Aguiá do Norte

Se o século XIX foi o do imperialismo británico, que conseguiu dominar cos seus bancos e os seus empréstimos todo un continente, o século XX foi, sen sombra de dúbida, o do imperialismo norteamericano. A Doutrina Monroe de 1823, baixo o cínico e sedutor lema «América para os americanos», foi, na realidade, a declaración unilateral de que o continente pasaba a ser o «quinteiro» de Washington. Representou un feitizo para afastar outros imperios e reservar para si o dereito exclusivo de intervir e saquear os pobos americanos.

E ese dereito foi exercido cunha brutalidade sistemática, tal como anteriormente o fixeron contra os pobos nativos sobre os cales construíron a súa patria. A historia do século XX na América Latina é un rosario de agravios, un catálogo de golpes de Estado, invasións e ditaduras orquestradas desde o Norte. Cando, na Guatemala, en 1954, o goberno democrático de Jacobo Árbenz ousou impulsar unha modesta reforma agraria que afectaba os latifundios da United Fruit Company, a CIA non hesitou en organizar un golpe de Estado e mergullar o país en décadas de xenocidio. A mensaxe era clara: as nosas bananas e o noso café valían máis que as nosas democracias.

A Revolución Cubana de 1959 foi o grande desafío, a proba de que un pobo podía decer «basta!», podía mandar parar. E a resposta do imperio foi a invasión da Praia Girón, derrotada por un pobo en armas que pagaría tamaña ousadía cun bloqueo criminoso que durou máis de sesenta anos, un acto de guerra permanente destinado a render pola fame e pola doenza unha nación que cometeu o pecado da dignidade. Fidel Castro tornouse a besta negra do imperio porque demostrou que a verdadeira soberanía era posíbel.

O guión repetiuse veces sen conta, como unha maldición. No Chile de 1973, o soño dunha vía pacífica para o socialismo de Salvador Allende foi afogado en sangue. A Moneda en chamas é o fotograma eterno da crueldade imperialista, que non hesitou un instante en instalar o xeneral Pinochet, un xerente do terror, para transformar o Chile no primeiro laboratorio mundial do neoliberalismo. A través da Operación Cóndor, un pacto de sangue entre as ditaduras do Cono Sur, coordinado pola CIA, o Imperio sementou o continente de desaparecidos, torturados e exiliados. Unha marca que aínda hoxe sangra en demasiados corazóns. A súa luita non estaba en contra o comunismo, estaba en contra calquera indicio de soberanía e liberdade.

Após a inesperada caída do Muro de Berlín, o garrote militar vestiuse coas roupaxes dos tecnócratas do «Consenso de Washington». O FMI e o Banco Mundial tornáronse os novos vice-reis, impondo un catecismo neoliberal: privatizar todo o que fose público, abrir as economías sen protección, cortar no gasto social e subxugar calquera forma de

disidencia. Era a continuación das *veas abertas* por outros medios. Vendemos as «xoias da avoa» a prezo de saldo ás transnacionais e, en troco, recibimos máis pobreza, máis desigualdade e unha débeda externa que é, en si, impagábel, unha prisión perpetua ao pescozo dos pobos.

III. A creación heroica

Mais na Nosa América, a resignación nunca foi opción. Da mesma terra, regada con sangue, brotou o fogo da resistencia. A morte, a destrución, a dor... deixaban na terra do continente a semente do mañá, *Semente de Vencer*. Mariátegui ofreceunos a búsola teórica ao proclamar que o socialismo na Nosa América non podía ser «nen calco, nen copia», mais «creación heroica». Comprende, oportunamente, que a revolución na Nosa América tería que ser marxista, mais tamén indo-americana, fundindo a luta do proletariado coa luta ancestral dos pobos orixinarios pola terra e pola dignidade.

Fidel e a Revolución Cubana transformaron esa contribución teórica en práctica. Cuba ergueuse como farol, a proba material de que un país pequeno e bloqueado podía erradicar o analfabetismo, construír un sistema de saúde público exemplar e enviar médicos —non soldados nen armas— polo mundo. É o realismo máxico da resistencia, conseguindo desafiar as leis da gravidade xeopolítica a través da vontade política e da firme organización popular.

Ao final do século XX, cando o neoliberalismo reinaba, un comandante desenterrou Bolívar e tróuxoo para o presente. Chávez entendeu que a luta era continental e, coa audacia histórica daqueles que nacen para iluminar o camiño da Revolución, comezou a tecer as alianzas para a Segunda Independencia. Así naceron a ALBA–TCP, unha alianza baseada non na competencia, mais na solidariedade; a UNASUR, un consello de defensa suramericano; e a CELAC, o soño bolivariano tornado realidade: un organismo de toda a nosa América, sen a presenza dos Estados Unidos e do Canadá. Eran os primeiros tixolos para reconstruír a casa grande que as oligarquías tiñan demolido conscientemente douscentos anos antes.

IV. Ou o Imperio, ou a Patria Grande

Xa no presente histórico que nos cabe, a espiral da historia colócanos de novo nunha encrucillada. O imperio norteamericano, en visíbel decadencia, resístese a perder a súa hexemonía e intensifica a súa agresión mediante sancións, bloqueos, *lawfare* e guerras mediáticas. Os fantasmas do pasado susúrrannos que a submisión é o único destino posíbel para os pobos. Perú, Chile, Arxentina... os camiños para o derrotismo tinxen o presente de distintos tonalidades. Mais as voces dos heroes e mártires da nosa América exíxenos a audacia de ser libres.

A Segunda e Definitiva Independencia non pode ser un anelo lírico murmurado ao vento, nen unha páxina dourada nun libro de historia que aínda está por escribir. Debe ser un feitizo de tres cantos pronunciado en unísono, un corpo vivo con tres órganos vitais que ou baten xuntos, ou morren xuntos. É o acto político e material que nos permitirá, finalmente, ser donos dos fantasmas que habitan a nosa casa.

O primeiro fronte é a reconquista da Soberanía Política, que supón o dereito fundamental de decidir o noso propio destino sen tutelas externas. Significa a expulsión definitiva da Doutrina Monroe, un nefasto legado imperial que, durante douscentos anos, xustificou a inxerencia e pretendeu converter o continente americano nun taboleiro para os xogos de poder de Washington. En termos prácticos, isto exige o desmantelamento da participación dos pobos americanos na Organización dos Estados Americanos (OEA), ese infame «ministerio das colonias», como a bautizou con desprezo e precisión o Comandante Che Guevara, un fórum concibido para legitimar a vontade de Washington. No seu lugar, a nosa América debe consolidar e fortalecer a CELAC, a Comunidade de Estados Latino-Americanos e Caribeños, como un espazo propio, a mesa onde os pobos, en pé de igualdade, poidan forxar un consenso rexional e presentar ao mundo unha voz unificada e propia.

Mais a independencia política é unha casca vacía se non asentar na Soberanía Económica. Esta é a tarefa principal para fechar de vez as *veas abertas* da América. Supón tomar o control da riqueza que emana do continente e que pertence por dereito histórico aos seus pobos: o litio

dos salares, que debe ser a base do desenvolvemento da clase traballadora e non da acumulación de corporacións estranxeiras; o petróleo do subsolo, que debe alimentar as industrias locais e non a maquinaria do consumo; a auga doce dos ríos e a biodiversidade da nosa Amazonia, que son patrimonio dos pobos orixinarios e non mercadorías nun mercado global. A nacionalización e o control popular destes recursos estratéxicos é un acto elemental de soberanía para garantir un futuro á Nosa América. A partir de aí, trátase de construír unha nova arquitectura financeira que liberte o continente da chantaxe da débeda e do FMI, de impulsar a soberanía alimentar para que os pobos se alimenten do fruto do seu propio traballo e de desenvolver unha industrialización que responda ás necesidades propias e non aos intereses do capital transnacional.

Mais nengunha destas conquistas será duradeira se non vencermos a batalla no campo das ideas, a guerra contra a colonización das consciencias. Debemos combater os espellos deformantes da propaganda imperial e dos medios hexemónicos que nos incitan a desprezarnos, a ver a nosa historia como un fracaso e a aspirar a ser unha má copia do opresor. Romper cos reflexos condicionados polo Imperio é un acto fundamental de libertación. Significa reivindicar con orgullo as diversas identidades indíxenas, afrodescendentes e mestizas, construíndo unha narrativa cunha perspectiva propia. E sobre esa base cultural recuperada, debemos defender a educación e a saúde non como negocios ou servizos, mais como dereitos humanos inalienábeis e piares dunha sociedade xusta, radicalmente opostos á lóxica do capital que todo converte en mercadoría.

Tres frentes inseparábeis nunha mesma luita, dado que non pode existir soberanía política cunha economía escorrentada, nen soberanía económica cunha mente colonizada. Un só no gordio que debemos desatar coa forza colectiva dos nosos pobos para sermos donos do noso propio destino.

Esta é, en definitivo, a tarefa que aquí nos convocou. O suxeito final dunha nova xesta mediante a construción dun bloque histórico de pobos: operarios, camponeses, estudantes, mulleres, intelectuais,

comunidades orixinarias... Todos aqueles cuxas vidas son negadas polo sistema, cuxos recursos son arrancados polas garras do imperialismo. O dilema último para nós é sermos libres ou continuar a ser escravos, a independencia ou nada, a Patria Grande ou a colonia. Non existe posibilidade dunha terceira vía, non existe atallo posíbel na nosa tarefa histórica. O exorcismo final dos nosos fantasmas está hoxe nas nosas mans. A luta continúa até a vitoria final.

Se nos unirmos, seremos mais fortes.

Milita, estuda, debate, luta!

LUMÉ VIVØ.

.AUTØORGANIZAÇÃO ANTIIMPERIALISTA.